Existen dous datos relevantes para a recuperación do sector: en primeiro lugar, segundo datos do INE, os fogares españois gastaron no segundo trimestre, período que coincidiu co estado de alarma pola covid-19, menos do que ingresaron, o que levou a que a taxa de aforro das familias españolas se situase no 31,1%, o valor máis alto desde 1999, e en segundo lugar, segundo unha enquisa realizada por Vrbo, plataforma online experta en alugueiro vacacional para familias, o 91% das familias españolas xa ten plans de viaxe para 2021.

4.2 A DINÁMICA TURÍSTICA EN GALICIA E O IMPACTO DA COVID-19


Unha vez analizado o impacto da covid-19 a nivel macro, procedemos a ver como está a afectar esta crise á industria turística tanto a nivel de Galicia como máis concretamente a nivel provincial. A nivel autonómico, o turismo en Galicia é un sector estratéxico que representa o 10,4% do total do Produto Interior Bruto da rexión e o 11% do emprego xerado en Galicia (con 123.772 persoas ocupadas no sector en 2019, segundo datos da área de Estudos e Investigacións de Turismo de Galicia). Os principais indicadores de demanda turística reflicten cifras récord en 2019: máis de 5,1 millóns de turistas que acumularon case 11 millóns de noites nos nosos establecementos. Os datos referidos á ocupación, estancia media ou rendibilidade mostraron unha mellor evolución que a media nacional.

A estes datos tan favorables, habería que engadir que a chegada do Ano Santo en 2021 ía mellorar aínda máis o panorama turístico en Galicia. Con todo, a crise da covid-19 cambiou completamente o escenario. A modo de exemplo, o Foro Económico Galego estimaba no mes de maio de 2020 que as seis semanas de confinamento polo estado de alarma (do 15 de marzo ao 26 de abril) suporía unha perda aproximada do 5,6% do PIB de Galicia en 2020, que podería ascender ao 7,4% se o confinamento duraba 8 semanas, como finalmente foi, polo que a perda económica ascendería a máis de 4.600 millóns. Unha vez que se iniciou o desconfinamento, foise producindo un restablecemento progresivo da actividade turística. Ante isto hai que ter en conta a existencia de diversos factores que inflúen no impacto da devandita recuperación e que fan que afectan á estabilidade da situación, polo que semella complicado prever escenarios de acción.

Por outra banda, o **Clúster de Turismo de Galicia estimou que o impacto da covid-19 sobre o sector turístico galego xeraría unhas perdas de polo menos 2.476 millóns de euros, que se traducirían nunha caída do PIB turístico do 33,2% e do 3,9% no cómputo total do PIB galego no escenario máis optimista** cunha redución na chegada de viaxeiros en torno ao 50%, con caídas superiores aos 2,5 millóns de viaxeiros.

En relación co emprego, ao realizar unha radiografía da súa evolución h podemos apreciar que a nivel provincial a evolución histórica marca unha tendencia positiva no emprego do sector turístico, alcanzando cifras históricas en agosto de 2019 con 57.218 afiliados/as á seguridade social.


Gráfico 1. Evolución histórica do emprego no sector turístico 2016 - 2020



Elaboración propia a partir de datos do IGE (2021)

Ademais, realizando unha análise desagregada por sectores pódese apreciar que un dos sectores con maior peso dentro do sector turístico da provincia é o sector da restauración, que representaba en 2020 o 45,74% do emprego dentro do sector.


Gráfico 2. Distribución do emprego por subsectores turísticos 2020



Elaboración propia a partir de datos do IGE (2021)

Con todo, a crise provocada pola covid-19 tamén se pode observar nos niveis de emprego turístico da provincia de Pontevedra. En termos xerais, a crise sanitaria provocou unha caída do 8,7% no emprego do sector con respecto ao ano anterior. E se analizamos esta caída desagregada por subsectores podemos apreciar que un dos sectores máis afectados é o do aloxamento, cunha baixada do 23,17% seguido do sector da restauración cunha caída do 10,16%. A continuación, móstrase a evolución do emprego desde xaneiro de 2019 a xaneiro de 2021:


Gráfico 3. Variación do número de persoas afiliadas á Seguridade Social 2019-2020



Elaboración propia a partir de datos do IGE (2021)

Se comparamos as variacións intermensuais de 2019 (previas á crise sanitaria) e 2020 (durante a crise sanitaria) podemos apreciar o impacto da covid-19 no emprego. Durante o ano 2019, estas variacións correspóndense coas distintas tempadas do turismo, mentres que durante 2020 estas variacións se inverten xa que corresponden coas épocas de relaxación das restricións.

Gráfico 4. Comparación da variación intermensual entre 2019 - 2020



Elaboración propia a partir de datos do IGE (2021)



4.3 RADIOGRAFÍA DA PROVINCIA: OFERTA E DEMANDA

A provincia de Pontevedra é un territorio onde converxen diferentes paisaxes e que á súa vez aglutina unha ampla variedade de recursos naturais, culturais e gastronómicos con gran potencial para estruturarse en produtos turísticos e que dotan a provincia dunha identidade singular. O turista do século XXI está ávido por vivir experiencias únicas e descubrir lugares onde coñecer as raíces da sociedade local. Por iso, as Rías Baixas levan anos traballando de maneira innovadora os seus recursos turísticos para potenciar os atributos que fan deste territorio un lugar cunha identidade propia que emana a autenticidade que buscan os/as viaxeiros/as.

A modo de resumo, a provincia está composta por 61 concellos cunha poboación en 2019 (segundo datos do INE) de 942.665 habitantes, dos cales só o 4% son estranxeiros. Esta poboación supón o 34,92% do total autonómico, sendo o municipio máis poboado Vigo, con 295.364 habitantes, seguido de Pontevedra con 83.029. A nivel de xénero o 48% son homes e o 52% son mulleres.

Doutra banda, a pirámide poboacional mostra unha maioría de persoas adultas e de mediana idade. A porción da poboación de 40 a 65 anos representa o 38% e os maiores de 65 representan un 22%. Por outra banda, a idade comprendida entre 25 e 39 anos supón un 18% do total e, por tanto, o segmento poboacional de menos de 25 anos representa unicamente o 22%. En canto á distribución territorial, é importante destacar que o 40,65% da poboación vive en municipios de menos de 20.000 habitantes, o 28% da poboación en municipios de até 100.000 habitantes e finalmente o 31,33% na cidade de Vigo.

En relación á actividade económica, os datos do INE indican que durante o 2019 houbo unha media de case 372.000 persoas traballadoras na provincia, das cales o 67,89% pertencen ao sector servizos, un 20,14% á industria, o 6,62% á construción e o 5,35% restante á agricultura. A provincia tivo unha taxa de desemprego durante o 2019 do 14,29%, afectando máis as mulleres (15,54%) que os homes (13,16%).

Rías Baixas levan anos traballando de maneira innovadora os seus recursos turísticos para potenciar os atributos que fan deste territorio un lugar cunha identidade propia que emana a autenticidade que buscan os/as viaxeiros/as.



Desde un punto de vista de análise da oferta turística, ademais de Vigo e Pontevedra como principais destinos, é preciso destacar aqueles concellos que contan coa declaración de Municipio Turístico: A Guarda, Baiona, Cambados, Cangas, Mondariz Balneario, Nigrán, Poio, O Grove, Sanxenxo, Tui e Vilagarcía de Arousa.

Os datos máis recentes do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) indican que a provincia de Pontevedra conta con 5.993 aloxamentos turísticos (inclúense hoteis, pensións, aloxamentos rurais, cámpings, apartamentos turísticos, albergues, vivendas de uso turístico e vivendas turísticas), que acumulan 79.485 prazas, o que supón que case **catro de cada dez prazas de aloxamento rexistradas en Galicia atópanse na provincia de Pontevedra (37,39%)**. No caso dos hoteis, as 24.653 prazas elevan o peso da provincia ao 43,08% e, no referente ás vivendas de uso turístico as case 5.000 vivendas dispoñibles computan 26.408 prazas, que representan un 41,22% do total autonómico. Finalmente, cómpre destacar que o peso se reduce no caso de aloxamentos rurais (25,93%), pensións (20,34%) e albergues (11,87%).

A continuación móstrase a relación do peso relativo de cada tipoloxía de aloxamento na provincia de Pontevedra, segundo o Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT):

Táboa 1. Peso relativo segundo tipoloxía do establecemento na provincia de Pontevedra

	Establecementos	Prazas	% prazas
Albergues	60	1.803	2,27%
Apartamentos	103	5.100	6,42%
Cámpings	43	14.675	18,46%
Hoteis	374	24.653	31,02%
Pensións	276	4.679	5,89%
Turismo rural	143	1.773	2,23%
Vivendas Uso Turístico	4.939	26.408	33,22%
Vivendas Turísticas	55	394	0,50%
TOTAL	5993	79485	100,00%

Elaborado a partir do REAT (2021)



Se pomos o foco nos aloxamentos hoteleiros da provincia obtemos o seguinte gráfico que ten en conta tanto o número de prazas dispoñibles como o número de hoteis dispoñibles na provincia:

Táboa 2. Distribución dos establecementos hoteleiros segundo categoría

	Establecementos	Prazas	% prazas
1 Estrela	119	4401	17,85%
2 Estrela	141	7541	30,59%
3 Estrela	70	6263	25,40%
4 Estrela	41	5863	23,68%
5 Estrela	3	585	2,37%
TOTAL	374	24.653	100,00%

Elaboración propia a partir dos datos do REAT (2021)

Como conclusión pódese afirmar que en termos xerais obsérvase un perfil medio baixo de estruturas hoteleiras no territorio, mostrando un maior número de establecementos entre aqueles de categoría inferior.


Outra tipoloxía de aloxamento especialmente relevante para o destino, aínda que con menor peso relativo en número de prazas, é o turismo rural e os albergues turísticos. Estes relaciónanse con dous tipos de turismo de interese para o destino, o turismo natural e o Camiño de Santiago respectivamente. A seguir, móstrase un resumo da distribución do número de establecementos segundo a súa tipoloxía e categoría:

Táboa 3. Distribución dos establecementos de turismo rural segundo categoría

	Tipoloxía	Establecementos	Prazas
TURISMO RURAL	GRUPO A (Casas grandes, pazos, castellos, mosteiros e casas reitorais)	25	418
	GRUPO B (Casa de aldea)	117	1304
	GRUPO C (Casa de labranza)	22	243
	GRUPO D (Aldeas de turismo rural)	1	30


Elaboración propia a partir dos datos do REAT (2021)

Gráfico 5. Distribución do número de establecementos de turismo rural segundo categoría



Elaboración propia a partir de datos do IGE (2021)

Gráfico 6. Distribución do número de prazas en albergues turísticos segundo categoría



Elaboración propia a partir de datos do IGE (2021)

Táboa 4. Distribución dos albergues turísticos segundo categoría

ALBERGUES TURÍSTICOS	Categoría	Establecementos	Prazas
	2ª Categoría	60	1.586
	Albergue de peregrinos	1	24
	Albergues públicos Xacobeos	10	472

Elaboración propia a partir dos datos do REAT (2021)

A continuación, realízase unha análise da distribución no territorio das diferentes prazas de aloxamento. Tendo en conta a marcada distinción entre o litoral e o interior que existe na provincia, é importante levar a cabo unha análise da distribución da oferta de aloxamento seguindo esta división:

Concellos de costa

Catoira, Vilargarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Cambados, A Illa de Arousa, O Grove, Ribadumia, Meaño, Sanxenxo, Poio, Pontevedra, Marín, Bueu, Cangas, Moaña Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán Baiona, Oia, O Rosal, A Guarda.

Concellos de interior

Rodeiro, Agolada, Vila de Cruces, Silleda, Lalín, Dozón, A Estrada, Forcarei, Pontecesures, Cuntis, Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, A Lama, Caldas de Reis, Moraña, Portas, Barro, Meis, Ponte Caldelas, Fornelos de Montes, Covelo, A Cañiza, Crecente, Arbo, As Neves, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, Tui, Tomiño, Gondomar, O Porriño, Gondomar, Mos, Pontearreas, Mondariz- Balneario, Mondariz, Pazos de Borbén.

Táboa 5. Distribución da oferta de aloxamento segundo localización e categoría

Zona	Tipoloxía	Establecementos	Prazas
COSTA	Albergues turísticos	35	929
	Apartamentos turísticos	105	5.425
	Cámping	45	16.259
	Hotel	347	23.190
	Pensións	222	4.054
	Turismo rural	55	683
	Vivendas turísticas	5247	27.075
	Viviendas turísticas	29	206
INTERIOR	Albergues turísticos	35	1.075
	Apartamentos turísticos	7	248
	Cámping	3	588
	Hotel	60	3.387
	Pensións	103	1.598
	Turismo rural	109	1.315
	Vivendas de uso turístico	472	2918
	Vivendas turísticas	32	210

Elaboración propia a partir dos datos do IGE (2021)


Analizando a distribución das prazas e número de establecementos de aloxamento regrado, pódese afirmar que existe unha diferenza entre a tipoloxía de establecementos situados nas zonas costeiras e nas zonas de interior. Nas zonas de costa predomina a existencia de vivendas de uso turístico, seguidas polos hotéis mentres que as zonas de interior contan cunha maior concentración de prazas en aloxamentos de turismo rural e albergues turísticos. É importante destacar o peso que mostran as vivendas turísticas, tanto en número de prazas como de establecementos dentro do territorio.

O eixo principal da oferta turística no territorio de Pontevedra son os seus recursos turísticos. A provincia conta con multitude de recursos **culturais, naturais e patrimoniais** que conforman a base

dos produtos turísticos do destino.

Un dos recursos máis relevantes do territorio en termos de atracción, afluencia de visitantes e impacto, recurso que comparte con outras provincias da comunidade e que agrupa varios tipos de turismo como o turismo cultural, patrimonial e de natureza, é o **Camiño de Santiago**. Polo territorio cruzan dous roteiros oficiais do camiño: o Camiño Portugués e o Camiño Portugués da Costa, que en conxunto percorren máis de 150 quilómetros de peregrinación a través da provincia de Pontevedra. A estes roteiros engádenselle a Vía da Prata, o Roteiro do Mar de Arousa e o río Ulla, o Camiño de Inverno e por último, a Ruta do Padre Sarmiento, que non se atopa recoñecido como roteiro oficial do Camiño.

Gráfico 7. Distribución do número de prazas en aloxamentos regrados segundo localización e categoría



Elaboración propia a partir de datos do IGE (2021)



A continuación móstranse as etapas e os tramos que percorren os distintos roteiros do Camiño dentro do territorio da provincia até Santiago de Compostela:


Figura 1. Etapas e tramos dos roteiros do Camiño de Santiago na provincia de Pontevedra

	Sanxenxo	
	Meaño	
	O Grove	
	Meis	
	Cambados	
	Ribadumia	
	Vilagarcía de Arousa	
	Illa de Arousa	
	Vilanova de Arousa	
	Catoira	
	Valga	
	Pontecesures	
	Ribeira	Rodeiro
	A Pobra do Caramiñal	Penerbosa
	Boiro	Ponte Pedroso
	Dodro	Palmaz
	Padrón	Bendoiro
	Rois	Silleda
	Brión	A Bandeira
	Ames	Outeiro
		Rubial
Dozón		
Pontenoufe		
Bendoiro		
Silleda		
A Bandeira		
Outeiro		
Rubial		
Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela
VÍA DA PLATA	RUTA DO MAR DE AROUSA E RÍO ULLA	CAMIÑO DE INVERNO

Fonte: Xunta de Galicia

Os camiños que presentan unha maior relevancia en atracción de visitantes son o Camiño Portugués e o Camiño Portugués da Costa.

Figura 2. Mapa do Camiño Portugués na provincia de Pontevedra



Fonte: Turismo de Galicia

O Camiño Portugués entra en Galicia por Tui, continuando ao longo do territorio até alcanzar Santiago de Compostela. A continuación, móstranse as distintas etapas do Camiño Portugués que se poden percorrer dentro da provincia de Pontevedra segundo o tipo de vía e a capacidade dos albergues que nesta se atopan:


Figura 3. Etapas do Camiño Portugués

CAMIÑO PORTUGUÉS

Tui - Porriño



O Porriño - Redondela



Redondela - Pontevedra



Pontevedra - Caldas de Reis



Caldas de Reis - Padrón



Fonte: Turismo de Galicia


Figura 4. Etapas do Camiño Portugués da Costa

CAMIÑO PORTUGUÉS DA COSTA

A Guarda - Oia




Oia - Baiona



Baiona - Vigo



Vigo - Redondela



Fonte: Turismo de Galicia



Outro dos elementos máis importantes dentro do patrimonio cultural que teñen as Rías Baixas son os Bens de Interese Cultural (BIC) que están regulados pola Lei 5/2016 (art. 22) do Patrimonio Cultural de Galicia. O destino Rías Baixas conta con:



253

Monumentos



2

xardíns
históricos



1

Sitio
histórico



17

xacemen-
tos ou zonas
arqueolóxicas



1

Lugar de valor
etnográfico



7

Conxuntos
históricos



3

Paisaxes
culturais

**Pontevedra conta con
multitud de recursos culturais,
naturais e patrimoniais
que conforman a base dos pro-
ductos turísticos do destino.**

Tamén é relevante destacar os 11 **xardíns do Roteiro da Camelia**: Pazo de Gandarón, Pazo de Oca, Pazo de Lourizán, Pazo da Saleta, Xardíns do Palacio Provincial de Pontevedra, Estación Fitopatolóxica do Areeiro, Pazo de Quintero da Cruz, Castelo de Soutomaior, Parque do Castro, Pazo Museo Quiñóns de León e Pazo de Rubiáns.

En relación ao patrimonio natural é importante destacar os seguintes recursos:

Parque Nacional Marítimo Terrestre (Illas Cíes, Illas Ons, Sálvora e Cortegada).

Parque Natural Monte Aloia.

Monumento Natural: Fraga de Catasós.

Zona Húmida (RAMSAR): Complexo intermareal Umia O Grove

3 Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA): Complexo Intermareal Umia - O Grove, Espacio Mariño das Rías Baixas de Galicia e Esteiro do Miño.

5 Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) - Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN): Costa da Vela, A Ramallosa, Baixo Miño, Brañas de Xestoso e Cabo Udra.

300 quilómetros de litoral con 53 Praias con Bandeira Azul.

34 Sendas Homologadas pola Federación Galega de Montañismo (FGM).



Outro dos elementos nos que a provincia de Pontevedra é líder é no tocante ás festas e festivais. Os **festivais das Rías Baixas** foron nos últimos anos un gran apoio para a consolidación da marca Rías Baixas como destino cultural, así como para poder activar os procesos de desenvolvemento local na provincia de Pontevedra. A provincia de Pontevedra é un territorio de festivais de música que aos poucos foi situándose a través de festivais como: PortAmérica, Vive Nigrán, Atlantic Fest, Sinsal, SonRías Baixas, O Marisquiño e Revenidas, creando así o RíasBaixasFest, cunha personalidade propia e localizacións únicas no destino.

Tendo en conta este gran peso estratéxico, creouse un Plan de Xestión de Turismo de Festivais para que, a partir dunha análise e diagnóstico da situación, fose posible implantar unha metodoloxía de traballo que facilite a toma de decisións.

Por suposto, **a gastronomía non pode faltar** xa que é un dos atributos máis relevantes das Rías Baixas e polo que moitos e moitas visitantes e turistas deciden pasar as súas vacacións no territorio. Algúns dos elementos máis destacados a este respecto son:



5 subzonas de Denominación de Orixe (DO) RIAS BAIXAS.

7 Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP)

Castaña de Galicia, Grelos de Galicia, Lacón Galego, Mel de Galicia, Patata de Galicia, Torta de Santiago, Tenreira Galega.

4 bebidas espirituosas con Indicación Xeográfica

Aguardente de Galicia, Augardente de herbas de Galicia, Licor café de Galicia, Licor de herbas de Galicia.

4 Denominacións de Orixe Protexida (DOP)

Mexillón de Galicia, Pemento de Herbón, Queixo tetilla e Queixo Arzúa-Ulloa.

4 Denominación Origen Protegida (DOP)

Mexillón de Galicia, Pemento de Herbón, Queso Tetilla e Queso Arzúa-Ulloa.

7 estrelas Michelin:

Culler de Pau (conta con 2 estrelas Michelin), Silabario, O Eirado, Yayo Daporta, Casa Solla, Pepe Vieira-Camiño da Serpe, Maruja Limón.

25 Soles Repsol


Casa Solla, Culler de Pau, D'Berto, Maruja Limón, Pepe Vieira-Camiño da Serpe, Yayo Daporta, Eirado da Leña, Silabario, A Ultramar-Pepe Vieira, Alameda 10, Alcabre, Bitadorna A Guarda, Brasería Sansibar, Casa Román, Detapaencepa, Doade, La casa de las 5 puertas, La Molinera, Taberna de Rotilio, Os Abetos, Malauva Wine Bar, Mauro, Meloxeira, Nordés, Vinoteca Bagos.

Un punto clave para o destino, que afecta en gran medida á calidade da súa oferta turística, son as comunicacións tanto entre os puntos de entrada de visitantes no destino como entre os distintos puntos turísticos do territorio.

En primeiro lugar, debemos analizar as vías de entrada ao destino utilizadas polas persoas visitantes. A situación xeográfica da provincia permite ao territorio contar con accesos a través das principais liñas terrestres e tres aeroportos nun radio de 125-150 quilómetros. A pesar disto, para lograr unha óptima conectividade da oferta turística débese traballar na intermodalidade e a conexión de destinos de difícil acceso. A continuación imos realizar unha análise dos diferentes tipos de comunicacións na provincia:

Canto ás **comunicacións terrestres**, o territorio conta cun dos eixos vertebradores da conexión co destino, a AP-9, que permite a conexión de Galicia de norte a sur (Ferrol - Tui). A maiores, o territorio conta con conexións cos principais mercados emisores do territorio a través de vías de alta capacidade como a A-52 que conecta as Rías Baixas coa meseta e a A-5 que conecta con Portugal a través da fronteira de Tui. Ademais, destácanse outras vías relevantes como a conexión pola estrada nacional N-550 que cruza a provincia até Tui e as conexións provinciais, PO-552 (Tui - Baiona) e PO-340 (Gondomar - Tui), pertencentes á Rede Provincial de Estradas, xestionada pola Deputación de Pontevedra.

Figura 5. Mapa da Rede Provincial de Estradas. Provincia de Pontevedra



Fonte: Deputación de Pontevedra

No que respecta ás conexións por tren, estas teñen unha menor relevancia no transporte de viaxeiros/as, especialmente naqueles destinos que están afastados dos grandes núcleos urbanos. Con todo, prevese que esta tendencia se modifique no futuro próximo coa conexión da provincia coa Comunidade de Madrid a través do AVE. Na actualidade, o territorio das Rías Baixas conta coas seguintes estacións:

Figura 6. Relación de estacións de tren na provincia de Pontevedra

Arbo	Filgueira	Pontevedra Universidade	Salvaterra
Arcade	Frieira	Pontevedra	Sela
As Neves	Guillarei	Portela	Tui
Caldelas	Lalín	Pousa-Crecente	Vigo Guixar
Catoira	O Porriño	Redondela Picota	Vigo Urzaiz
Cesantes	Pontecesures	Redondela	Vilagarcía de Arousa

Elaboración propia a partir de datos de RENFE



O maior volume de pasaxeiros atópase nas estacións de Vigo (Vigo Guixar e Vigo Urzaiz) que en 2018 recibiron 1.117.672 pasaxeiros, a través dunha das súas conexións principais, a que une Vigo con Santiago de Compostela, considerada un dos principais fluxos de viaxeiros a nivel nacional. Segundo o Observatorio do Ferrocarril, esta liña trasladou a 336.128 pasaxeiros en 2018, o que supón un incremento do 2,3% con respecto ao ano 2017. Entre o resto das estacións destacan as estacións de Pontevedra (822.882 pasaxeiros en 2018) e Vilagarcía de Arousa (654.115 pasaxeiros en 2018).

Prevese que debido á crise sanitaria se reduza esta tendencia á alza. Porén, aínda non contamos con datos reais que o confirmen. O resto de estacións contan con conexións menos relevantes, cunha menor frecuencia e menor número de pasaxeiros. É importante resaltar que unha gran parte das devanditas estacións son facultativas. A nivel nacional e internacional existen conexións directas diarias con Madrid, cruzando a Comunidade de Castela e León e co Porto, en Portugal.

En relación co tráfico marítimo de pasaxeiros, cabe destacar que Pontevedra é a provincia co maior número de portos de pasaxeiros de Galicia. En total, a provincia alberga 13 portos de pasaxeiros: Baiona, Bueu, Cangas, Cesantes, San Adrián de Cobres, Moaña, O Grove, Corbaceiras, Portonovo, Tragove e Vilanova de Arousa, reservando unha mención especial para os portos das Illas Atlánticas (Illas Cíes e Illa de Ons) que contan con liñas regulares que saen desde destinos próximos como Vigo, Cangas, Baiona, Sanxenxo e Portonovo.

Para a contabilización de pasaxeiros, faise unha distinción entre os barcos en tránsito procedentes principalmente de mercados estranxeiros (francés, británico e irlandés) e os pasaxeiros das liñas regulares. Segundo o informe de Portos de Galicia de 2019, en total, os portos da provincia de Pontevedra acumularon 1.537.579 pasaxeiros, o que supón o 98,89% dos pasaxeiros totais contabilizados durante o 2019 na comunidade de Galicia, dos cales o 67,53% proveñen da liña regular de transporte Cangas - Vigo.


En relación coa recepción de barcos en tránsito, destaca o porto de Baiona cun total de 725 barcos contabilizados en 2019, seguido de Moaña (298) e Cangas (237). Entre os portos da provincia destaca principalmente, debido á súa actividade de cruceiros, o porto de Vigo que durante 2019 acolleu a 141.695 cruceiristas, o que supón un 8% menos que os recibidos durante 2018. Actualmente non se conta cunha planificación de cruceiros para o ano 2021.



No relativo ás **conexións aeroportuarias** destaca o aeroporto de Peinador situado no Concello de Vigo, seguido do aeroporto Sá Carneiro do Porto a 120 quilómetros de Tui e o aeroporto de Lavacolla (Santiago de Compostela) situado a 100 quilómetros da cidade de Vigo. Estes aeroportos son de especial relevancia para o destino, dado que a pesar de contar cun aeroporto propio na provincia, os principais fluxos turísticos proveñen destes puntos de entrada debido á proximidade e ao maior volume de tráfico de pasaxeiros dos mesmos.

Os principais fluxos turísticos proveñen destes puntos de entrada debido á proximidade e ao maior volume de tráfico de pasaxeiros dos mesmos.

Gráfico 8. Evolución do número de pasaxeiros en aeroportos 2012-2020



Elaboración propia a partir dos datos de AENA (2020) e ANA (2019)

Pódese apreciar unha mellora no número de pasaxeiros no aeroporto de Peinador a partir de 2014, chegando ao seu pico máximo en 2018. O ano 2019 mostra resultados negativos comparados co ano anterior, que se corresponden coa marcha da compañía Ryanair do aeroporto vigués.

En termos xerais, os resultados para a anualidade de 2020, mostran **o alto impacto negativo da crise sanitaria actual con caídas de entre o 60 e o 70% no número de pasaxeiros**. A proximidade con estes aeroportos pode considerarse unha vantaxe competitiva debido á maior facilidade de redirección dos fluxos turísticos grazas á proximidade do destino.

Finalmente, é importante destacar o esforzo que se fai desde o Servizo de Turismo das Rías Baixas en materia de **calidade**. Desde o ano 2006, a provincia dispón da distinción SICTED (Sistema de Calidade Turística en Destino) que ten como obxectivo mellorar a experiencia dos/as turistas nun destino. O SICTED Rías Baixas supón unha oportunidade de consolidación do destino como referente en calidade turística, para mellorar o posicionamento do propio destino e dos seus servizos. Conta con máis de 300 empresas certificadas en diferentes oficios, que recoñecen o esforzo e compromiso coa calidade homoxénea dun destino, e representa unha vantaxe competitiva e de diferenciación fronte a outros axentes do sector.

En relación coa calidade tamén é importante mencionar que desde o Servizo de Turismo das Rías Baixas se lideran os distintivos Q de Calidade turística seguindo a norma UNE-ISO 14785:2018 de oficinas de turismo. As oficinas de turismo xestionadas polo propio servizo de Turismo, Palacete das Mendozas e Mosteiro de Armenteira, foron as pioneiras de Galicia en certificarse no ano 2014, e en 2015 incorporouse ao punto de información turística do Aeroporto de Vigo. No ano 2018 créase a Rede de oficinas INFO RIASBAIXAS, baixo o obxectivo de impulsar as accións de promoción do destino coa aposta por unha oferta turística de calidade mediante a unificación da prestación do servizo de atención ás persoas visitantes.





DEMANDA TURÍSTICA

Neste apartado realízase unha caracterización da demanda turística do territorio reflectida a través dos datos evolutivos da demanda nos tipos de aloxamentos principais no destino, o que permite ver a súa evolución nos últimos anos.

Unha vez analizada a situación da oferta turística das Rías Baixas, procedemos a realizar unha radiografía sobre a **evolución da demanda turística** da provincia. Como se aprecia na táboa seguinte, o número de viaxeiros tivo unha clara evolución positiva desde o 2015, até o 2019, pasando de 1.347 miles de viaxeiros a 1.758 miles de viaxeiros no 2019; con todo, a estadía media descendeu levemente estes anos.

Por outra banda, se vemos os datos do 2020, apréciase un acusado descenso derivado da crise sanitaria que provocou unha caída do 68,25% no cómputo total de viaxeiros, sendo máis acentuada a caída entre os viaxeiros internacionais, cun 85,57% menos. As pernoitas seguiron unha tendencia similar cunha caída total do 69,56%. A estadía media segue a tendencia dos últimos anos aínda que mostra un descenso máis pronunciado.

Táboa 6. Evolución do número de viaxeiros/as e pernoitas 2015 - 2020

	2015	2016	2017	2018	2019	2020
VIAXEIROS						
Total viaxeiros	1.347.893	1.522.948	1.692.857	1.645.424	1.758.072	558.170
Residentes en España	1.109.125	1.204.034	1.321.533	1.257.667	1.315.283	494.281
Residentes no estranxeiro	238.769	318.914	371.326	387.757	442.789	63.888
PERNOCTACIONES						
Total pernoitas	3.420.273	3.898.768	4.286.940	4.164.714	4.382.092	1.333.585
Residentes en España	2.927.934	3.251.777	3.548.419	3.392.140	3.516.352	1.187.666
Residentes no estranxeiro	492.339	646.992	738.521	772.575	865.740	145.921
ESTADÍA MEDIA	2,54	2,56	2,53	2,53	2,49	2,05

Elaboración propia a partir dos datos do INE (2021)

Dos máis de 4 millóns de pernoitas que tivo o destino durante o 2019, o 79,3% foron en hoteis, sendo a segunda opción elixida os cámpings cun 13,7% do total seguidos dos apartamentos turísticos (4,4%) e un 2,7% que escolleron un aloxamento de turismo rural, segundo datos do IGE. Canto á procedencia dos turistas o 80,3% dos turistas que visitaron as Rías Baixas

no 2019 foron residentes en España e un 19,7% de procedencia internacional. Na seguinte táboa podemos ver a distribución dos principais mercados emisores de turistas nacionais para a provincia de Pontevedra comparando os anos 2015 e 2019:

Táboa 7. Evolución do número de viaxeiros/as e pernoitas nos principais mercados emisores 2015 - 2020

	VIAXEIROS		PERNOITAS	
	2019	2015	2019	2015
Galicia	38,72	40,00	32,36	31,87
Madrid, Comunidade de	16,06	15,36	18,34	17,47
Castela e León	9,56	8,80	10,60	9,90
Asturias, Principado de	6,52	6,32	7,33	7,16
Andalucía	5,71	5,61	5,98	6,67
Cataluña	5,21	4,87	4,80	4,79
País Vasco	3,80	4,81	4,64	5,08
Comunitat Valenciana	3,02	3,28	3,39	3,70
Castela - A Mancha	2,78	2,41	3,01	2,97
Canarias	1,76	1,11	1,84	1,64

Elaboración propia a partir dos datos do INE (2021)



Dos máis de 4 millóns de pernoitas que tivo o destino durante o 2019, o 79,3% foron en hoteis.

Como se comentou anteriormente, na data de elaboración deste documento aínda non se dispuña de datos definitivos do 2020 para poder ver o impacto da covid-19. Con todo, para analizar o tremendo impacto que está a causar a covid-19 na industria turística da provincia de Pontevedra realízase unha comparativa no número de viaxeiros e o número de pernoitas no conxunto dos establecementos regrados dos tres primeiros trimestres do 2019 e do 2020, segundo datos do INE:

Táboa 8. Comparativa do número de viaxeiros/as e pernoitas 2019 – 2020 na provincia de Pontevedra

	Xan-Set 2019	Xan-Set 2020	Variación interanual
VIAXEIROS	1.447.619	630.217	-56,47%
PERNOITAS	3.746.200	1.767.168	-52,83%

Elaboración propia a partir dos datos do INE (2021)


Segundo os datos do INE, durante o ano 2019 os hoteis e pensións da provincia de Pontevedra recibiron 1.210.525 viaxeiros, que acumularon un total de 2.883.179 pernoitas. En 2020 estes valores víronse diminuídos alcanzando un total de 478.532 visitantes, que acumularon 1.167.910, o que supón unha caída de 59,49% en pernoitas con respecto ao ano anterior.

Táboa 9. Comparativa do número de viaxeiros/as e pernoitas 2019 – 2020 na provincia de Pontevedra

	Xan-Set 2019	Xan-Set 2020	Variación interanual
VIAXEIROS	1.210.525	478.532	-60,47%
PERNOITAS	2.883.179	1.167.910	-59,49%


Elaboración propia a partir dos datos do INE (2021)

Gráfico 9. Variación interanual no número de viaxeiros/as 2016 - 2020



Elaboración propia a partir dos datos da AEIT (2021)


Gráfico 10. Variación interanual no número de viaxeiros/as 2016 - 2020 na comunidade de Galicia e a provincia de Pontevedra



Elaboración propia a partir dos datos da AEIT (2021)

Podemos apreciar que a caída en pernoitas nos establecementos hostaleiros foi lixeiramente inferior á ocorrida na comunidade.

Gráfico 11. Evolución de demanda hostaleira en 2019 e 2020 na provincia de Pontevedra segundo a categoría do establecemento



Elaboración propia a partir dos datos da AEIT (2021)


A continuación hacemos a mesma análise comparativa, pero vendo o impacto en cámpings e apartamentos turísticos:

Táboa 10. Comparativa do número de viaxeiros/as e pernoitas en cámpings 2019–2020 na provincia de Pontevedra

	Xan-Set 2019	Xan-Set 2020	Variación interanual
VIAXEIROS	158.456	106.975	-32,49%
PERNOITAS	582.374	407.119	-30,09%

Elaboración propia a partir dos datos do INE (2021)





APARTAMENTOS TURÍSTICOS

Táboa 11. Comparativa do número de viaxeiros/as e pernoitas en apartamentos turísticos 2019–2020 na provincia de Pontevedra

	Xan-Set 2019	Xan-Set 2020	Variación interanual
VIAXEIROS	36.729	25.346	-30,99%
PERNOITAS	180.513	135.468	-24,95%

Elaboración propia a partir dos datos do INE (2021)

Cómpre facer unha mención especial á demanda vinculada ao Camiño de Santiago. Actualmente non se dispón de datos estatísticos para os anos 2019–2020 sobre a demanda dos distintos roteiros do camiño, pero, a partir da análise dos datos mensuais da Oficina do Peregrino, pódese apreciar un acusado descenso nas cifras de peregrinos e peregrinas, no mes de xuño rexistráronse 12 entradas polo que se calcula aproximadamente unha caída total do 84,5% con respecto ao ano 2019, así como un cambio na procedencia das persoas visitantes, que pasaron de ter unha procedencia marcadamente internacional a unha case exclusivamente europea.

4.4. CONTORNA COMPETITIVA

Unha vez analizada a situación da industria turística no territorio das Rías Baixas, procédese a realizar unha análise da situación dos principais destinos competidores. Antes de proceder coa análise, cabe mencionar que o Servizo de Turismo das Rías Baixas desenvolveu unha análise competitiva dos principais destinos competidores en redes sociais a través de ferramentas de intelixencia turística. As principais conclusións móstranse no apartado “5.3.2- Intelixencia turística aplicada á xestión da marca e posicionamento”.



É importante destacar que debido á situación provocada pola covid-19 e o horizonte temporal deste plan estratéxico (2021-2023), imos centrarnos na análise competitiva de destinos de proximidade dado que debido ás restricións sanitarias, o máis probable é que o potencial turista escollerá destinos relativamente próximos ao seu lugar de residencia. Evidentemente, o comportamento negativo da demanda afectou a todas as Comunidades Autónomas, aínda que existen diferenzas de intensidade. No conxunto de España, o descenso é do 66% para o número de viaxeiros aloxados e do 69% para o volume de noites, polo que neste apartado analizaremos o impacto da covid-19 nos destinos competidores para ver o seu comportamento durante os últimos meses.

Á hora de seleccionar aqueles destinos potencialmente competitivos identificamos primeiramente os produtos turísticos nos que competimos no momento que unha persoa visitante está a escoller o seu próximo destino. Estes produtos turísticos son os seguintes:



TURISMO DE SOL E PRAIA

O turismo de sol e praia ten unha gran influencia na economía española e, a pesar de que é un dos principais motivos á hora de escoller un destino, este tipo de produto mostra certos signos de madurez polo que se fai necesario traballar para **renovar a oferta**. Algúns dos retos que se deben abordar son: a mellora da calidade paisaxística e ambiental, identificar potenciais puntos de saturación, especialmente nas contornas naturais dado que son os recursos máis demandados polas persoas visitantes en tempos da covid-19, **e potenciar os atributos identitarios dos destinos**. Outro reto importante é **traballar na desestacionalización** dos destinos fóra da tempada estival potenciando outros tipos de produtos turísticos en destino de praia como o turismo de saúde, a cultura e a gastronomía.



TURISMO CULTURAL

Este produto turístico segue consolidándose ano tras ano, aínda que aínda existe moita marxe de crecemento. **Este produto caracterízase pola súa baixa estacionalidade e un maior nivel de gasto por persoa**. Os principais retos que debemos afrontar son a mellora dos procesos de xestión xunto cunha maior articulación e promoción dos recursos dentro deste segmento así como a continuación na mellora da accesibilidade universal dos recursos turísticos.



TURISMO DE REUNIÓN, CONGRESOS E INCENTIVOS

Aínda que puidese parecer que debido á covid-19 e á implementación de ferramentas online para o teletraballo, o sector MICE correse o risco de sufrir unha caída de difícil recuperación, nas mesas de validación con expertos do sector, un **gran consenso foi que unha vez normalizada a situación, o contacto persoal para as reunións verase reforzado e por tanto o sector MICE continuará sendo un segmento importante que se deberá seguir apoiando.**



TURISMO ENOGASTRONÓMICO E DE SAÚDE

Sen dúbida, o segmento relacionado coa saúde (entendendo a gastronomía como un elemento clave na saúde) é un dos que máis demanda ten e terá nos próximos meses. É por iso, que as Rías Baixas teñen unha **oportunidade in mellorable para situar os seus recursos e destinos debido aos atributos inherentes que teñen na materia e á fabulosa gastronomía local**, xa moi ben situada na mente dos visitantes e turistas.



TURISMO NÁUTICO

O turismo náutico é un dos segmentos de maior crecemento nos últimos anos. Os principais retos a abordar son seguir traballando para a mellora do marco xurídico-administrativo relacionado con estas actividades, así como **seguir reforzando o compromiso coa calidade e profesionalización destes servizos, para a innovación do produto e a creación de experiencias**, mediante a súa combinación con outras actividades.



TURISMO ACTIVO

Este é outro dos segmentos con maior potencial de crecemento na provincia debido ás características do territorio e á diversidade de recursos existentes. Os principais retos que se deben abordar son o **desenvolvemento de experiencias únicas que coidan a calidade e o detalle, a mellora da comercialización de produtos rurais e activos, a harmonización da oferta e finalmente seguir mellorando na xestión a través da formación e capacitación no sector.**

A continuación procédese a analizar os diferentes destinos competidores das Rías Baixas. A información que se mostra a continuación foi elaborada a partir das webs de turismo dos destinos:

A CORUÑA

É un dos territorios máis próximos, presentando grandes similitudes coas características e produtos ofrecidos na provincia de Pontevedra. É un territorio no que destacan os seus numerosos recursos naturais, dun paisaxismo marcadamente agreste, así como unha oferta cultural liderada polos seus recursos Patrimonio da Humanidade e especialmente ligada ao mar.

A Coruña ten como bandeira o faro da Torre de Hércules, declarado Patrimonio da Humanidade. Destacan ademais os coidados xardíns de San Carlos e Mendéz Núñez e o monte de San Pedro, así como a Cidade Vella e a praza de María Pita. O recurso por excelencia en Santiago de Compostela é a Catedral de Santiago e o seu centro histórico, cumio do Camiño de Santiago. Son de especial interese as vilas pesqueiras situadas no litoral, berce da cultura mariñeira, como Malpica de Bergantiños, Camariñas, Ribeira ou Fisterra, onde o seu faro marca o fin do mundo en occidente. Os seus recursos máis destacables están no ámbito natural, con especial énfase nas zonas de costa onde destacan o Monte Pindo coa ferverza do Ézaro, os cantís de Vixía de Herbei-

ra, o complexo dunar de Corrubedo ou as pedras da Barca. Estes recursos son visitables a través de multitude de roteiros de sendeirismo que sucun o territorio, tanto na zona de costa, onde destaca o Roteiro dos Faros, como no interior, coas Fragas do Eume como produto estrela.

No relativo á gastronomía cómpre mencionar as máis de 60 festas e feiras gastronómicas celebradas ao redor de produtos de km0, que son un referente para o turismo local, como a festa do percebe de Rinlo, os pementos de Padrón e de Herbón ou a festa do polbo.

O sector turístico da provincia da Coruña sufriu as consecuencias da crise sanitaria mais cunha intensidade menor que no resto do país. **O número de pernoitas nos establecementos hostaleiros reduciuse nun 47% en 2020, fronte ao 62% na provincia de Pontevedra. Segundo datos do INE, a redución no número de viaxeiros mostra unha baixada máis acusada, cun descenso do 51%.**

PAÍS VASCO

O País Vasco é un pequeno territorio que alberga un gran número de recursos turísticos, onde a tradición e os costumes fusiónanse coa innovación. Isto reflíctese na súa arquitectura, os seus museos e a súa gastronomía, cunha vintena de establecementos con estrelas Michelin.

Bilbao é unha cidade reinventada na que a arte contemporánea do Museo Guggenheim non deixa ninguén indiferente. Tampouco a súa Cidade Vella e as Sete Rúas, a ría de Bilbao e as pontes e pasarelas que unen o Bilbao novo co antigo ou o Mercado da Ribeira. Un símbolo de San Sebastián-Donostia é a Praia da Concha, a práctica de actividades náuticas, os pintxos, o Museo Cristóbal Balenciaga e a súa vida cultural, que alberga os prestixiosos festivais internacionais de cinema e jazz. Os principais atractivos de Vitoria-Gasteiz son a súa zona antiga e a Catedral de Santa María, os seus pintxos e doces típicos.





En relación cos recursos naturais, cabe destacar o máis de medio centenar de praias que salpican a súa costa, polivalentes e propicias para actividades como o surf e o bodyboard, en praias como Zarautz, Bakio e Laidatxu. O interior destaca pola súa cor verde e alberga a Reserva da Biosfera de Urdaibai, o Xeoparque da Costa Vasca e as paisaxes de viñedos da Rioxa Arabesa. A cultura é tamén un dos seus principais atractivos e cómpre mencionar o Santuario da Virxe de Guadalupe de Hondarribia, Santa Catalina de Mundaka e San Telmo de Zumaia. Outros atractivos son a ermida de San Juan de Gazte, a Casa de Encontros de Gernika, o Camiño Ignaciano, o Museo Guggenheim e o Museo de Belas Artes de Bilbao, entre outros. Finalmente, no relativo á enogastronomía, cabe mencionar o Club de Produto Euskadi Gastronomika, unha rede de establecementos que cumpren determinados criterios de esixencia e compromiso. Tamén destacan os 22 establecementos con estrela Michelin, os seus pintxos, os mercados de abastos, o viño da Rioxa Arabesa e a sidra.

O impacto da covid-19 no País Vasco foi, como no resto do país, moi intenso dado que o **número de visitantes e pernoitas nos establecementos hoteleiros de Euskadi ao longo do 2020 caeron máis do 61% como consecuencia da crise sanitaria. O ano 2020 terminou co 41,1 % dos hoteis completamente pechados** no territorio e calcúlase que o número de turistas experimentou un descenso de case 2 millóns respecto ao 2019, situándose en 1,2 millóns de visitantes.

ASTURIAS

O territorio asturiano ten un alto valor ambiental marcado pola diversidade de paisaxes entre costa e montaña, moi próximos entre si. Ademais dunha oferta cultural ligada aos seus recursos Patrimonio da Humanidade e produtos alimenticios e enolóxicos moi arraigados que constitúen un elemento diferenciador do destino.

Os principais atractivos de Oviedo son a cidade antiga e a súa catedral, a arte prerrománica e unha intensa vida cultural que culmina cos Premios Princesa de Asturias. Doutra banda, en Xixón destacan o barrio pesqueiro de Cimadevilla, as praias de San Lorenzo e Poniente, a Cidade da Cultura, o Centro de Arte e Creación Industrial e o Xardín Botánico. En Avilés, a zona antiga, a Ría de Avilés e o Centro Niemeyer son unha visita obrigada.

Un terzo da superficie de Asturias está protexida e por tanto convértese nun territorio ambientalmente exemplar que dá lugar a centos de roteiros peonís e conta ademais con 345 km de costa e máis de 200 praias. Destacan o Parque Nacional dos Picos de Europa e os Lagos de Covadonga. Asturias posúe unha importante oferta cultural que se reflicte na abundancia de Sitios Patrimonio da Humanidade declarados pola UNESCO, arte prerrománica e asturiana, arte rupestre, o Museo de Belas Artes de Asturias, os Castros de Navia, a Fonte de Foncalada, a Cámara Santa da Catedral de Oviedo e as rutas do Camiño de Santiago. No referente á gastronomía, destacan os produtos asturianos que son un referente do destino. Entre eles destacamos as sopas e os guisos, verduras como as xudías, a sidra, símbolo de identidade,

o viño de alta montaña baixo o nome de Cangas Quality Wine e máis de 40 variedades de queixos artesanais, entre eles o queixo de Cabrales.

En relación á situación do sector no **2020, Asturias é, en concreto, o destino que mellor soubo afrontar este ano de crise rexistrando un descenso do 39% no volume de pernoitas en aloxamentos regulados. A nivel de establecementos hostaleiros tiveron unha caída do 50,5% fronte ao 61% que houbo en Galicia. É significativo que no eido do turismo rural, Asturias caeu un 25,8% fronte ao 57,4% de Galicia.**



CANTABRIA

É un territorio marcado por un legado cultural incomparable ligado á arqueoloxía e á arte rupestre. Conta ademais con espazos naturais de gran valor e moi diferenciados entre si, cun litoral bañado polo Cantábrico dando lugar a numerosos cantís e unha zona montañosa presidida pola Cordilleira Cantábrica.

Santander sitúase nunha paisaxe privilexiada dominada por espazos verdes e unha decena de praias, entre as que se atopan as de Mataleñas, Sardinero e Magdalena. Os edificios máis significativos da cidade son o Palacio Real da Magdalena, o Hotel Real e o Gran Casino. Cabe mencionar o Festival Internacional de Santander, cunha forte proxección internacional.

En relación cos recursos naturais, existe un importante abano de paisaxes e contornas, marcado por máis de 220 km de costa onde abundan os cantís e existen máis de 90 praias, entre as que salientamos a praia de El Sardinero, Oyambre e Salvé. Destacan ademais os vales e a súa serra, que culmina nas torres dos Picos de Europa, así como un gran número de espazos naturais protexidos, que conservan un estado de total pureza. En Cantabria sitúase

o Parque Natural de Cabárceno, que é o parque de animais máis grande de Europa. Na parte cultural destaca o patrimonio artístico rupestre de Cantabria, que é un dos máis importantes do mundo, con 10 covas declaradas Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, entre elas a Cova de Altamira. Cantabria alberga tamén importantes e variadas mostras arquitectónicas e artísticas de orixe prerrománica, gótica, románica, contemporánea, etc. Entre os alicerces fundamentais da gastronomía cántabra destacan os seus queixos, o sobao pasiego, a carne do Cantábrico, as patacas Valderredible, os pementos de Isla, a augardente de Liébana, os viños do Cantábrico, o marisco, o puchero de montaña e o cocido libanés.

Do mesmo xeito que en Asturias, **Cantabria tamén tivo un descenso drástico nas estatísticas turísticas aínda que o impacto foi máis suave que no resto de España. Segundo datos do INE, Cantabria tivo un descenso do 52% situándose a cifra de visitantes en 631.000 persoas e a de pernoitas en 1.355.158.**


Antes de continuar coa análise do Porto e o Norte de Portugal preséntanse unhas gráficas comparativas do comportamento do número de visitantes e de pernoitas nestas rexións segundo datos recentemente publicados polo INE:

Táboa 12. Comparativa en número de visitantes 2019-2020 en destinos competidores

Nº VIAXEIROS	2020	2019	DIF	%
Provincia da Coruña	635.023	1.302.548	-667.525	-51%
Asturias	846.646	1.781.634	-934.988	-52%
Cantabria	631.806	1.321.721	-689.915	-52%
Provincia Pontevedra	559.705	1.508.104	-948.399	-63%
País Vasco	1.260.419	3.200.387	-1.939.968	-61%

Elaboración propia a partir dos datos do INE (2021)

Gráfico 12. Evolución do número de viaxeiros/as 2019-2020 en destinos competidores




Elaboración propia a partir de datos do INE (2021)

Táboa 13. Comparativa en pernoitas 2019-2020 en destinos competidores

Nº PERNOITAS	2020	2019	%
A Coruña	1.937.474	3.686.239	-47%
Asturias	1.853.115	3.745.385	-51%
Cantabria	1.355.158	2.937.345	-54%
Provincia Pontevedra	1.338.327	3.494.310	-62%
País Vasco	2.387.734	6.169.669	-61%

Elaboración propia a partir dos datos do INE (2021)

Gráfico 13. Evolución de pernoitas 2019-2020 en destinos competidores



Elaboración propia a partir de datos do INE (2021)

O PORTO E NORTE DE PORTUGAL

A rexión do norte de Portugal alberga a cidade do Porto, declarada Patrimonio da Humanidade, punto de partida dunha viaxe pola diversidade cultural e natural. O río Douro atravesa esta rexión entre montañas e barrancos onde se cultiva o viño característico do Porto e Douro.

O Porto é unha das cidades máis antigas do país e os seus principais atractivos inclúen a Casa do Infante, a monumental Igrexa de San Francisco de Asís, o Palacio da Bolsa, as rúas de Ribeira e Miragaia, a Casa da Música e o Museo de Arte Contemporánea de Serralves, así como un obrigado percorrido en tranvía contemplando o río Douro e a visita ás adegas para degustar os seus famosos viños.

Canto aos recursos naturais destaca a beleza das paisaxes e as súas reconstituíntes augas termais, así como o seu litoral repleto de praias de area dourada e os seus ríos propicios para a práctica de deportes. Tamén conta co Parque Nacional Peneda-Gerês e os Parques Naturais do Douro Internacional, Alvão ou o Geoparque Arouca, así como excelentes campos de golf e fermosas zonas de viñedos. O patrimonio cultural distribúese en edificacións como castelos, santuarios e igrexas. Destacan o centro histórico do Porto e Guimarães, ambos os declarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. Nesta rexión tamén se atopan os lugares de Braga e Fátima, os principais centros de turismo relixioso do país e mundialmente famosos. Finalmente cómpre dicir que este destino posúe unha gastronomía ligada aos produtos do mar e da terra, na que destacan as zonas vitivinícolas onde se produce o viño do Porto e Douro. Outros produtos característicos son o aceite de oliva ou a alheira (embutido elaborado con pan relado e diversas carnes picadas aderezadas con allo).



4.5 ANÁLISES ESTRATÉXICAS (DAFOS)

Tal como se comentou na sección de misión e obxectivos deste plan estratéxico, a certificación como Destino Turístico Intelixente (DTI) por parte das Rías Baixas é un dos eixos principais sobre os que vira esta estratexia, por tanto, neste apartado describiranse cales son os puntos fortes e oportunidades nas que está a traballar o territorio das Rías Baixas, así como as xanelas de mellora que se presentan no seu proceso de transformación en DTI. **Para a realización desta análise estratéxica procedeuse a realizar unha análise DAFO (debilidades-ameazas-fortalezas-oportunidades) para cada un dos eixos que compoñen o DTI** e preséntanse a continuación os principais resultados. Para finalizar, é importante lembrar que no apartado 5.4 deste documento analízase en profundidade a estratexia de turismo intelixente do destino.

DEBILIDADES



1.

GOBERNANZA

Os procedementos de xestión, innovación e accesibilidade deben documentarse formalmente para que o persoal poida mellorar o desempeño das súas funcións de maneira eficiente.

A xestión intelixente do destino fai necesario incrementar os recursos dedicados á xestión dos recursos turísticos e dotar de maior autonomía o departamento de turismo das Rías Baixas.

Existe unha dependencia da información e estudos de diferentes dependencias da Deputación de Pontevedra e doutras entidades públicas para dar resposta ás necesidades do DTI.

Falta de cohesión para transmitir unha imaxe global do destino Rías Baixas.

Débil equilibrio territorial na distribución de fluxos turísticos.

2.

INNOVACIÓN

Espazo de mellora na xestión do proceso de innovación, así como do seguimento dos seus resultados de vixilancia tecnolóxica e do fomento da creatividade.

Escasa visibilidade en redes sociais no ámbito internacional comparado cos destinos competidores. Isto fai que os competidores se beneficien da visibilidade que lles xeran as ofertas e promocións que lanzan os operadores turísticos e buscadores, onde a presenza do destino Rías Baixas é máis escasa.

3.

TECNOLOXÍA

A web actual do destino Rías Baixas non permite interactuar co visitante. A través da web non se poden recibir opinións/queixas dos turistas, nin permite o funcionamento como oficina de turismo virtual, con ferramentas tipo Chatbot.

O desenvolvemento dos compoñentes evolutivos das diferentes ferramentas tecnolóxicas están aglutinadas nun único proxecto licitado por RED. es denominado Tourist Inside e a súa execución dependerá do adxudicatario que gañe a devandita licitación.

Existe un escaso desenvolvemento tecnolóxico a través de redes sociais e de ferramentas online para facilitar a comunicación e xestión do turista no ciclo da viaxe.

4.

ACCESIBILIDADE

O diagnóstico da situación da accesibilidade nos diferentes recursos turísticos está pendente de ser ampliado.

Atópase pendente de incorporar dunha maneira sistemática o eixo de accesibilidade en todas as actividades realizadas e/ou promovidas polo Servizo de Turismo.

Mellorar o fomento da accesibilidade universal sobre todos os aspectos que forman parte da cadea de valor do DTI.

Cómpre ampliar o número de puntos accesibles nas oficinas de turismo.

Baixa utilización de información con relevo, texto en braille, recursos táctiles para interpretar a contorna e audioguías con audiodescrición para persoas con discapacidade visual, así como recursos adaptados ás persoas con discapacidade auditiva.

Algunhas melloras de accesibilidade no patrimonio xestionado pola Deputación requiren accións necesarias de alto valor económico.

5.

SUSTENTABILIDADE

Alta estacionalidade da demanda.

Elevada dependencia do turismo de sol e praia e da celebración de determinadas festas de interese turístico.

A obsolescencia dalgúns destinos vacacionais da provincia, que seguen sendo un foco de atracción de turistas nacionais con segundas residencias.

A localización xeográfica con respecto á península e a escasa conectividade diminúen as opcións para competir con destinos próximos e similares.

O abandono do medio rural e o despoboamento en parte do territorio, debido á falta de actividade económica, xera un desperdicio do potencial do turismo rural e evita consolidar este segmento tan demandado polo turismo nacional nestes momentos.

AMENAZAS



1.

GOBERNANZA

Debido á situación actual da pandemia, existe un grao de incerteza na toma de decisións, debido ao compoñente político/institucional, entre as diferentes instancias de goberno nos distintos niveis da Administración Pública.

A marca Rías Baixas nos destinos de interior da provincia aínda non se identifican coa estratexia DTI que está a impulsar a Deputación.

O protagonismo do atributo “Intención de viaxe” en redes sociais no Norte de Portugal supón un risco potencial para o territorio galego, que se sitúa xeograficamente moi próximo á rexión.

O incremento do coñecemento sobre as illas da provincia de Pontevedra poden dar lugar a un novo “sitio de moda”, provocando unha masificación turística incontrolada en próximos períodos vacacionais.

2.

INNOVACIÓN

Existe, en termos xerais, baixa cualificación en novas tecnoloxías dentro do sector turístico da provincia, así como en idiomas.

A calidade de servizo do sector turístico do destino é heteroxénea e débese paliar este feito mediante programas de formación e capacitación.

3.

TECNOLOXÍA

A rápida evolución tecnolóxica fai que a obsolescencia das ferramentas tecnolóxicas obrigue a ampliar partidas orzamentarias para o mantemento da estratexia DTI de Rías Baixas

4.

ACCESIBILIDADE

Risco reputacional na marca Rías Baixas por non ter espazos 100% accesibles.

5.

SUSTENTABILIDADE

A incerteza do Brexit, que inevitablemente conducirá a cambios nos principais mercados emisores a nivel estatal, afectará por extensión á provincia de Pontevedra.

A incerteza social e económica global que se reflicte no peche de empresas e nos ERTE.

Débese reforzar a sensibilización dos concellos sobre a importancia de conservar os recursos naturais.

Existe unha falta de conciencia ambiental xeneralizada por parte do sector turístico privado.

O cambio climático presenta, a nivel xeral, unha ameaza debido á riqueza ambiental do destino.

Deterioración do patrimonio natural e cultural en determinados lugares debido a masificacións antes da Covid-19

FORTALEZAS

1.

GOBERNANZA

O servizo de turismo das Rías Baixas posúe un elevado coñecemento e experiencia na xestión dun Destino Turístico.

Existe un elevado compromiso por parte da Deputación no desenvolvemento turístico e da xestión da calidade.

Constitución e posta en marcha da Mesa de Turismo como ferramenta de participación e cohesión dos axentes públicos e privados na xestión de DTI.

Ofrécese apoio aos concellos en materia de recuperación, posta en valor e xestión patrimonial.

Os equipos multidisciplinares (NT, Turismo e Comunicación) para a xestión unificada do destino demostran o compromiso das Rías Baixas en se converteren nun DTI.

O servizo de turismo traballa intensamente para pechar acordos e alianzas con todos os axentes do ecosistema turístico relacionados na xestión do DTI.

A marca “Rías Baixas” ten un bo posicionamento en mercados emisores á vez que existe un gran compromiso público-privado para desenvolver a marca e atraer turistas de maneira conxunta.

Inclusión de directrices sociais na xestión diaria do servizo de turismo.

2.

INNOVACIÓN

A deputación de Pontevedra é o primeiro ente xestor do SICTED de carácter provincial a nivel estatal.

A existencia do observatorio para a vixilancia competitiva é un avance importante que lles permitirá ás Rías Baixas a actualización constante en materia tecnolóxica e de innovación.

Realización de campañas innovadoras para a promoción, consolidación e incremento da demanda en produtos turísticos específicos: cultura, enogastronomía, eventos e festas.

A actividade propia das contas oficiais de redes sociais dispoñen dun compromiso importante (+26.000 RTs), o cal é superior á maioría de destinos competidores.

3.

TECNOLOXÍA

Incorporación de ferramentas para o tratamento e a xestión de datos que permiten mellorar a toma de decisións a través da intelixencia turística.

A dixitalización da rede de oficinas turísticas prevista en Tourist Inside suporá un salto cualitativo no destino, a través da mellora da experiencia do visitante.

4.

ACCESIBILIDADE

Inclúuse como requisito de accesibilidade que as oficinas de turismo da Rede “INFO RIASBAIXAS” estean certificadas en materia de accesibilidade.

Realizáronse importantes investimentos en infraestruturas de comunicación e mobilidade.

Existencia de lexislación estatal e autonómica que obriga a garantir a igualdade de oportunidades para o goce de bens e servizos a persoas con discapacidade.

5.

SUSTENTABILIDADE

Existencia dun rico patrimonio natural protexido.

Gran riqueza de espazos naturais de especial relevancia para a conservación das aves, así como a práctica de sendeirismo e BTT.

Abundancia de recursos turísticos históricos e patrimoniais e intanxibles que converte as Rías Baixas nun destino único.

Unha costa extensa e única combinada por tranquilas rías e practicable durante todo o ano, un fondo submarino cun gran potencial e unha extensa cultura marítima con excelentes portos deportivos.


Destacable gastronomía, recoñecida a nivel nacional e internacional.

Os Camiños de Santiago, especialmente o Camiño Portugués, outorgan ás Rías Baixas un bo posicionamento a nivel nacional e internacional.

A proximidade do aeroporto de Peinador en Vigo e o seu porto, a proximidade do aeroporto internacional de Lavacolla en Santiago de Compostela e a do aeroporto Internacional do Porto (Portugal) facilitan a chegada de visitantes nacionais e internacionais.

Boa relación calidade-prezo tanto en aloxamento e gastronomía como noutros servizos xerais con impacto turístico.

Variada oferta de festas de interese turístico con atractivos festivais internacionais, nacionais e galegos da marca Rías Baixas.



OPORTUNIDADES



1.

GOBERNANZA

Aliñamento de estratexias para captar recursos financeiros dos Fondos Europeos habilitados pola covid-19 para o desenvolvemento de novas accións e proxectos relacionados coa diversificación económica de núcleos pesqueiros e rurais e para o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.

Incremento de proxectos estratégicos para desenvolver a relación en materia de turismo con Portugal aproveitando a proximidade do destino.

2.

INNOVACIÓN

Realizando un seguimento de escoita activa nas redes sociais identificouse o risco de masificación turística e aglomeración en destinos competidores como Asturias, o que supón unha oportunidade de crecemento para Rías Baixas.

A boa imaxe da gastronomía de Galicia como rexión supón unha oportunidade para impulsar a oferta gastronómica.

Forte aposta do sector turístico galego polas certificacións da marca Q de calidade. Galicia sitúase na 2ª posición no plano español con 305 certificacións, das que 152 son da provincia de Pontevedra.

Amplia marxe de crecemento como destino de turismo de deporte e aventura. O crecente interese dos usuarios permite o impulso de accións de comunicación baseadas na vida activa e saudable.

3.

TECNOLOXÍA

O proxecto “Tourist Inside” vai permitir situar as Rías Baixas como destino pioneiro no despregamento evolutivo de tecnoloxía aplicada aos DTI, dado que dá continuidade ao proxecto iniciado en 2015.

4.

ACCESIBILIDADE

Crecente lexislación en accesibilidade.

Posibilidade de certificarse segundo normas de accesibilidade, do mesmo xeito que se fará coas norma DTI.

5.

SUSTENTABILIDADE

Oportunidade de crear produtos e experiencias turísticas relacionados co turismo “slow”, ecolóxico e de natureza, en liña cun cambio de paradigma nos hábitos de consumo, xerado pola covid-19, debido á crecente concienciación por parte da poboación global en aspectos relacionados con prácticas responsables, saudables e ecolóxicas.

Continua evolución das tendencias do turismo: viaxeiros e viaxeiras máis responsables e tendencia ao turismo experiencial.

Esperado aumento do número de peregrinos

Desenvolvemento de novos produtos, innovación, emprendemento e colaboración entre axentes, que valoran os espazos rurais, a desestacionalización da oferta e o interese por potenciar o interior da provincia.

Relación calidade-prezo moi competitiva e de boa calidade, con diversidade de produtos e servizos: patrimonio, natureza, termalismo, comida, viño e paisaxe.



4.6 CONCLUSIÓNS

Unha das primeiras conclusións que podemos extraer desta crise provocada pola covid-19 é que **a normalidade que todos anhelamos vén da man dunha incerteza como nunca antes vivíramos**. O turismo foi unha das industrias que máis está a ser afectada pola pandemia e o futuro do noso destino turístico verase afectado por axentes externos e circunstancias que non podemos controlar. Ademais, é importante **ter conciencia de que a ameaza de futuros gromos ou novas mutacións do virus non se pode chegar a predicir con total fiabilidade, a pesar da excelente noticia que supón o inicio da vacinación**.

Na actualidade, a industria turística conta con diferentes medidas de obrigado cumprimento, que emanan tanto do Goberno de España e da Xunta de Galicia, dentro do ámbito das súas competencias, como das Autoridades Sanitarias. Estas medidas establecen os tempos, as fases e protocolos de apertura, así como as regulacións e recomendacións tanto no que respecta á mobilidade das persoas, aos traballadores e traballadoras do sector, á atención das persoas visitantes, aos destinos e ás infraestruturas turísticas.

O ano 2020 foi un ano historicamente moi complicado dado que cortou de raíz a evolución positiva da industria turística das Rías Baixas nos últimos anos, efecto que repercutiu de maneira inimaxinable no sector privado.

O primeiro que debemos facer para concluír o apartado de análise estratéxica é enumerar algunhas das **leccións que fomos aprendendo ao longo destes meses**, as cales servirán como base para a elaboración da estratexia de turismo para os próximos anos:



A industria turística desenvolveu ao longo dos anos unha sólida base nos datos estatísticos para analizar e segmentar os turistas.

Con todo, a covid-19 fixo que nos enfrontásemos a unha nova realidade na que a maioría dos datos que recolleramos até o de agora, e nos cales nos baseamos para tomar decisións, deixaron de ter validez. Por iso, **a Intelixencia Turística, os Big Data e a Intelixencia artificial son desde xa mesmo liñas de acción no eixo tecnolóxico que as Rías Baixas como DTI debe incorporar no seu plan estratéxico**, ademais de facilitar que os diferentes actores do ecosistema turístico incorporen estes sistemas nos seus procesos de negocios.



O coñecemento acumulado até agora e as experiencias aprendidas até o 2020 perderon validez, **debido á aparición de novos patróns de consumo e comportamento por parte dos/as turistas, é dicir, o que sabemos que funcionaba até o de agora pode que non funcione despois da crise sanitaria**. Debido a isto, é importante adoptar estratexias áxiles, tanto na xestión do destino como no desenvolvemento de solucións e servizos turísticos. As persoas turistas cambiaron, teñen novas necesidades e as **Rías Baixas a través de ferramentas tecnolóxicas e desenvolvementos innovadores ten que se adaptar ás novas esixencias do turismo que xurdirá despois da covid-19**.



A pesar de que o servizo de turismo das Rías Baixas traballa constantemente no mantemento dos recursos turísticos en perfectas condicións, é innegable que a covid-19 provocou que certos produtos, experiencias, atraccións, infraestruturas e investimentos fiquen obsoletas fronte ás novas restricións e, por tanto, precísanse novos recursos para a súa actualización. Esta situación presenta, para as **Rías Baixas, unha oportunidade para alinear proxectos e visións destinados a captar fondos económicos das novas partidas financeiras aprobadas pola Comisión Europea (REACT-EU)**.

Desde Rías Baixas debemos centrar os esforzos en reforzar a percepción de seguridade do noso destino e gañar a confianza de todos.




Se algo nos ensinou esta crise é que para sobrevivir a colaboración institucional público-privada é agora máis imprescindible que nunca. Por iso **é fundamental o desenvolvemento de novos ecosistemas, a converxencia de novas industrias e a cooperación entre diferentes actores como o sanitario, o tecnolóxico e as start-ups.** Desde o servizo de turismo das Rías Baixas somos conscientes de que debemos asumir novas funcións, desenvolver novas competencias e adquirir novos coñecementos para sermos máis competitivos e estar preparados para ir adaptándonos a esta nova situación epidemiolóxica, sanitaria e económica que temos por diante.



A crise da Covid-19 acelerou procesos que xa estaban en marcha como a dixitalización e a transformación dixital, pero tamén puxo en evidencia algunhas das debilidades do modelo de desenvolvemento turístico vixente que será necesario cambiar. Neste sentido un dos exemplos de cambio é apostar aínda máis pola sustentabilidade e a accesibilidade. A Axenda 2030 móstranos o camiño para traballar por un mundo mellor, aliñando visións entre todos os actores do sector.



Debemos aprender a convivir co medo que provoca o virus Sars-Cov2. A apertura dos destinos non asegura a chegada de turistas. Existe medo a saír de casa, derrubouse a confianza das persoas visitantes e hai temor por viaxar. Por iso desde o Servizo de Turismo das Rías Baixas debemos centrar os esforzos en reforzar a percepción de seguridade do noso destino e gañar a confianza de todos. Ademais, **é a nosa obriga traballar co sector para que sobrevivan o maior número de empresas posibles e que estas aceleren os procesos de dixitalización que lles permitan adaptarse á nova economía que xurda despois da pandemia.**



Un proceso de transformación como o que supón converterse en **Destino Turístico Intelixente**, trae consigo unha serie de retos nos que se pode actuar para facer fronte a esta situación e mitigar na medida do posible os efectos desta crise nos próximos anos. A continuación, expóñense unha serie de retos nos que Rías Baixas como Destino Turístico Intelixente pode traballar (algúns dos cales xa se atopan en desenvolvemento) para facer fronte á incerteza que nos toca vivir como destino turístico.



O PRIMEIRO RETO É O ECONÓMICO E SOCIAL,

onde o obxectivo prioritario é a reactivación da actividade turística e a recuperación dos empregos. Por tanto, algunhas das medidas que se contemplan neste novo plan estratéxico son:



Accións encamiñadas a reducir a **sensación de inseguridade percibida** polos visitantes, adoptando certificacións para o servizo de limpeza e desinfección, mellorando os sistemas de xestión en puntos que permitan a concentración de persoas.



Fomento de accións **encamiñadas a aumentar a propensión do gasto nos comercios locais**, apoiando á economía local da industria turística.



Informar a todos os actores do ecosistema turístico das axudas existentes das diferentes institucións públicas, ofrecendo a información segmentada segundo a tipoloxía das empresas ás que se orienta a axuda.



Mellorar a comunicación constante coas persoas turistas e a cidadanía a través das diferentes canles dixitais do servizo de turismo das Rías Baixas.



Desde o servizo de turismo das Rías Baixas a innovación é unha constante no día a día e por iso unha das nosas misións é apoiar o **desenvolvemento de novas capacidades do ecosistema turístico en ámbitos como a xeración de novos produtos, o márketing, a intelixencia de mercado, etc.** Desde a área SmartPeme seguirase traballando no deseño de cursos gratuítos de formación online para aquelas persoas máis afectadas desde o punto de vista económico, en colaboración con universidades e outras institucións docentes e de formación, así como con asociacións empresariais dos ámbitos turísticos e das TIC.



Desde o observatorio de turismo aplicamos **metodoloxías innovadoras, actuando de forma disruptiva, para atopar novas formas de promoción do destino** e desenvolver novos produtos e servizos turísticos.

O SEGUNDO RETO É O SANITARIO,

cuxo obxectivo é dotar a poboación, as persoas visitantes e as/os profesionais que traballan no sector do maior número de garantías. Algunhas das principais medidas que xa se están levando a cabo desde Deputación de Pontevedra son:



Adaptar e acondicionar os espazos públicos e físicos para que tanto turistas como a poboación local **perciban a garantía de seguridade do destino, cumprindo os protocolos deseñados polo Ministerio de Sanidade e polo ICTE (a instancias da Secretaría de Estado de Turismo).**



Deseñar e xestionar os fluxos de persoas e os accesos para **evitar a sobrecapacidade dos espazos**, respectando a distancia de seguridade acordada polas autoridades sanitarias. Ademais, fomentamos o uso da tecnoloxía para a xestión de reservas e o control de capacidades, evitando as aglomeracións.



Actualizar de maneira continua a información ofrecida ás persoas usuarias para asegurar que reciban unha **comunicación de alto valor.**



Realizar **campañas de comunicación centradas na poboación, que mostren os beneficios do turismo e animen os residentes a recibiren visitantes.**



Desenvolver chatbots, que, na medida do posible, poidan responder as preguntas reiterativas ou información xeneralista sobre medidas adoptadas durante a covid-19.

O TERCEIRO RETO É A PROMOCIÓN E COMUNICACIÓN,

onde a prioridade é poder implementar ferramentas para captar novos segmentos e mercados potencialmente interesantes para as Rías Baixas, que permitan desenvolver novos produtos e servizos para as persoas visitantes. Ademais, é fundamental seguir reforzando o valor de marca Rías Baixas no mercado, e que cuxa identidade percibida siga sendo a natureza, a autenticidade, a gastronomía e a riqueza cultural do territorio. Algunhas das principais accións relativas a esta dimensión son:



Reforzar os atributos das Rías Baixas asociados á calidade de vida, a saúde, a gastronomía e o benestar dos habitantes do territorio. Así mesmo, reforzaranse as mensaxes relacionadas coa seguridade das Rías Baixas, estimulando o respecto polas medidas de seguridade.



A través do novo proxecto tecnolóxico “Tourist Inside” dixitalizaranse **as oficinas de turismo e poderase desenvolver información turística contextualizada e personalizada.** Ademais, desde o servizo de turismo de Rías Baixas deseñaranse promocións baseadas na achega de valor engadido con redución de capacidades e experiencias únicas máis personalizadas, adecuando as experiencias turísticas ao contexto que vivimos de evitando que a súa valoración se centre exclusivamente no prezo.



O proxecto **Tourist Inside** permitirá evolucionar o CRM do servizo de turismo das Rías Baixas para mellorar as ferramentas de márketing e de xestión de redes sociais, co obxectivo de ser máis eficientes á hora de lanzar campañas de comunicación e promoción aos segmentos estratéxicos de turistas, xerando accións que faciliten a lembranza da viaxe para incrementar a recorrencia dos/as viaxeiros/as e a prescrición a familiares e amigos.



Redefinir as mensaxes para transmitir para que sexan moito máis próximas, persoais e humanas, utilizando unha linguaxe empática con mensaxes equilibradas entre as expectativas do visitante e as novas emocións xeradas pola crise sanitaria.

O CUARTO RETO É O REFERIDO Á OFERTA TURÍSTICA,

onde se reforzarán as estratexias de produto, liña na que o servizo de turismo das Rías Baixas veu traballando nos últimos anos e que permitiu construír unha marca recoñecida e valorada polos nosos visitantes e turistas. **O obxectivo é ofrecerlles aos turistas experiencias únicas, memorables e personalizadas, xerando produtos e servizos novos con recursos existentes e de valor.** Algunhas das accións expostas para traballar neste reto son:



A situación sanitaria obríganos a adaptar os nosos produtos e servizos cara ao mínimo contacto físico a través de tecnoloxías como o recoñecemento de persoas, tótems despregados polo territorio e nas oficinas de turismo, avatares, chatbots, activación por voz, aplicacións móbiles, etc... **O obxectivo é eliminar o táctil e investir en sensores de movemento, activación por voz, escáneres e intelixencia artificial.**



Un uso de tecnoloxía que permita **deseñar percorridos virtuais de 360 graos polos principais recursos turísticos das Rías Baixas.** Tamén se expón o desenvolvemento de recreacións en 3D de elementos da natureza, así como visitas virtuais a parques naturais, mercados, recunchos ou rúas especiais do destino, acompañadas da súa historia e unha guía virtual.



Promover o consumo de cultura e actividades online: desde visitas a interiores de museos, obras de teatro, concertos, películas, monólogos, espectáculos de maxia, danza ou exhibicións populares até sesións de adestramento, ioga, actividades deportivas, bibliotecas, arquivos, universidades, cursos, obradoiros, etc...



Fomentar o desenvolvemento de novos **eventos, festivais ou congresos online** que convertan as visitas e experiencias presenciais en actividades máis íntimas e reducidas.



Utilizar a gamificación para que a atención ao cliente, o goce dunha experiencia turística ou o descubrimento dun recurso turístico se convertan en algo máis tecnolóxico e menos físico, que ademais teña unha parte motivadora e divertida.

Os datos e a intelixencia turística son unha das claves dun DTI, por tanto,

O QUINTO RETO É A XESTIÓN DO COÑECEMENTO TURÍSTICO,
para xestionar de forma máis eficiente o ciclo de viaxe das persoas visitantes, utilizando novas fontes de información. Algunhas das accións que se levarán a cabo son:



Hoxe en día **un dos principais retos á hora de xestionar o coñecemento é facer as preguntas correctas ás que dar resposta.** A tecnoloxía permítenos buscar respostas en novas **fontes de datos:**

Datos estatísticos xerados polo departamento de turismo das Rías Baixas,

Datos públicos compartidos por outras entidades (tanto doutras áreas da Deputación como de instancias supramunicipais ou estatais como o INE ou o IGE).

Datos extraídos de redes sociais a través de grafos de coñecemento (do inglés, knowledge graphs) ou ferramentas de escoita activa de sentimentos e opinións que compartisen as persoas visitantes en diferentes redes sociais, para comprender e entender patróns de comportamento de segmentos de turistas potencialmente interesantes para as Rías Baixas.

Datos xerados a través de diferentes elementos de sensorización do territorio a través do proxecto Tourist Inside.

Datos compartidos por outros entes xestores de turismo de diferentes DTI e tamén de actores relevantes do sector privado da industria turística.



Elaborar novos indicadores e métricas nas áreas de sustentabilidade económica, ambiental e social, así como no relativo ao márketing e a comunicación das novas campañas de promoción de turismo das Rías Baixas.

A tecnoloxía permítenos buscar respostas en novas fontes de datos.

O SEXTO E ÚLTIMO RETO É O RELATIVO Á GOBERNANZA DO DESTINO,

concretamente á cooperación público-pública e á público-privada coa intención de coordinar e sumar esforzos para mellorar a xestión do servizo de turismo das Rías Baixas, axudando á industria, empresa e persoas autónomas máis golpeadas pola crise da covid-19. As Rías Baixas deben abordar a recuperación como unha oportunidade para reconducir o destino cara a un modelo de produción e consumo turístico máis responsable e sustentable. Preséntanse a continuación algunhas das accións que se desenvolverán:

Rías Baixas deben abordar a recuperación como unha oportunidade para reconducir o destino cara a un modelo de produción e consumo turístico máis responsable e sustentable.



Continuar o desenvolvemento de produtos turísticos apoiados en segmentos e sectores propios, baseados en produtos **de proximidade e km.0**, sustentados sobre recursos culturais e de natureza.



Favorecer a **integración da persoa turista na comunidade local** promovendo a súa interacción coa cultura do noso territorio no contexto da nova realidade provocada pola pandemia.



Seguiremos desenvolvendo **campañas para integrar á poboación no desenvolvemento económico e turístico do destino, fomentar o orgullo cívico e o compromiso cos eventos, recursos e economía turística das Rías Baixas.**

Para terminar este apartado de conclusións despregamos unha serie de claves que serán fundamentais para o futuro do turismo, a nivel xeral, e concretamente para as Rías Baixas:

A efectividade das diferentes **vacinas** contra a Covid-19.

O programa de Fondos Europeos, especialmente Next Generation, para a reconstrución da industria.

Predominio das viaxes de proximidade e de natureza.

A pandemia podería dar paso a un rápido **aumento da produtividade das empresas** sobreviventes, froito da adopción de novos procesos e tecnoloxías como a robotización ou o 5G.

A flexibilidade nas reservas. O factor prezo seguirá sendo crucial, mais van adquirir moita importancia as condicións de reserva respecto a facilitar cancelacións, cambios e reembolsos, para estimular así a demanda e xerar confianza.

Auxe do turismo de luxo. As marcas premium van ir por diante na recuperación, así como todo o relativo ao segmento do luxo.

Reducir a posible polarización do consumo turístico causada pola crise sanitaria, que provocou unha importante perda de masa crítica nas clases medias e que podería xerar que, debido a motivos económicos ou sanitarios, determinados grupos sociais puidesen quedar excluídos da posibilidade de viaxar.

Novos players no sector. A crise tamén representa un escenario de oportunidade; fondos de capital risco, start-ups, multinacionais tecnolóxicas, sociedades de investimento inmobiliario, entre outros, van tomar posicións nun sector cun potencial de crecemento tan grande como nestes momentos é o turismo.

Novos escenarios na industria turística nos que deberemos aprender a xestionar a incerteza mediante innovacións no sector no que atinxe a procesos, produtos, novas formas de hostalaría, de gastronomía...



05.

Liñas estratégicas, programas.

Unha vez concluída a parte do diagnóstico estratéxico e definidos os retos, a visión, os piares e obxectivos estratéxicos, preséntase a estruturación deste plan estratéxico cun horizonte para 2023.

A continuación, descríbense cada unha das liñas estratéxicas, xustificando a súa relevancia e a relación cos obxectivos e piares estratéxicos.

5.1 OFERTA TURÍSTICA

A primeira das liñas estratégicas ha de facer de Rías Baixas un destino cunha proposta de valor definida a través da **construción dunha oferta turística excepcional orientada á persoa turista baseándose na articulación de produtos turísticos cunha xestión especializada**, capaz de cubrir adecuadamente os requirimentos dos diferentes segmentos aos que se dirixen. Así mesmo, continuarase traballando en mellorar a información e a atención que reciben os turistas e visitantes para que a experiencia turística supere as súas expectativas. O obxectivo principal desta liña estratégica é a creación de valor para a persoa visitante **potenciando a articulación de produtos turísticos definidos no plan estratégico 2017-2020 e identificando novos produtos que cubran a oferta a segmentos estratégicos**.





As principais liñas de traballo irán encamiñadas á articulación dunha oferta diversa e atractiva que dea resposta ás expectativas dos turistas á vez que se adapta aos seus intereses e principais motivacións de viaxe. É importante que a oferta turística das Rías Baixas satisfaga as necesidades e requirimentos específicos dos nosos visitantes e que promova, ao mesmo tempo, o incremento ao consumo e o gasto dos turistas. O Servizo de Turismo das Rías Baixas traballa co fin de xerar valor engadido ao produto a partir da innovación e a diferenciación, fundamentalmente, cun enfoque ao cliente segmentado. É importante destacar que a incorporación de valor en cada un dos elos da cadea turística tradúcese nunha maior relación calidade-prezo, maior satisfacción da persoa visitante e, por tanto, en maior competitividade para o sector privado do ecosistema turístico do territorio.

As motivacións e necesidades dos diferentes segmentos estratéxicos permiten observar diferenzas significativas entre as persoas visitantes, por iso, o Servizo de Turismo das Rías Baixas traballa para identificar e diferenciar produtos e servizos específicos para grupos determinados de consumidores ao longo de todo o territorio das Rías Baixas. **A xestión do turismo a través dun portafolio de produtos turísticos das Rías Baixas é a estratexia de xestión que vai permitir optimizar a relación calidade-prezo en función das capacidades e motivacións de gasto de cada segmento de cliente.**

Tal e como se comezou a traballar no Plan Estratégico anterior, o obxectivo é seguir potenciando as diferentes tipoloxías de produtos turísticos claves para a nosa provincia ao redor de plans de produto. Isto significa pasar dunha visión uniforme, masiva e monoproduto do destino, a un enfoque científico, orientado á persoa visitante, reforzando as vantaxes competitivas fronte a outros destinos tradicionais. Os principais obxectivos deste enfoque son:

O Servizo de Turismo das Rías Baixas traballa co fin de xerar valor engadido ao produto a partir da innovación e a diferenciación.

1.

Incrementar o interese do noso territorio para a persoa visitante, facendo máis visible e atractivo o conxunto de servizos e experiencias que as Rías Baixas ofrecen.

2.

Ampliar as opcións de consumo das persoas visitantes, aumentando o gasto medio e a rendibilidade da actividade turística no territorio.

3.

Estruturar o conxunto da oferta e servizos turísticos das Rías Baixas ao redor de plans de produto, promovendo unha **xestión do márketing do destino máis eficiente e segmentada**.

4.

Intensificar e optimizar o uso das TIC na interacción coa persoa turista, pondo á súa disposición, a través das ferramentas online, a mellor información en todas as fases do ciclo da viaxe.



A continuación, preséntase unha relación dos principais plans de produto que impulsa o servizo de turismo das Rías Baixas que serán ampliados nas correspondentes fichas de acción no apartado 6:

Camiño de Santiago Ano Santo 2021-2022 Turismo Cultural

Turismo Cultural Patrimonial
 Festivales
 Arqueolóxico

Turismo Industrial e Científico

Turismo de Saúde e Enogastronómico

Turismo Activo

Turismo Deportivo

5.2 COMPETITIVIDADE E REACTIVACIÓN TRALA COVID-19

Un dos principais obxectivos dos xestores dun destino turístico é desenvolver mecanismos para situar de maneira eficiente o territorio co fin de atraer visitantes e turistas, e que a través do gasto destes, xeren competitividade ao tecido empresarial do destino. Desde o punto de vista do Servizo de Turismo das Rías Baixas, **impulsar a competitividade do territorio supón desenvolver actuacións por parte da administración pública (nos seus diferentes niveis de organización), encamiñadas a mellorar a posición das Rías Baixas, as súas empresas e os diferentes produtos turísticos.** Ademais, ser competitivo implica ser sustentable nas diferentes dimensións: social, cultural, ambiental e por suposto, tamén na económica. Por tanto, **a competitividade do destino non debe definirse como un fin en si mesmo, senón como un obxectivo para alcanzar a prosperidade da sociedade que vive no territorio.**

Un destino turístico reúne múltiples atributos que determinan o seu atractivo: factores como o prezo, os atractivos naturais, patrimoniais e culturais, a calidade dos servizos, etc., son decisivos para que as persoas visitantes escollan o destino para gozar das súas vacacións ou pasar uns días visitando e descubrindo o territorio. O tema da seguridade, sempre foi un elemento diferencial, mais precisamente a crise sanitaria fai que as medidas de seguridade sanitarias teñan maior relevancia á hora de escoller un destino para as vacacións. Por tanto, **tanto a seguridade percibida pola persoa turista, como a implementación das medidas sanitarias, constitúen un aspecto clave na experiencia turística.**

O termo de seguridade turística pode abordarse desde diversos enfoques, desde o noso punto de vista debe facer referencia á intención da persoa visitante de gozar dunha experiencia turística plena nas mellores condicións e cos mínimos riscos. Ademais, no destino debe confluír que todos os actores do ecosistema deben ter a capacidade e o coñecemento para actuar ante situacións críticas, para poder afrontalas e minimizar ou mitigar os impactos negativos. Por iso, **desde o Servizo de Turismo das Rías Baixas trabállase para converter a provincia de Pontevedra nun destino turístico xenuíno, seguro, elixido polos seus atributos culturais e naturais, os seus valores éticos, xestionado de maneira colaborativa, orientado cara á súa transformación en territorio intelixente e agora máis que nunca, seguro.**

Un dos principais compromisos sobre os que se sustenta a política turística da Deputación de Pontevedra é maximizar a seguridade de turistas e visi-

tantes, mantendo unha oferta de servizos de calidade á vez que se facilitan as medidas hixiénico-sanitarias e de saúde necesarias para manter a seguridade e ofrecer garantías, fiabilidade e confianza. Coa debida xestión da crise provocada pola covid-19, a recuperación dos destinos da provincia de Pontevedra debería ser progresiva, unha vez minimizado o risco sanitario, aínda que o ritmo da mesma dependerá das medidas que se vaian adoptando para evitar principalmente a aparición de novos contaxios, mais tamén para transmitir unha imaxe de credibilidade e seguridade.

Este plan incorpora unha liña estratéxica sobre seguridade e resiliencia turística que derivará en diferentes programas e actuacións, e que facilita a transición cara a unha nova situación de normalidade. **As diferentes accións que se desenvolverán neste apartado servirán para garantir o normal desenvolvemento da actividade turística e, por tanto, para mellorar a competitividade das Rías Baixas como destino turístico.**

Ser competitivo implica ser sustentable nas diferentes dimensións: social, cultural, ambiental e por suposto, tamén na económica.

5.3 PROMOCIÓN E COMUNICACIÓN

Unha das principais competencias que teñen os xestores de destinos son a promoción e a comunicación. Estas representan a función turística por excelencia, debido a que a súa xestión non choca con outras competencias moi necesarias para a correcta xestión do destino (infraestruturas, recursos naturais e culturais, ordenación do territorio, sanidade, comercio, etc.). Con todo, esta liña estratéxica que podería parecer fácil de orientar está a cambiar de maneira acelerada debido a que a realidade actual está marcada pola transformación dixital: **a persoa visitante actual cambiou radicalmente se a comparamos coa que viaxaba hai 30 anos. Por iso, é de vital importancia coñecer o ciclo da viaxe (antes, durante e despois) e ofrecer ás persoas visitantes, a través da tecnoloxía, o consumo de experiencias segmentadas segundo os seus patróns de comportamento, as súas afinidades e gustos.**

O Servizo de Turismo das Rías Baixas é consciente do cambio e dinamismo dos intereses da demanda e a cada vez máis notable presenza da contorna dixital en todas as fases do ciclo de viaxe. Por iso, **é necesario implementar estratexias de comunicación máis selectivas, máis enfocadas, máis efectivas, escollendo para iso canles e mensaxes específicos para o público obxectivo.** Ademais, nunha contorna onde existe unha alta competitividade, as Rías Baixas deben competir con produtos específicos nun segmento concreto de mercado. Hai que ter en mente que **os mercados aos que se orienta a marca turística son diferentes no que respecta a necesidades e motivacións polo que requiren de estratexias personalizadas asociadas ás súas características sociais e culturais.**

O Servizo de Turismo das Rías Baixas leva anos traballando para diferenciar e potenciar os puntos fortes do territorio e da súa oferta coas oportunidades que se atopan en cada mercado. As necesidades e os gustos dos

turistas vólvense cada vez máis específicos, ao que hai que engadir que non sempre se viaxa dun mesmo modo ou co mesmo fin; por iso **é imprescindible despregar tecnoloxía e ferramentas que permitan coñecer as actitudes e comportamentos das persoas visitantes para poder satisfacer as súas demandas cando nos visiten.**

A estratexia de promoción e comunicación de Turismo das Rías Baixas está enmarcada dentro do proxecto Smart Destinations e require, desde o punto de vista da comunicación, dunha marca que aglutine os atributos de innovación e frescura que á vez sexa asociada aos principais atributos que a persoa visitante ten na súa mente cando pensa nas Rías Baixas. Debido a isto, **as accións que se propoñen neste plan estratéxico están aliñadas co obxectivo de reforzar a marca Rías Baixas e potenciar os atributos inherentes do noso territorio.**

É de vital importancia coñecer o ciclo da viaxe e ofrecer o consumo de experiencias segmentadas segundo os seus patróns de comportamento, as súas afinidades e gustos.

5.3.1 Impulso á segmentación de mercados

Desde o Servizo de Turismo das Rías Baixas desenvólvense **campañas innovadoras centradas no turista potencial á vez que se reforzan outros targets potenciais como son o turista de natureza e o cultural**. A segmentación realízase baixo estas premisas: en relación cos turistas potenciais, estes pódense clasificar como persoas de idade comprendida entre 35 e 60 anos, residentes en contornas urbanas de máis de 50.000 habitantes, mentres que o turista de natureza son homes e mulleres na franxa de idade de 25 a 64 anos que residen en hábitats de entre 5.000 e 20.000 habitantes. Por último, o turista cultural é unha persoa de máis de 35 anos que reside en cidades de máis de 5.000 habitantes. Con estas premisas, **os mercados aos que se dirixen as campañas que se realizan desde o Servizo de Turismo das Rías Baixas son, por unha banda o mercado nacional para fomentar a chegada de turistas desde todas as comunidades autónomas de España, buscando que as Rías Baixas se sitúen entre as opcións favoritas, e pola outra, as campañas orientáanse a potenciar o turismo interno dentro de Galicia que permita desestacionalizar o turismo**.



Para a realización de campañas e promocións, desde o Servizo de Turismo das Rías Baixas realízase un **mix de medios que adoita distribuírse entre Internet/canles online como medios principais e canles tradicionais escritas (revistas especializadas) como medios secundarios.**

As principais vantaxes que achegan as canles online son unha maior cobertura e segmentación (tanto por perfís como por xeografía), un baixo custo en relación co número de impactos nos potenciais visitantes e a posibilidade de levar a cabo unha medición dos impactos en tempo real. Por outra banda, os medios tradicionais achegan unha boa imaxe de marca Rías Baixas, unha segmentación por tipoloxía de soportes (o lector é afín aos medios que le) e unha boa versatilidade nos diferentes formatos que se poden utilizar.

Estes soportes online permiten segmentar de forma moi precisa e chegan ao público obxectivo no momento máis adecuado e permiten, ademais, combinar diferentes materiais audiovisuais con diferentes creatividadeas que aumenten a notoriedade da marca Rías Baixas.

Os principais formatos que se utilizan son aqueles que permiten xerar impacto de marca buscando notoriedade e visibilidade, a través de usuarios de Smart TV e a través de plataformas como Youtube, Mitele e Atresmedia. Ademais, preténdese causar impacto no público obxectivo a través de campañas en Facebook e Instagram para que teñan en mente as Rías Baixas como destino para as súas vacacións.



En relación co soporte vídeo, trabállase principalmente con Youtube por ser a plataforma número un en consumo de vídeo online (84% das persoas internautas). **O obxectivo é impactar en persoas afeccionadas ás viaxes e ao aire libre, que estean a pensar en planificar unha escapada tan pronto como se poida.** Finalmente, utilízanse formatos Rich Media para conxugar vídeo e imaxes que xeren impactos notorios e que chamen moito a atención, situando os anuncios en soportes de gran calidade que interesen o noso público obxectivo. **O obxectivo é buscar a visibilidade de marca Rías Baixas e aumentar a frecuencia e a lembranza da marca.**

5.3.2 Intelixencia turística aplicada á xestión da marca e posicionamento

Desde o Servizo de Turismo das Rías Baixas levouse a cabo un estudo comparativo con destinos similares a Rías Baixas a través de diferentes **ferramentas de intelixencia competitiva para coñecer o estado de situación das Rías Baixas fronte a terceiros e coñecer a posición do noso territorio fronte a outros destinos competidores de proximidade.** Turismo das Rías Baixas focalizou a súa análise en monitorar todo o publicado sobre destinos turísticos similares nas diferentes canles, xa sexa en medios online, redes sociais, blogues ou foros entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2020. A modo de resumo, **analizáronse máis de 2 millóns de mencións realizadas por 700 mil persoas chegando a un público obxectivo de case 4 millóns de audiencia nas diferentes canles.**



As principais conclusións da análise comparativa foron que as **Rías Baixas se sitúan en terceira posición por diante de Cantabria e Norte de Portugal en volume de mencións**. A visibilidade da marca en 2020 viuse reducida lixeiramente fronte a outros competidores. Con todo, non debe ser interpretado como algo negativo desde o punto de vista reputacional, xa que parte desta baixada se debe á menor conversación crítica sobre a festividade Rapa das Bestas, aprazada en 2020 pola pandemia. **É importante destacar que o control que ten o Servizo de Turismo da marca Rías Baixas a través das súas canles propias sobre a notoriedade é mellor que os seus principais competidores. As contas propias da marca Rías Baixas xeran o 9% da conversación total.**

As Rías Baixas gozan dun sentimento positivo en relación ao ton das mencións que comparten os usuarios nas redes sociais debido a que os contidos que suscitan maior interese están relacionados cos atributos inherentes a Rías Baixas como son paisaxes, panorámicas e visións aéreas dos atractivos. A cultura, o sol e praia e a natureza son os principais atributos reputacionais de Rías Baixas. Destacan curiosidades e exposicións do Museo de Pontevedra, fotografías do Castelo de Soutomaior ou a Catedral de Tui e referencias paisaxísticas sobre a contorna marítima e zonas verdes como as Illas Cíes, a praia de Rodas ou a praia da Lanzada. A nivel musical, lidera a cobertura do Festival PortAmérica e como elemento

diferenciador, **é importante destacar que as Rías Baixas conseguen despuntar fronte aos seus competidores en sustentabilidade, música e espectáculos, mantemento das infraestruturas e recursos turísticos, así como no Camiño de Santiago que atravesa a provincia de Pontevedra.**



Analizáronse máis de 2 millóns de mencións realizadas por 700 mil persoas chegando a case 4 millóns de audiencia nas diferentes canles.

Realizouse unha análise competitiva nas canles online para analizar a reputación dos diferentes destinos en redes sociais. En xeral, a polaridade da conversación segue un patrón similar en todos os destinos, onde predomina o sentimento neutro. **Analizando as conversas que se mantiveron nas diferentes canles online, as Rías Baixas sitúanse como unha das marcas con maior presenza propia, con máis de 5.500 publicacións nos distintos perfís propios, e cun alcance de 26.000 RTs durante os últimos 24 meses.** A conversa sobre o turismo das Rías Baixas logra o seu pico máis alto en xullo de 2019, coincidindo coa data en que se celebran os festivais da Rapa das Bestas e Portamérica. En 2020, o mes con maior actividade tamén é xullo, aínda que o nivel de conversas se reduce polo aprazamento de eventos e o menor volume de turismo propiciado pola pandemia. A pesar diso, destaca a difusión de imaxes e contidos promocionais sobre os atractivos turísticos a partir da campaña #VenÁsRíasBaixas e #VenAPontevedraProvincia. Entre algún dos máis mencionados, atópanse a Illa de Ons, a Illa de Arousa ou a praia da Lanzada. **Como cabe esperar, a maior parte do fluxo de conversa acerca das Rías Baixas prodúcese en España. Nos mercados internacionais, os usuarios americanos, ingleses e portugueses rexistran maior presenza fronte ao resto de mercados.** Predominan fotografías de paisaxes das praias e outros atractivos da rexión, como a Illa de Arousa. **En relación aos principais temas (mediante hashtags) relacionados coas Rías Baixas nas redes sociais destacan os atractivos culturais sobre o Museo de Pontevedra ou o Museo do Mar coa promoción das súas exposicións e xornadas.**

Destacan tamén referencias ao Camiño de Santiago Portugués, onde os usuarios expresan que “achega un innegable valor a Pontevedra” e mencionan as “belas” cidades que se poden percorrer, así como información sobre as etapas ou fotografías. Tamén se comparten os lugares máis relevantes baixo o paraugas da marca “na provincia de Pontevedra”, como Combarro, Illas Cíes, O Grove, Castelo de Soutomaior, Poio, Lanzada ou Arousa. A nivel de formato de publicación, sobresaen imaxes, principalmente panorámicas aéreas, como as vistas desde a Ría de Vigo.

Grazas á análise competitiva que se levou a cabo identificáronse como **principais conclusións a necesidade de reforzar a promoción en mercados internacionais a partir de atractivos emblemáticos.** Por outra banda, **débase apoiar a oferta gastronómica con contidos específicos de ingredientes, pratos ou restauradores para potenciar aínda máis en redes sociais a gastronomía das Rías Baixas.** A situación creada pola covid-19 obriga a buscar alternativas de comunicación que compensen a ausencia de eventos presenciais e outros atractivos físicos cos que as Rías Baixas conseguen un bo posicionamento como destino cultural.

5.3.3 Rede de oficinas de turismo

Dentro das diferentes ferramentas de xestión e promoción coas que conta o Servizo de Turismo das Rías Baixas destaca a Rede de Oficinas de Turismo, denominadas Rede INFO RÍASBAIXAS. A partir do Plan Estratéxico de 2017, impulsouse a creación da devandita rede. **O obxectivo da Rede de Oficinas de Turismo é o fortalecemento na prestación dun servizo de calidade, homoxéneo e global do destino Rías Baixas.** Un dos primeiros contactos reais que adoitan facer as persoas visitantes no territorio é durante a fase de obtención de información do destino a través das oficinas de turismo. Por tanto, **o feito de ter ben deseñadas as oficinas con persoal cualificado é un elemento moi valorado polas persoas visitantes e define o seu grao de satisfacción nas súas visitas ao territorio.** Dependendo de como sexa esa primeira experiencia coa oficina de turismo, gañaremos a futura lealdade da persoa que nos visita, así como a divulgación desinteresada do seu atractivo para terceiros.

A prestación dun servizo público de información turística ben organizado, de calidade, de fácil acceso, identificado e con boa imaxe, a través dun sistema de información en rede, é fundamental no proceso de modernización das administracións e accións dirixidas directamente aos usuarios turísticos. Por tanto, **o obxectivo desta rede INFO RIASBAIXAS é facer unha xestión compartida entre as oficinas de turismo, cuxa xestión é competencia directa do Servizo de Turismo das Rías Baixas, e outras oficinas externas pertencentes aos concellos da provincia de Pontevedra, de maneira que a gobernanza en rede, a partilla de coñecemento e as boas prácticas eleven a prestación de servizos nos puntos de atención turística co fin de mellorar a calidade percibida do/a turista no territorio.**

É importante destacar que desde o Servizo de Turismo das Rías Baixas lídaranse os distintivos Q de Calidade turística seguindo a norma UNE-ISO 14785:2018 de oficinas de turismo. As oficinas de turismo xestionadas polo propio servizo de Turismo: Palacete das Mendoza e Mosteiro de Armenteira foron as pioneiras de Galicia en certificarse no ano 2014, e desde o 2015 incorporouse esta certificación ao punto de información turística do Aeroporto de Vigo. Así mesmo, desde o 2018 as oficinas e/ou puntos de información adheridos á Rede INFO RIASBAIXAS teñen a posibilidade de poder beneficiarse da obtención de distintivos de calidade da man de Turismo das Rías Baixas. Desde entón atópanse certificadas as oficinas de turismo de Caldas de Reis, Cangas (Casa da Bola), Baiona, A Illa de Arousa, Poio (Casal de Ferreirós), Nigrán (Dunas de Gaifar) e A Estrada. Cada ano, desde o servizo de Turismo

das Rías Baixas, tentárase que outras oficinas e/ou puntos de información adheridos á Rede INFO RIASBAIXAS se sumen e poidan certificarse.

As principais funcións da Rede de Oficinas Turísticas das Rías Baixas son:

Desenvolvemento dunha imaxe turística e cultura corporativa común.

Compartir o uso de plataformas de xestión, contidos multimedia e de información homoxéneos, respectando as singularidades de cada municipio e implementación de metodoloxías unificadas no servizo á persoa visitante.

Coordinación e soporte técnico entre o Servizo de Turismo da Deputación Foral de Pontevedra e as oficinas e puntos de información da provincia adheridos en materia de políticas turísticas e promoción.

Garantir que se dea resposta ás demandas de información turística de maneira homoxénea e baseada en actualizacións tanto de metodoloxía como de tecnoloxía.

Obter e xerar estatísticas fiables sobre os perfís do turista que visita a provincia co fin de ser capaces de definir e implementar unha estratexia de promoción.

5.4 DESTINO INTELIXENTE E SUSTENTABLE

Un Destino Turístico Intelixente é un destino turístico innovador, consolidado sobre unha infraestrutura tecnolóxica de vangarda, que garante o desenvolvemento sustentable do territorio turístico, que promove a accesibilidade para todos, que facilita a interacción e integración do visitante coa contorna e incrementa a calidade da súa experiencia no destino e mellora a calidade de vida das e dos residentes.

Esta definición integra **os alicerces sobre os que se sustenta un DTI: gobernanza, innovación, tecnoloxía, sustentabilidade, accesibilidade, as bases para a estratexia de desenvolvemento que garanten a competitividade a través dun proceso de mellora continua.** De aí que Rías Baixas aposte por este modelo de xestión dado que ten en conta, ademais da transversalidade da actividade turística, as características diferenciadoras que dotan o noso territorio dunha identidade propia que permite diferenciarnos e ser un dos principais motivos polos que os visitantes deciden gozar das súas vacacións no noso territorio.



Dende hai anos, o servizo de turismo das Rías Baixas apostou por adoptar as boas prácticas fomentadas polo proxecto de Destinos Turísticos Intelixentes da Secretaría de Estado de Turismo do Goberno de España, sendo un dos primeiros destinos en sumarse ao proxecto DTI e á rede DTI impulsada por Segittur. Debido a esta experiencia, desde a Deputación de Pontevedra quérese dar un novo paso máis ambicioso que suporá un salto cualitativo para todo o sector turístico. A marca Rías Baixas, a través deste novo plan estratéxico, non só quere fortalecer as liñas estratéxicas nas que leva traballando, senón que propuxo ser o primeiro territorio supramunicipal certificado pola norma UNE178501 Sistema de Xestión de Destinos Turísticos Intelixentes.

Os principais motivos que levaron ao Servizo de Turismo das Rías Baixas a traballar na certificación como DTI son:

A transformación dixital do sector turístico é unha enorme oportunidade para todo o sector e que permitirá atraer recursos económicos do Goberno do Estado e da Unión Europea.

Afianza a gobernanza do destino turístico mediante a implicación dos diferentes actores do ecosistema, así como o fortalecemento das estruturas internas de xestión nos diferentes niveis público-público e público-privado

Permitirá un incremento da competitividade, grazas ao mellor aproveitamento dos seus recursos turísticos e á identificación e creación doutros recursos de alto valor engadido.

Acelera o desenvolvemento sustentable do destino nas súas vertentes ambiental, económica e sociocultural. Ademais de aliñar estratexias e visións coa Axenda 2030 das Nacións Unidas.

Permite actualizar os produtos e servizos turísticos co obxectivo de ofrecer ás persoas viaxeiras hiperconectadas do século XXI experiencias óptimas.

Converte a estratexia turística na base para a dinamización económica do territorio garantindo os seus efectos positivos no longo prazo

Permite reducir a fenda dixital e a desigualdade mediante a adopción tecnolóxica no territorio, tanto no ámbito público como no privado.

Permite, ademais, consolidar esquemas colaborativos público-privados baseados na innovación e no protagonismo dos Big Data.

Reforza o valor da marca Rías Baixas.

É importante comprender a visión holística que as Rías Baixas están a desenvolver na súa transformación en Destino Turístico Intelixente, por iso resúmense no seguinte cadro as dimensións de traballo nas que se está traballando en cada un dos piares dun DTI:

Figura 7. Piares dun Destino Turístico Intelixente



Fonte: Segittur

Nos seguintes apartados detallaranse os diferentes planos específicos de traballo por eixo. Con todo, é importante resumir o enfoque de cada un dos eixos que compoñen o DTI. En primeiro lugar, **a análise da gobernanza realízase a través dunha visión estratéxica que garante o desenvolvemento futuro da actividade turística e a implementación das accións identificadas como estratéxicas para a marca Rías Baixas.** É importante desenvolver unha xestión eficiente, a través do uso racional dos recursos dispoñibles do territorio e garantir procedementos de transparencia e participación tanto da cidadanía como do sector turístico. **Este eixo desenvolve unha xestión responsable que fai máis eficiente a planificación e a xestión de riscos no destino, así como a medición das accións realizadas e os seus efectos.**

**Dende Deputación de Pontevedra que-
rese dar un novo paso máis
ambicioso que supoñería un salto
cualitativo para todo o sector turístico.**

O eixo da innovación xera un proceso de mellora continua dos servizos, da comercialización e a promoción e sobre a organización do ente xestor do destino. O proceso de mellora continua, realizado de forma sistemática, achega novas ideas ao Servizo de Turismo das Rías Baixas e facilita a xeración de valor, axudando a reducir os riscos da estratexia proposta. As dimensións máis relevantes do eixo de innovación son os procesos de xestión que analizan toda a cultura da innovación do Servizo de Turismo das Rías Baixas e doutros departamentos e institucións públicas implicadas no DTI. Doutra banda, analízanse os produtos e servizos para xerar produtos turísticos ou mellorar os existentes para dar resposta ao turismo hiperconectado do século XXI. A promoción, comercialización e o márketing xogan un rol fundamental na estratexia das Rías Baixas como destino turístico e hai que avaliar a forma en que a marca Rías Baixas xestiona a súa demanda real e potencial, así como a relación coa persoas visitante nas distintas etapas da viaxe. Finalmente, **no eixo de innovación, unha das dimensións fundamentais é a capacitación e o coñecemento que permiten, tanto aos responsables do ente xestor das Rías Baixas como aos diferentes actores do ecosistema turístico do territorio, estar permanentemente actualizados sobre as ferramentas, cambios legislativos e tendencias que marcan o ritmo dos avances tecnolóxicos do século XXI.**



Sen dúbida, cando falamos de transformación dixital e destino turístico intelixente, a tecnoloxía é o eixo que primeiro nos vén á cabeza, dado que esta foi a que supuxo un maior impacto desde o punto de vista da transformación sectorial, na forma en que se viaxa ou na que se xestiona un destino. A modo de exemplo, podemos falar dos sistemas de reserva online, a análise dos Big Data para a comprensión das persoas visitantes/clientela ou a incorporación de intelixencia artificial en diferentes procesos de xestión en toda a cadea de valor. Mais este escenario tecnolóxico tamén debe contemplar a enorme diversidade de solucións tecnolóxicas, a rápida obsolescencia ou o abaratamento progresivo das tecnoloxías no seu acceso. Por iso, **cando se analiza o eixo de tecnoloxía é importante analizar primeiramente as tecnoloxías aplicadas á gobernanza do destino dado que o ente xestor debe impulsar a implementación dunha arquitectura tecnolóxica que cubra as necesidades de toda a cadea de valor e dos axentes turísticos, incluíndo a formación e capacitación en tecnoloxía.** Alén disto, é importante ter en conta todas as ferramentas tecnolóxicas aplicadas ao márketing turístico que permiten ter un contacto permanente coas persoas visitantes, durante todas as fases da viaxe e a través de diferentes canles (omnicanalidade). **Un destino intelixente debe posuír unha infraestrutura de vangarda que permita a conectividade coa persoa turista durante todo o ciclo de viaxe, que facilite a dixitalización das pemes turísticas e faga máis eficiente os servizos públicos**

impactados pola acción turística. Finalmente, unha das dimensións máis destacadas do eixo tecnolóxico é o relativo ao coñecemento ou intelixencia turística. Se hai uns anos a información era a diferenza entre ter éxito ou non, **hoxe en día é o coñecemento o que permite aos destinos ser máis eficientes á hora de atraer turistas máis cualificados aos atributos do destino e que aumente a propensión do gasto das persoas visitantes ao lles ofrecer experiencia acorde ás súas demandas en tempo real.**



O proceso de mellora continua, realizado de forma sistemática, aporta novas ideas a Rías Baixas e facilita a xeneración de valor.

O terceiro eixo que traballa un DTI é a sustentabilidade, nos seus diferentes ámbitos, social, económico, cultural e ambiental. **A sustentabilidade debe contemplar a actividade turística a longo prazo, de forma que a xestión actual non condicione a actividade no futuro, tanto para as persoas visitantes como para as persoas residentes.** Os beneficios da actividade turística deben estar ben distribuídos na poboación local e, por tanto, é clave respectar a autenticidade e diversidade do destino, en especial a través da dimensión cultural. A xestión dos recursos ambientais, a súa conservación e a biodiversidade do destino son un dos aspectos máis importantes deste eixo de actuación, sen esquecer que o principal obxectivo da sustentabilidade é mellorar o benestar da poboación residente no destino e garantir o futuro ás novas xeracións. É importante tamén destacar o papel fundamental que ten a Axenda 2030 das Nacións Unidas, a pesar de que a crise sanitaria da covid-19 poida parecer que relegou a súa importancia; nada máis lonxe da realidade. A crise sanitaria pasará, grazas aos avances da ciencia, mais non hai que perder de vista que a seguinte crise mundial pode provir do cambio climático. Por tanto, esta é a razón pola que coidar os recursos naturais e traballar por conseguir aliñar as políticas e liñas estratéxicas da Deputación de Pontevedra cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) é máis importante que nunca. **As principais dimensións que se traballan no eixo de sustentabilidade**

son, primeiramente, a política turística, desde un punto de vista da sustentabilidade e responsabilidade co territorio. En segundo lugar, o grao de conservación da cultura e o seu patrimonio, como elemento diferencial do destino. En terceiro lugar, a conservación e mellora ambiental, como elemento clave para a pervivencia a longo prazo e finalmente, o desenvolvemento social e económico do destino.

Para terminar este resumo, queda definir o eixo da accesibilidade universal. Nun destino turístico intelixente, a **accesibilidade ten como finalidade o desenvolvemento dun “deseño universal para todas as persoas” que permita o acceso ao destino de todos e todas, sen exclusións de ningún tipo, garantindo o dereito en igualdade a desfrutar do destino dunha forma plena.** As principais dimensións deste eixo son en primeiro lugar o marco normativo para examinar a estratexia actual vinculada coa accesibilidade e os seus mecanismos de control, formación e sensibilización. En segundo lugar hai que analizar a xestión da accesibilidade, en especial a accesibilidade física e sensorial aos diferentes recursos turísticos do territorio. Acto seguido hai que traballar a implantación da accesibilidade en espazos públicos, infraestruturas e aos servizos turísticos. Finalmente, é importante desenvolver tecnoloxía accesible, en especial a través da análise das normas e estándares existentes.



5.4.1 Gobernanza

O destino turístico das Rías Baixas está formado pola área territorial da provincia de Pontevedra. O destino está delimitado xeograficamente ao norte coa provincia da Coruña, ao leste coa provincia de Ourense, ao sur con Portugal e ao oeste co océano Atlántico, polo que se pode describir o destino turístico das Rías Baixas como un destino diverso cunha forte presenza do turismo de natureza e turismo cultural. Aínda que o destino turístico das Rías Baixas é un destino consolidado desde hai moito, no ano 2014 tomouse a decisión de renovar a imaxe de marca co obxectivo de modernizar e mellorar a competitividade do destino Rías Baixas – provincia de Pontevedra, integrando así todo o territorio interior e costa.

Ao obxecto deste apartado de Gobernanza hai que destacar que as competencias turísticas do territorio recaen na Deputación de Pontevedra a nivel xeral e especificamente ao departamento de Servizo de Turismo das Rías Baixas.



A Deputación de Pontevedra é unha institución de goberno local creada por Real Decreto o 21 de setembro de 1835, que nace como administración provincial o 12 de febreiro de 1836 para centrar a súa actividade en tres accións: administrativa, económica e técnica. A provincia de Pontevedra é a menor das catro galegas, e está determinada pola agrupación de 61 municipios. O sector público, en xeral, e a administración local, en particular, han de estar próximos ás inquietudes da cidadanía e responder con prontitude e dilixencia ás súas necesidades. A implantación de sistemas de calidade na xestión permite alcanzar este obxectivo, de forma que se consegue unha maior satisfacción dos usuarios e usuarias e, ao mesmo tempo, optimízanse os recursos empregados e mellórase a eficiencia.

No que atinxe ao Servizo de Turismo, o seu obxectivo é motivar, dirixir e coordinar a actividade turística do destino Rías Baixas, co fin de proporcionar respostas e oportunidades, baixo un marco de referencia práctico, aos axentes turísticos do destino. As principais funcións son:

Desenvolvemento de instrumentos de política turística

para a planificación estratéxica do destino e a definición do modelo turístico territorial.

Impulso de instrumentos de fomento e desenvolvemento

de dinamización turística.

Plans de calidade e excelencia turística.

Orientación cara a un turismo sustentable.

Xestión e actualización do portal web <https://turismo-riasbaixas.com/>.

Fomento da actividade turística a través de medidas de apoio ao sector.

Coordinación da promoción turística a través de accións de reforzo de imaxe de marca, desenvolvemento de produtos estratéxicos e divulgación dos mesmos.

Xestión pública de servizos de interese para o sector,

como o desenvolvemento de servizos de información turística a través da Rede de Oficinas Rías Baixas.

Xestión pública de estudos turísticos e vixilancia

de destino desde o seguimento do observatorio turístico.

Coordinación e cooperación entre o sector público e privado,

como axente integrante do produto turístico en calidade de xestor de bens e servizos públicos

O Servizo de Turismo das Rías Baixas actúa como ente xestor do Destino Turístico Intelixente Rías Baixas coa responsabilidade, liderado e autoridade suficiente para establecer, implementar, manter e mellorar o sistema de xestión DTI. Corresponde ao Servizo de Turismo a responsabilidade da implantación da gobernanza e a xestión eficiente do sistema de xestión do DTI, propondo para a súa aprobación o organigrama, funcións e

responsabilidades, políticas de calidade e obxectivos do Destino Turístico Intelixente compatibles co marco territorial do destino Rías Baixas, a estratexia marcada por un Plan Estratégico e o seu seguimento, e procedendo á comunicación do DTI ás partes implicadas, integrando os requisitos do sistema cos procesos estratéxicos. Como ente xestor, o Servizo de Turismo das Rías Baixas asume as seguintes funcións:

1.

Desenvolver, establecer, implantar e velar pola mellora do sistema de xestión do Destino Turístico Intelixente das Rías Baixas, mediante a promoción da accesibilidade universal, o uso da innovación e a tecnoloxía para o desenvolvemento dun turismo sustentable a nivel económico, social e ambiental para a mellora da experiencia das persoas turistas e da cidadanía residente.

2.

Liderar a gobernanza do DTI Rías Baixas, que deberá ser acordada coa Presidencia da Deputación de Pontevedra e coa Mesa de Turismo.

3.

Ser capaz de integrar o tecido turístico local nas accións de desenvolvemento do destino Rías Baixas, coordinado de forma eficaz con outras políticas e/ou servizos da Deputación de Pontevedra e/ou outras entidades públicas. Establecendo así unha xestión transversal e coherente.

4.

Levar a cabo unha xestión aberta e participativa para o desenvolvemento turístico, mediante a participación e sensibilización social que fomente a interacción coa cidadanía, o Ente Xestor e as persoas visitantes.

5.

Desenvolver unha comunicación activa cara ao propio DTI

utilizando unha linguaxe e unhas canles de comunicación accesibles para todos e todas, mediante o uso de TIC e redes sociais, así como a difusión periódica de plans e obxectivos do DTI, información institucional e organizativa e presentación de indicadores.

6.

Controlar, mellorar e facer seguimento das accións,

fomentando a eficacia con respecto á política e obxectivos fixados na eficiencia e optimización de recursos.

7.

Velar polo cumprimento do Plan Estratégico

acorde aos eixos do DTI que se constitúen como referencia e guía do modelo de xestión, que dá cumprimento aos obxectivos establecidos.

8.

Definir roles, responsabilidades e autoridades do DTI.

9.

Promover a mellora continua e o apoio a outros roles

para demostrar o seu liderado aplicado ás súas áreas de responsabilidade delegando as responsabilidades e autoridade necesaria para:

Asegurar que o sistema sexa conforme cos requisitos da norma de referencia (UNE-178501).

Dirixir de xeito coordinado a implantación e adecuado desenvolvemento do sistema de xestión do Destino Rías Baixas.

Informar a presidenta sobre o desempeño do sistema e os procesos, do desenvolvemento dos eixos de gobernanza, accesibilidade, sustentabilidade e tecnolóxico, do destino e as súas oportunidades.

Dar conta á Mesa de Turismo do estado do sistema de xestión DTI.

Outro dos actores claves na gobernanza do DTI das Rías Baixas é a Mesa de Turismo que foi creada cun regulamento interno como medida coherente, para unha estratexia de desenvolvemento turístico sustentable da UE no marco do Plan Estratégico 2017-2020, co obxectivo de promover a coordinación entre institucións en materia turística. A Mesa de Turismo baséase na colaboración pública e privada, especialmente nos campos da coordinación, xestión, promoción, ordenación, innovación e internacionalización do destino Rías Baixas. **Constitúese como un órgano consultivo que representa o sector público e privado no ámbito turístico da provincia de Pontevedra** e cuxos obxectivos son:



Habilitar un marco físico de encontro público-privado entre os axentes implicados no desenvolvemento turístico da provincia.



Compartir os resultados anuais da Deputación en materia de turismo e a previsión das actuacións para desenvolver, favorecendo a transparencia na execución de actividades do Servizo de Turismo das Rías Baixas.



Recoller información útil directamente sobre a percepción do sector das súas necesidades e propostas.



Concienciar e sensibilizar sobre a importancia da cooperación público-privada no desenvolvemento turístico.



Promover a cultura de innovación do sector turístico da provincia, potenciando unha maior rendibilidade económica das actividades turísticas, unha xestión eficiente e a incorporación das novas tecnoloxías para a mellora da competitividade e a mellora da experiencia do visitante



Promover proxectos conxuntos innovadores que contribúan á desestacionalización, á sustentabilidade, á internacionalización, á accesibilidade universal e ao equilibrio territorial.



Debater calquera tema de relevancia para a posta en marcha do turismo na provincia



Actuar como Mesa de Calidade no marco do SICTED Rías Baixas

Finalmente, cómpre indicar que a composición da Mesa de Turismo é dun máximo de 20 membros e que se reunirán a través de dous encontros ordinarios ao ano:

O/A PRESIDENTE/A ,

que corresponde co/a presidente/a da Deputación de Pontevedra, ou a persoa en quen delegue.

3 REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

con cargos asociados ao desenvolvemento turístico da provincia:

Deputado/a de promoción turística, fomento de industrias turísticas e artesanía e Turismo das Rías Baixas.

Xefe/a do Servizo de Turismo das Rías Baixas.

Unha persoa de perfil técnico designado polo/a presidente/a da Mesa de Turismo.

1 REPRESENTANTE DE TURISMO DE GALICIA

que corresponde co/coa director/a da Axencia de Turismo de Galicia, ou persoa en quen delegue.

1 REPRESENTANTE DA SECRETARÍA XERAL DE TURISMO DO ESTADO

que corresponde co/coa secretario/a xeral de Turismo, ou persoa en quen delegue.

7 REPRESENTANTES DO SECTOR PÚBLICO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA:

Un/unha representante de cada municipio con máis de 50.000 habitantes.

. Dous representantes dos concellos declarados Municipios de Interese Turístico da provincia.

Un/unha representante dos destinos adheridos ao SICTED.

.Dous representantes de entidades supramunicipais de carácter público ou mixto que contén con obxectivos ou actividades que incidan no desenvolvemento turístico do territorio:

Un/unha representante de grupos de acción local participativa do sector pesqueiro (GALP) da provincia.

Un/unha representante doutras entidades con funcións específicas de xestión e promoción turística de carácter público ou mixto.

3 REPRESENTANTES DO ÁMBITO ACADÉMICO OU UNIVERSITARIO

da provincia vinculados á competitividade e á promoción turística:

. Un/unha representante do Mestrado de Turismo da Universidade de Vigo.

Un/unha representante do CFPI Manuel Antonio.

Un/unha representante do CFPI Carlos Oroza.

1 UN/UNHA REPRESENTANTE DO AEROPORTO DE VIGO

3 REPRESENTANTES DO SECTOR TURÍSTICO PRIVADO:

Un/unha representante da Agrupación industrial de Turismo de Galicia.

Un/unha representante da Federación Provincial de Hostalaría da provincia.

Un/unha representante do Ruta do Viño Rías Baixas.

TODA PERSOA

que de forma puntual e por proposta formal dalgún membro da Mesa de Turismo, e tras a aprobación da mesma, poida realizar achegas técnicas de interese para o desenvolvemento turístico da provincia ou en relación con algún punto específico a tratar na orde do día.

Dentro do eixo de gobernanza e unha vez definidos os actores do sector público, tamén é fundamental poder establecer diferentes actores do ecosistema turístico e que son fundamentais para ter un destino sólido e competitivo. Na parte pública atopamos:

Autonómico: Axencia de Turismo de Galicia.

Provincial: Deputación de Pontevedra (Servizo de Turismo das Rías Baixas)

Supramunicipal:

Mancomunidades (Área Intermunicipal de Vigo, O Morrazo, O Val Miñor, Terras do Deza, A Paradanta, O Salnés, O Baixo Miño, Valles del Ulla y Umia, Terras de Pontevedra)

Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR 13, 14, 15, 16 y 17)

Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro

(Ría de Vigo – A Guarda, Ría de Pontevedra y Ría de Arousa)

Municipal: 61 concellos da provincia.

Polo lado do sector privado, os principais axentes que se deben ter en conta serían:

Empresa privada

A industria turística abrangue unha ampla e variada tipoloxía de empresas e persoas autónomas: axencias de viaxes, restaurantes e cafetarías, empresas de turismo activo e aventura, guías de turismo, adegas, navieiras, servizos náuticos, portos deportivos, servizos de transporte terrestre, empresas de organización de congresos (OPC), palacios de congreso, recintos feirais, etc.

Tecido asociativo

Aquí destacan a Agrupación industrial de Turismo de Galicia, por ser a entidade máis representativa a nivel autonómico e por abranguer a práctica totalidade do sector, incluídas as principais asociacións territoriais e/ou sectoriais.



5.4.2 Innovación

O eixo de innovación debe ser entendido como o desenvolvemento e mellora de novos servizos, procesos, métodos de comercialización, así como a organización das prácticas internas do Servizo de Turismo de Rías Baixas e a súa relación coas persoas residentes e turistas ao obxecto de mellorar a competitividade do territorio. Cando o eixo de innovación se desenvolve de forma sistemática baixo un sistema de xestión establecido, a innovación achega novas ideas ao destino, xera valor de forma proactiva grazas a unha mellor comprensión das necesidades do DTI, axuda a identificar e reducir riscos, aproveita a creatividade e a intelixencia colectiva e, finalmente, obtén valor da colaboración de todas as partes involucradas, estimulando a implicación de todo o ecosistema turístico.

O Servizo de Turismo das Rías Baixas é consciente de que o **primeiro paso para facer chegar a innovación a toda a cadea de valor turística do territorio é aplicala nos procesos de xestión diarios para garantir que haxa unha cultura de innovación en toda a organización.** Neste sentido, o sistema de xestión co que traballa o Servizo de Turismo das Rías Baixas segue a estrutura PLANIFICAR-REALIZAR-COMPROBAR-ACTUAR (do inglés: plan-do-check-act) seguindo as recomendacións a de Norma UNE 178501, dado que a innovación é básica e transversal aos demais eixos para o desenvolvemento do DTI. **Traballar na dirección de converter as Rías Baixas nun DTI supón fixar unha estratexia de revalorización do destino mediante un mellor aproveitamento dos atractivos turísticos, na procura de produtos innovadores e na mellora da eficiencia.** Para iso, Turismo das Rías Baixas conta con múltiples fontes de información: business intelligence, big data, escoita de redes sociais, etc., que permiten ser máis eficientes e competitivos á hora de dar resposta a un ou unha turista en calquera ciclo da viaxe.

O Servizo de Turismo das Rías Baixas como ente xestor do DTI Rías Baixas impulsa a intelixencia no destino, a transferencia de coñecemento e a cooperación entre os diferentes actores do ecosistema. A visión da xestión do eixo da innovación do Servizo de Turismo das Rías Baixas pódese resumir perfectamente a través da análise das cinco forzas de Porter:

Poder de negociación dos clientes

O obxectivo é a mellora da calidade turística e o valor engadido ás persoas visitantes.

Ameaza de novos competidores entrantes

Mediante a análise competitiva preténdese coñecer os nosos destinos competidores.

Rivalidade entre competidores

O obxectivo é mellorar a experiencia turística no destino Rías Baixas.

Poder de negociación dos provedores

Trabállase en establecer estratexias de colaboración cos principais actores da cadea de valor.

Ameaza de novos produtos substitutivos

Realízase un esforzo importante por parte de todo o equipo do Servizo de Turismo das Rías Baixas na procura da diversificación de produtos.

Unha das dimensións máis relevantes que xera a innovación é a **necesidade de contar cun sistema de información relevante para fixar estratexias e impulsar a creatividade mediante a transformación de ideas potenciais en accións innovadoras**. Por iso, desde o Servizo de Turismo das Rías Baixas trabállase na identificación de necesidades de información relativas a:



Factores socio-político-culturais



Regulamentación e normativa de aplicación



Datos de conxuntura turística



Evolución do mercado turístico

Ademais, unha das liñas máis relevantes no proceso de transformación en DTI é o relacionado cun sistema **de vixilancia tecnolóxica e intelixencia competitiva** que facilite:



Identificación, análise, explotación e difusión de información.



Detección de destinos competidores.



Identificación de escenarios de evolución do mercado turístico co fin de orientar estratexias do Ente Xestor.



Alertar sobre innovacións técnicas que poidan supor unha oportunidade ou unha ameaza para o ente xestor ou para o DTI Rías Baixas.

Finalmente outra das liñas de traballo que se están desenvolvendo no eixo da innovación **é a previsión tecnolóxica e o fomento de ferramentas orientadas a impulsar a creatividade:**

Promovendo a xeración de novas ideas para o desenvolvemento de novos produtos, servizos ou campañas innovadoras.

Fomentando a xeración de ideas potenciais no Servizo de Turismo das Rías Baixas, susceptibles de transformarse en accións I+D+i.

Xerando ideas en base ás probabilidades de éxito atendendo a factores técnicos, ao Plan Estratégico e aos obxectivos DTI Rías Baixas.

Fomentando a participación das partes interesadas no DTI para a xeración de ideas.



Algunhas das principais ferramentas coas que o Servizo de Turismo das Rías Baixas traballa a innovación son:

Metodoloxías para a identificación de necesidades de información

Realízase un seguimento constante dos diferentes plans directores, dinamizadores de aplicación ou de interese a algún dos eixos do DTI Rías Baixas. Seguidamente contrólase calquera modificación ou actualización de regulamentación ou normativa turística ou administrativa de aplicación desde o ente xestor ou con incidencia no sector turístico do destino. Finalmente, contrólase diferentes datos de conxuntura turística con incidencia no destino Rías Baixas, así como do mercado turístico.

Ferramentas de vixilancia tecnolóxica e intelixencia competitiva

Emítense informes semestrais por defecto, indicando as conclusións da procura ou aqueles aspectos técnicos que puidesen ser ameazas ou oportunidades de mercado, así como aspectos económicos que sexan de interese para o DTI Rías Baixas, detallando as fontes consultadas.

Os devanditos informes elévanse ao ente xestor cunha proposta de accións a levar a cabo, para que desde o eixo de gobernanza se poidan definir as decisións ou tomas de decisión.

Previsión tecnolóxica e Creatividade

Seguindo o marco do Plan Estratégico de Turismo e tendo en conta os obxectivos do DTI Rías Baixas, prográmanse reunións anuais que terán por obxectivo:

Xerar ideas tendo en conta os criterios de selección predeseñados.

Presentación de problemáticas observadas.

Análise e selección de ideas derivadas da vixilancia tecnolóxica.

Fomentar a creatividade para a xeración de novos produtos e/ou campañas.

Impulsar a participación das partes interesadas chegando a acordos na Mesa de Turismo.

Unha das accións transversais máis relevantes que está a levar a cabo a Deputación de Pontevedra en materia de innovación, desde o ano 2016, é **SmartPeme**. Trátase dun **servizo de asesoramento no uso das TIC orientado ao tecido empresarial co obxectivo de axudar as empresas da provincia a impulsar novos servizos e a seren máis competitivas**. SmartPeme ca-

nalízase a través dunha rede de puntos físicos composta por sete centros, distribuídos estratexicamente por toda a provincia de Pontevedra, para chegar a innovación aos autónomos, emprendedores e pemes.

SmartPeme componse de catro grandes liñas de acción:




Asesoramento individualizado

baseado no uso das Novas Tecnoloxías no ámbito empresarial, distinguindo entre diferentes bloques: presenza 2.0, imaxe, software de xestión e ferramentas ofimáticas.



SmartPeme Impulsa ofrece asesoramento e capacitación na mellora da competitividade global dos negocios. As temáticas que se abordan están relacionadas co crecemento empresarial, a innovación e a internacionalización.



Centro Provincial de Economía Dixital situado en Barro-Meis e apoiado nas instalacións do FabLab que a Deputación ten no viveiro de empresas. O centro xorde co obxectivo de dar a coñecer as solucións tecnolóxicas máis novas no ámbito empresarial, entre as que se inclúen impresión 3D, robótica, Big Data e realidade aumentada, entre outras.



TurisTIC é unha ferramenta enfocada no asesoramento tecnolóxico específico para o sector turístico, dada a relevancia que ten o sector na provincia. Busca axudar a mellorar o uso e a adaptación dixital das empresas do sector, dotándolas de ferramentas para mellorar a súa competitividade e eficiencia.

De cara á análise do eixo de innovación turística é importante analizar en maior detalle o valor achegado desde TurisTic dado que desde o ano 2018 se puxo en marcha a carteira de servizos específica para o sector turístico, debido á súa relevancia na provincia. **En TurisTic realízanse asesoramentos tecnolóxicos personalizados para as empresas turísticas en web, motores de reservas, márketing dixital, redes sociais, talleres formativos específicos, ademais de actividades formativas de demostración de solucións tecnolóxicas específicas para o turismo.**

Tamén é importante destacar o programa de aceleración de empresas para o sector turístico da provincia que consiste nunha aceleradora con asesoramento e formación máis intensiva para empresas do sector ou empresas con solucións tecnolóxicas destinadas para eles. Ate agora realizáronse tres convocatorias. Así mesmo, realizáronse dúas xornadas TurisTIC, con mesas redondas e relatorios nas que asistiron ao redor de 200 persoas, entre asistentes e relatores convidados. Na primeira xornada celebrada en 2018 entregáronse os premios #PontevedraProvincia Talento Turístico 2018 ás seguintes categorías:

Talento Turístico Sustentable. Empresas turísticas que promovan unhas políticas sustentables no desenvolvemento do seu servizo turístico.

Talento Turístico Innovador. Empresas turísticas que integren dentro dos seus produtos ou servizos turísticos ferramentas cun impacto relevante (capital humano, procesos, industria, servizos, dixitalización, etc.)

Talento Gastronómico. Novos talentos do eido da cociña que presenten un proxecto onde se poña en valor a innovación na cociña e o respecto polo produto Km0 do territorio.

Talento Experiencial. Acción de promoción turística presentada polos xornalistas, bloggers, influencers, etc., mediante canles ou ferramentas dixitais que fosen exitosas ou virais.

□ **Talento TIC. Premio á solución máis innovadora desenvolvida por un provedor de ferramentas e servizos TIC, especificamente para o sector turístico.**

En TurisTic realízanse asesoramentos tecnolóxicos personalizados para as empresas turísticas ademais de actividades formativas de demostración de solucións tecnolóxicas específicas para o turismo.

E dentro do marco da segunda xornada, celebrada no 2019, realizouse o primeiro Hackathon Destino para desenvolver solucións tecnolóxicas para o sector durante dous días na sede de Deputación en Vigo no que participaron ao redor de 30 persoas, informáticos e profesionais do turismo. É importante destacar que TurisTIC representa en torno ao 5% dos asesoramentos totais de SmartPeme, tras realizar 608 asesoramentos a 223 empresas dentro do sector turístico e tras organizar 117 actividades formativas ás que asistiron 710 persoas. Dos diferentes puntos de información que ten o programa nas que se realizaron máis asesoramentos destacan as oficinas de Pontevedra, con 236, Vigo con 121 e Cambados con 118 asesoramentos.

5.4.3 Tecnoloxía

O eixo tecnolóxico é a base sobre a que se asenta a estratexia de transformación nun DTI. Por iso, Deputación de Pontevedra leva traballando desde o 2015 na aplicación de ferramentas tecnolóxicas que permitan situar as Rías Baixas como un destino innovador que desprega tecnoloxía para ofrecer unha mellor experiencia á persoa visitante e dotar o sector empresarial de solucións TIC. É importante destacar que o sistema tecnolóxico do ente xestor do DTI Rías Baixas está apoiado polo servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra, que dá soporte e mantemento, polo que existe un orzamento destinado a esta área.

No escenario dos rápidos cambios tecnolóxicos que actualmente experimentan os destinos, **Turismo das Rías Baixas desprega a iniciativa Tourist Inside como proxecto que ten como principal obxectivo avanzar na transformación da provincia de Pontevedra como Destino Turístico Intelixente, mellorando a eficiencia enerxética e reducindo a pegada de carbono asociada á actividade da provincia.** Así mesmo, no referente á actividade turística, preténdese fomentar a interoperabilidade con distintas administracións e axentes, promovendo o acceso transparente e universal aos datos públicos dos servizos (tanto para a súa consulta como para a súa reutilización) por parte da cidadanía, visitantes, profesionais e empresas, implantando ferramentas e sistemas baseados en estándares interoperables e impulsando métricas de medición da satisfacción cidadá e a dos seus visitantes, o aforro de enerxía e a redución da pegada de carbono, xerando riqueza na contorna turística da provincia.

As accións contempladas no eixo tecnolóxico do novo Plan estratéxico de Turismo están enfocadas, en primeiro lugar, a evolucionar as ferramentas tecnolóxicas coas que traballa o departamento de Turismo das Rías Baixas e en segundo lugar, desprezar novas solucións que aceleren o proceso de conversión en DTI. Por iso, é importante facer unha breve radiografía do estado tecnolóxico actual:

Plataforma TRB (plataforma do destino Rías Baixas)

Esta ferramenta dá soporte ao modelo de servizos turísticos da provincia de Pontevedra, promovendo a mellora da competitividade das pemes do sector turístico e dando cobertura tanto aos profesionais do sector como aos usuarios dos destinos. Esta plataforma permítelles a turistas e visitantes a posibilidade de realizar accións tales como: procuras, demandar servizos, planificar a súa viaxe, etc. É importante destacar que esta ferramenta se conecta co resto de ferramentas tecnolóxicas, mais non están sincronizadas entre si: xestor de contidos e canles web, sistema de xestión de recursos turísticos (SXRT), CRM, xestor de contidos multimedia (TEBAS) e ao soporte do observatorio (BI).

Xestor de contidos e canles web

Este compoñente fai referencia á páxina web do destino Rías Baixas que ten tres módulos diferenciados. En primeiro lugar, está o portal turístico (<https://turismoriasbaixas.com/>), é dicir, a área pública do portal web, destinada a turistas e visitantes da provincia de Pontevedra. Serve como punto de referencia para a difusión da información sobre o destino e presenta os servizos dispoñibles para turistas.

O deseño do portal é web responsive para que poida ser visualizado desde diferentes dispositivos. Inclúe a modalidade de accesibilidade que implementa a funcionalidade TTS (Text-to-Speech) e cumpre coas normas de accesibilidade AA definidas polo W3C. Cada recurso turístico atópase parametrizado mediante tipo/subtipo e atributos, pero a web dispón de buscadores contextualizados que permiten tanto procuras simples como avanzadas mediante a incorporación de filtros preseleccionados. En segundo lugar, está a intranet que é a área privada do portal web, destinada a turistas e visitantes da provincia de Pontevedra que estean rexistrados, que almacena a información no CRM. Finalmente, está a extranet que é a área profesional destinada a profesionais do sector turístico da provincia de Pontevedra que serve como ferramenta de xestión dos recursos propios, publicación de servizos e promocións. É importante destacar que o xestor de contidos se conecta co CRM para obter información do tipo de usuario e adecuar contidos ao seu perfil, tamén se conecta co sistema de xestión de recursos turísticos (SXRT) para a procura de fichas informativas de cada recurso inventariado e, finalmente, conéctase ao xestor de contido multimedia (TEBAS) para realizar consultas de imaxes e vídeos sobre recursos turísticos.

CRM

Este sistema de xestión de relacións con clientes diferencia dous tipos de perfís, turistas e profesionais do sector turístico, e emprégase principalmente para a explotación de todo o contido que estes introducen no sistema a través dos portais web.

No CRM gárdase toda a información das transaccións que os turistas realizan coa plataforma TRB, para poder realizar un trato máis personalizado ás súas preferencias. Entre as funcionalidades máis destacadas desta ferramenta atópanse a xestión de caixas de correos de usuario (queixas, suxestións, petición de información, etc.), a xestión de caixas de correos de perfil profesional, a xestión de campañas de márketing, o sistema de enquisas e a introdución dos datos do observatorio. É importante destacar que mediante o módulo de enquisas as oficinas de turismo da rede poden recoller información sobre o perfil das persoas turistas e a súa satisfacción.

XESTOR DE CONTIDOS MULTIMEDIA (TEBAS)

A plataforma Smart Destination Rías Baixas dispón dunha solución para a xestión dos seus ficheiros multimedia chamada TEBAS. Este xestor permite aos usuarios de Turismo das Rías Baixas xestionar os preto de 111.200 ficheiros existentes na fototeca: imaxes e vídeos almacenados en equipos locais e imaxes de experiencias, promocións, eventos ou márketing da plataforma.

SISTEMA DE XESTIÓN DE RECURSOS TURÍSTICOS (SXRT)

Esta ferramenta permite xestionar a información relativa aos recursos turísticos segundo os roles e perfís dos usuarios que acceden a el. A esta ferramenta poden acceder tanto os profesionais do sector como o persoal da deputación para xestionar toda a información asociada ao conxunto de recursos e establecementos turísticos da provincia de Pontevedra. Os recursos turísticos que se xestionan mediante este sistema son, por unha banda, bens de patrimonio cultural como museos, xacementos arqueolóxicos, arquitectura, festas, eventos, Camiño de Santiago e as Camelias e destinos de natureza e, doutra banda, están os recursos asociados á infraestrutura turística como por exemplo, aloxamentos, restauración, lecer, deporte, transportes, enoturismo, congresos, comercios e oficinas de turismo. Actualmente o sistema dispón dunhas 8.800 fichas de recursos turísticos.

OBSERVATORIO BI

A Deputación de Pontevedra dispón dunha contorna analítica da actividade turística que proporciona información agregada e consolidada, así como indicadores calculados e KPIs de interese. O sistema de BI actual está baseado na parametrización dunha lista de indicadores por dimensións cos que se definen unha serie de informes.

As accións contempladas no eixo tecnolóxico do novo Plan estratéxico de Turismo están enfocadas a evolucionar as ferramentas tecnolóxicas coas que traballa o departamento de Turismo das Rías Baixas e desprezar novas solucións que aceleren o proceso de conversión en DTI.

Unha vez descrita a situación actual relativa aos principais sistemas informáticos e tecnolóxicos cos que traballa o Servizo de Turismo das Rías Baixas pasamos a describir **as principais actuacións que se desenvolverán no eixo de tecnoloxía ao longo do presente plan estratéxico, enmarcadas dentro da liña estratéxica denominada Tourist Inside.**



ACCIÓN 1

O primeiro compoñente a desenvolver será unha Plataforma de Destino Turístico Intelixente.

A plataforma dotará o Servizo de Turismo das Rías Baixas de intelixencia turística mellorando a experiencia dos e das turistas, impulsando a convivencia entre as persoas residentes e as persoas visitantes e ofrecendo ao xestor unha visión integral do destino que facilitará a toma de decisións e a identificación de oportunidades de negocio orientadas a incrementar a eficiencia, sustentabilidade e calidade dos servizos. **A plataforma actuará como núcleo integrador do proxecto e prestará servizo ás entidades asociadas á Deputación e aos concellos da provincia.** Así mesmo, permitirá a coordinación e integración dos diferentes compoñentes tecnolóxicos que se van desprazar na estratexia DTI, fomentando a interoperabilidade coas ferramentas existentes e maximizando o aproveitamento da información.

É importante destacar que esta plataforma, ademais de ser interoperable cos diferentes sistemas tecnolóxicos da Deputación mediante o cumprimento da norma de interoperabilidade UNE 178104-2017 "Sistemas Integrados de Xestión da Cidade Intelixente. Requisitos de Interoperabilidade para unha Plataforma de Cidade", contará ademais cunha solución de Business Intelligence que explotará a información almacenada desde os distintos servizos na plataforma para a súa análise e a elaboración de Cadros de Mando e Analítica Preditiva, o que mellorará na toma de decisións por parte do Servizo de Turismo das Rías Baixas.

ACCIÓN 2

Esta segunda acción ten como obxectivo converter, mediante innovación e tecnoloxía, o centro de recepción de visitantes do Palacete das Mendozas nun recurso turístico que poña en valor o seu legado histórico.

A actuación incluírá o deseño, adecuación, posta en marcha e lanzamento dun espazo físico totalmente disruptivo e innovador que ofrezca aos visitantes unha experiencia de inmersión, mediante un paseo virtual polo palacete. **O obxectivo é impulsar a actividade turística na provincia, principalmente mediante o uso de dispositivos dixitais, técnicas de realidade virtual e contidos de inmersión.** Este despregamento tecnolóxico desenvolverase tamén na rede de oficinas de turismo das Rías Baixas.

Con esta actuación perséguese o obxectivo de lograr a excelencia na promoción e comunicación coa persoa visitante no destino, tendo en conta as novas demandas e necesidades dos/as turistas da sociedade da información.

ACCIÓN 3

Esta iniciativa permite a **evolución do Xestor de Contidos Multimedia** que servirá como **repositorio dos diferentes contidos turísticos, tanto do portal web como da app turística, ou outras canles existentes ou futuras.**

Esta evolución permitirá contar con funcións de integración que faciliten a importación automática de recursos turísticos desde outras plataformas de turismo propias da Deputación permitindo a promoción turística dos destinos incluídos no proxecto actual ou en futuros proxectos.

Entre as principais funcionalidades está a integración con motores de busca, a mellora nos sistemas de información xeográfica (ou GIS polas súas siglas en inglés), unha axenda de eventos máis cualificada, integración con sistemas de valoración en diferentes canles sociais e mellorar a semántica dos contidos turísticos.

ACCIÓN 4

Esta iniciativa permitirá a Turismo das Rías Baixas **despregar polo territorio unha serie de tótems interactivos que ofrezan información sobre atractivos turísticos das Rías Baixas, o que permitirá crear un novo modelo de relación entre a Deputación, a cidadanía e a persoa visitante.**

Estes tótems permitirán que o visitante interactúe cos contidos da web, o portal web de promoción turística e as redes sociais da Deputación. Ademais, mostrará información de tipo turístico (puntos de interese, roteiros, planificador de visitas, gastronomía, aloxamentos, eventos, etc.) permitindo a interacción coa cidadanía e as persoas visitantes. Tamén se visualizará información de fontes externas de información (tales como fontes meteorolóxicas, de transporte, etc.).

A Deputación de Pontevedra prevé un **despregamento de máis de 20 tótems intelixentes distribuídos polo territorio das Rías Baixas** co obxectivo de ofrecer unha mellor experiencia turística en todo o territorio. A continuación detállanse as principais localizacións previstas para instalar os tótems:

Edificio multiúsos (Praza de España) en Meis
Baiona
Cima do Monte Santa Trega na Guarda
Cangas
Cambados
Caldas de Reis
Catoira
Bueu

Moaña
Marín
Silleda
Ribadumia
Meaño
As Neves
A Illa de Arousa
Cuntis
Poio

Nigrán
Salvaterra do Miño
Mosteiro de Armenteira
Porto deportivo de Sanxenxo
Museo da Conserva (A Illa de Arousa)
Casal de Ferreirós
Castelo de Soutomaior

ACCIÓN 5

Para dar resposta aos turistas dixitais do século XXI, **Rías Baixas despre-
gará un mapa interactivo que ofrecerá información sobre os princi-
pais atractivos turísticos da provincia, que será accesible para todos
co fin de favorecer a interacción da persoa visitante nas diferentes
canles tecnolóxicas.**

Os contidos turísticos do mapa interactivo serán os principais recursos
turísticos xeolocalizados, provenientes do SXRT e do xestor de contidos
utilizado polo Servizo de Turismo das Rías Baixas. É importante destacar
que toda a interacción da persoa usuaria co mapa interactivo realizarase a
través da pantalla e de forma táctil, sen utilizar ningún tipo de dispositivo
adicional.

ACCIÓN 6

Unha das accións máis relevantes que un destino pode realizar para os
súas persoas visitantes é ofrecerlles contidos que mostren un destino se-
guro, amable, innovador e que lles permita descubrir os recursos turís-
ticos de maneira diferente ao que están afeitas. Por iso, **Turismo das
Rías Baixas vai traballar na xeración de contidos dixitais de realidade
virtual, visitas virtuais, audio-guías e vídeo-guías relacionados con
recursos turísticos, que faciliten á cidadanía e ás persoas visitantes
información de interese dunha forma dinámica, atractiva e adaptada
ao perfil da persoa visitante do século XXI.**

A utilización destes contidos ten como obxectivo conseguir que a experien-
cia da visita turística ao destino sexa máis atractiva e diferenciadora que
unha visita turística tradicional. Estes contidos serán accesibles a través
de soportes físicos interactivos (tablets, teléfonos intelixentes, pantallas de
realidade aumentada, lentes 3D, etc.) conxugados con recursos turísticos,
culturais, patrimoniais e de lecer e complementados con tecnoloxías de
realidade aumentada e/ou contornas virtuais.

ACCIÓN 7

Hoxe en día todas as persoas fixemos do teléfono intelixente ou smartphone unha extensión propia. Por tanto para poder descubrir un destino turístico é imprescindible que este se mostre a través dunha app turística potente, innovadora e que aproveite ao 100% as posibilidades dos diferentes dispositivos móbiles.

Esta acción ten como obxectivo desenvolver unha aplicación móbil turística que facilite aos turistas información ou actividades a realizar no territorio das Rías Baixas. As principais funcionalidades da nova app serán:



Mellores experiencias do destino: listaxe das dez categorías de experiencias máis importantes do destino.



Caderno de viaxe: neste apartado realizáranse propostas de itinerarios, con posibilidade de modificalos. Permitirase tamén a personalización da ruta, agregando ou suprimindo localizacións, experiencias e recursos turísticos.



Guía de viaxe das Rías Baixas: aquí proporcionarase información de utilidade sobre as Rías Baixas, tales como, información meteorolóxica, como chegar, como moverse polo territorio, guías, mapas, audioguías e teléfonos de interese.



Sistema de realidade aumentada e virtual.



Perfil da persoa usuaria: aquí poderanse indicar datos ou preferencias que se apliquen ás procuras nos distintos apartados de navegación, de forma que os resultados sexan máis personalizados.



Sitios por descubrir preto da persoa usuaria: a aplicación móbil seleccionará automaticamente mediante o sistema de localización do dispositivo móbil os puntos de interese ou destinos turísticos máis próximos á súa localización xeográfica.



Beacons para descubrir recursos do destino.



Mapa Interactivo.

ACCIÓN 8

Turismo das Rías Baixas vai desenvolver un **piloto de Smart Beach onde a xestión de resultados en praias será unhas das accións principais co obxectivo de reducir a contaminación e ofrecer unha contorna respectuosa co medio ambiente.**

Implantarase unha solución que permita realizar de forma máis eficiente a limpeza e xestión de papeleiras, mediante a medición da capacidade de enchido das papeleiras en praia América, pertencente ao Concello de Ni-grán. Ademais, realizarase o despregamento dunha solución que permitirá coñecer a afluencia de persoas aos espazos da praia, a control e visualización da concorrencia en tempo real de persoas, así como o consumo de auga nas duchas situadas na mesma.

Finalmente, instalarase unha estación meteorolóxica para coñecer as condicións meteorolóxicas en tempo real e ofrecer información á persoa visitante en todo momento. Os principais parámetros de información facilitados pola estación á persoa visitante (e ás persoas residentes) serán a presión atmosférica, radiación solar, humidade relativa do aire, precipitación, temperatura, dirección e velocidade do vento e radiación UV.

ACCIÓN 9

Esta liña de acción vai permitir á Deputación de Pontevedra **despregar unha ferramenta de Customer Relationship Management (CRM) para o almacenamento e tratamento de información completa de cidadáns e cidadás (residentes e visitantes) e organizacións, pondo especial énfase na comunicación e a visión das súas actividades e intereses relacionadas co sector do turismo.**

O coñecemento xerado a través deste compoñente debe permitir incrementar a calidade da atención e personalizar os servizos, adaptándoos ás necesidades dos individuos e profesionais e promovendo que sexan copartícipes dos servizos que consomen.

O CRM permitirá recoller información tanto das persoas como das organizacións, así como da actividade que estas realizan, na súa interacción a través do portal web e da aplicación móbil, para posteriormente avaliar e medir diferentes indicadores e poder tomar decisións dirixidas a mellorar o nivel de satisfacción dos mesmos.

ACCIÓN 10

A través desta acción realizarase a posta en marcha dun **sistema de sinalización turística, que permitirá incorporar novas tecnoloxías en emplacements turísticos de especial interese para ofrecer información de calidade á persoa visitante.**

Especificamente levarase a cabo un despregamento dunha rede de balizas de radio de baixo consumo (coñecidas como beacons) ao longo do territorio das Rías Baixas que mellorarán a experiencia do visitante a través da app turística. **A Deputación de Pontevedra despregará por volta de 350 beacons polos principais recursos turísticos do territorio.**

ACCIÓN 11

Tal como se foi explicando ao longo do plan estratéxico, a intelixencia turística é un dos alicerces fundamentais no que recae a estratexia das Rías Baixas como DTI. É fundamental traballar coas ferramentas que permitan coñecer as opinións das persoas visitantes para mellorar a súa experiencia no noso territorio. Por iso, **desenvolverase unha análise do comportamento turístico e da satisfacción das persoas visitantes a través da información obtida nas redes sociais e webs vinculadas ás opinións da demanda, que permitan obter información da imaxe de marca da Deputación para determinados segmentos da poboación.**

Turismo das Rías Baixas levará cabo análises de Big Data, a partir da información extraída das redes sociais, co obxectivo de ofrecer **unha ferramenta de intelixencia turística que permita ter un maior coñecemento** do segmento da poboación obxecto de estudo, composto polas persoas turistas nacionais e internacionais que visiten o destino turístico en cuestión, así como coñecer a percepción de Pontevedra como destino turístico.

Esta acción permitirá mellorar a posición de marca da provincia de Pontevedra como destino turístico, permitindo que a análise exhaustiva dos datos poida dar lugar a accións que xeren un aumento da presenza e mellor valoración nas redes sociais, así como analizar o impacto de campañas de márketing e eventos que desenvolva a Deputación de Pontevedra.

5.4.4 Sustentabilidade

Como se veu comentando ao longo do plan estratéxico, a Deputación de Pontevedra leva comprometida coa sustentabilidade desde hai anos e é consciente de que os seus elementos diferenciais fronte a outros destinos ciméntanse **nos seus atributos sociais, culturais e ambientais**.

Froito deste compromiso, a Deputación de Pontevedra desenvolveu o plan de sustentabilidade turística da provincia en 2020. No devandito plan non só se definen os eixos e as accións para acometer nos próximos anos, senón que se aliña a totalidade da estratexia respecto á Axenda 2030 das Nacións Unidas e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS). Ademais, o devandito plan está perfectamente aliñado coas Directrices Xerais da Estratexia de Turismo Sustentable de España 2030.

A visión é clara, avanzar na implementación de medidas concretas que melloren a oferta turística e fagan máis competitivo o turismo nas Rías Baixas mais sempre desde un enfoque de sustentabilidade.

O Servizo de Turismo das Rías Baixas é ben consciente de que o aumento da presión da poboación xunto cos efectos producidos polo cambio climático cambiarán para sempre os principais atractivos do noso territorio, facendo aínda máis relevante a relación bidireccional que o turismo ten co medio ambiente. Por iso, a calidade e a conservación do medio ambiente é fundamental para o éxito do turismo nas Rías Baixas.

É importante destacar que o noso turismo hoxe en día está marcado pola estacionalidade, a atomización do noso territorio e unha dependencia de certos produtos, como o “sol e praia” ou a cultura, así como nos mercados emisores europeos e de proximidade. Ante este escenario, a sustentabilidade parece a única vía posible para manter un crecemento controlado que axude a distribuír a riqueza de maneira máis equitativa na nosa sociedade, utilizando o turismo como instrumento de conservación da riqueza dos activos das Rías Baixas. **A diferenciación e o atractivo das Rías Baixas no mercado ha de basearse no uso do turismo como instrumento de conservación das riquezas naturais, patrimoniais e culturais, que preserve os atributos innatos das Rías Baixas e fomente os elementos diferenciais entre os visitantes como principal reclamo turístico.**

O eixo de sustentabilidade deste plan estratéxico traballa nas catro áreas de actuación que marca o plan de sustentabilidade turístico. As devanditas áreas son:

A gobernanza e o ente xestor das Rías Baixas como DTI para aliñar as visións, accións e orzamentos para a consecución dos obxectivos marcados.

O sector turístico privado e público da Deputación de Pontevedra para a definición e o desenvolvemento de ferramentas que faciliten o desenvolvemento do sector nunha época de cambios e incerteza que marcarán o futuro da provincia.

As institucións públicas que compoñen o territorio, como son os concellos, mancomunidades e outros órganos de xestión, para axudalas a que se convertan en axentes do cambio e desenvolvan políticas que involucren todos os actores do ecosistema turístico.

As persoas, tanto residentes como cidadás, para que o turismo se converta no elemento social que fomente o intercambio cultural e laboral, á vez que se traballa en erradicar a desigualdade e o despoboamento rural do territorio.



En cada área de actuación, o plan de sustentabilidade marca unha serie de liñas estratéxicas xunto con accións operativas para desenvolver nos próximos anos. Este plan estratéxico de turismo vai en liña coa operatividade do plan de sustentabilidade dentro deste eixo no marco do DTI. A continuación, defínense as liñas estratéxicas da área de sustentabilidade nas que traballa o Servizo de Turismo das Rías Baixas:

Noso turismo hoxe en día está marcado pola estacionalidade, a atomización do noso territorio e unha dependencia de certos produtos.

1. GOBERNANZA TURÍSTICA DO SERVIZO DE TURISMO DAS RÍAS BAIXAS

Seguindo as recomendacións reflectidas na norma UNE178501, Requisitos de Xestión dun DTI no apartado sobre gobernanza, a Deputación de Pontevedra aproba que o ente xestor do DTI sexa o responsable da xestión da sustentabilidade, por tanto, **o Servizo de Turismo das Rías Baixas é o responsable do desenvolvemento das accións en materia de sustentabilidade turística e de alinear a operatividade cos diferentes departamentos da Deputación de Pontevedra para o cumprimento dos ODS, sendo por tanto o responsable de definir a gobernanza en materia turística e coordinar o ente xestor do DTI.** A gobernanza definida polo Servizo de Turismo senta, por tanto, as bases do modelo a seguir e garante ao mesmo tempo un desenvolvemento turístico equitativo e sustentable para a poboación local e as persoas visitantes.

Os principais plans de acción definidos polo Servizo de Turismo nesta liña estratéxica son: o desenvolvemento de canles de comunicación participativas cos diferentes actores do ecosistema turístico, o establecemento dun sistema de indicadores que supervise a gobernanza, o establecemento de criterios de contratación responsable en materia de turismo e, finalmente, o impulso da transferencia de coñecemento turístico.



2. PLAN DE SUSTENTABILIDADE EN EDIFICIOS PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN

O patrimonio cultural e arquitectónico xestionado pola Deputación de Pontevedra é un dos atributos turísticos máis importantes das Rías Baixas. É por iso que se están realizando melloras para que os edificios que xestiona Turismo das Rías Baixas e que son propiedade da Deputación sexan máis eficientes, tanto enerxética como hidricamente, e máis respectuosos co medio ambiente. Este predios serían o Palacete de Mendoza, o Castelo de Soutomaior e o Castelo de Sobroso.

As outras accións dentro desta liña estratéxica son a realización de plans de eficiencia enerxética, de eficiencia hídrica e de xestión de residuos para o resto dos edificios propiedade da Deputación, co obxectivo de que haxa un menor impacto ambiental con respecto ao uso dos recursos dispoñibles e, traballar na súa óptima conservación futura. Desenvolverase ademais un plan de sensibilización destinado a todo o persoal de Deputación en materia de sustentabilidade turística



3. COMPROMISO DE SUSTENTABILIDADE NO TURISMO PARA O SECTOR TURÍSTICO PÚBLICO-PRIVADO

Tal como se comentou anteriormente, unha das principais leccións aprendidas nesta crise é que a colaboración entre os diferentes actores é crucial para reforzar o sistema turístico, polo que a colaboración entre institucións públicas e privadas se sitúa como un elemento clave. Por iso, o **Servizo de Turismo está a traballar na creación de sinerxías público-privadas que faciliten, a través da comunicación multidireccional, o emprendemento, o desenvolvemento sectorial de calidade e con garantías, así como a adecuación da normativa vixente en materia de sustentabilidade.**

Para a creación das devanditas sinerxías creouse a Mesa de Turismo Sustentable coa idea de que os participantes puidesen optar a financiamento público, recibir educación continua e participar na toma de decisións cara a un turismo equitativo e sustentable. **As principais actuacións que se desenvolverán neste plan son, o deseño de diferentes accións encamiñadas a mellorar a sustentabilidade turística da provincia (creación de produtos sustentables, eventos, campañas de sensibilización, etc), a elaboración dun plan de mellora do emprego local e outro no plano social que promova a igualdade, o acceso á vivenda e a accesibilidade aos recursos.** Finalmente realizaranse accións formativas e de capacitación en materia de sustentabilidade turística.



4. COMPROMISO DE SUSTENTABILIDADE NO TURISMO PARA O SECTOR TURÍSTICO PÚBLICO-PÚBLICO

Reforzar a concienciación en materia de sustentabilidade por parte dos encargados de tomar as decisións públicas e impulsar diferentes iniciativas entre institucións públicas do territorio das Rías Baixas son dúas necesidades que se queren cubrir neste plan estratéxico. Por iso, a comunicación a todos os niveis dentro da administración convértese noutro dos alicerces fundamentais nos que basear a nova estratexia turística cara á sustentabilidade. A devandita comunicación debe estar baseada no benestar da poboación local e na protección do patrimonio ambiental, natural, cultural e etnográfico e no impulso de iniciativas para o desenvolvemento da actividade turística responsable.

As principais liñas de acción son a implantación dunha mobilidade máis sustentable mediante a mellora de convenios entre diferentes institucións das administracións públicas, a elaboración de manuais e protocolos de actuación para identificar, anticipar e dar resposta a riscos ambientais e emerxencias reais e, por último, o desenvolvemento de programas de concienciación entre funcionariado e persoal empregado no sector público.



5. COMPROMISO DE SUSTENTABILIDADE NO TURISMO PARA O SECTOR TURÍSTICO PRIVADO

O sector turístico privado é un motor económico fundamental na provincia de Pontevedra e debe ser un dos eixos económicos nos que apoiarse para a transformación sustentable do territorio polo que debe ser respectuoso co medio ambiente e, ao mesmo tempo, xerar riqueza económica á poboación local.

As principais iniciativas que desenvolve o Servizo de Turismo das Rías Baixas para impulsar o sector privado en materia de sustentabilidade son: en primeiro lugar, **a creación dun compromiso de sustentabilidade turística mediante a adhesión a programas que demostraron a súa eficacia noutros destinos (por exemplo, BioSphere). En segundo lugar, o impulso de programas para sensibilizar o sector privado sobre a importancia da igualdade de xénero e o apoderamento das mulleres. En terceiro lugar, o desenvolvemento dun plan de xestión sustentable de festivais para axudar coa promoción e concienciación debido á importancia que ten este tipo de produtos turísticos para o noso territorio. Por último, en cuarto lugar, desenvolveranse manuais e programas para concienciar o sector privado da importancia do uso eficiente dos recursos naturais no sector turístico.**



6. POSTA EN VALOR DO TERRITORIO

O desequilibrio territorial que se leva producindo desde hai anos e que a covid-19 acelerou nos últimos meses fai máis urxente que nunca que se desenvolvan políticas e estratexias para unha correcta distribución da riqueza en relación co sector turístico.

Desde o Servizo de Turismo das Rías Baixas entendemos que debemos centrar os nosos esforzos en potenciar os recursos propios do territorio a través de innovadoras campañas de promoción, que poñan en valor novos produtos e servizos máis sustentables que cubran as demandas dun turista cada vez máis concienciado co medio ambiente e que busca experiencias xenuínas do territorio que visita. Ademais, centraremos esforzos en desenvolver programas que melloren a capacidade de sobrecarga dos recursos turísticos, así como a protección e conservación do propio territorio. Para isto desenvolveremos programas de investigación e transferencia de coñecementos coa academia e seguiremos apostando pola calidade como un dos atributos diferenciais das Rías Baixas.





7. SENSIBILIZACIÓN, CONCIENCIA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

A poboación residente de calquera territorio cumpre unha dobre función con respecto ao desenvolvemento turístico do destino. Por unha banda, as persoas residentes son beneficiarias das políticas e estratexias que levan a cabo no destino e, doutra banda, son receptoras de visitantes e turistas que visitan o territorio. É por isto que para o proceso de transformación en Destino Turístico Intelixente que está a levar a cabo Turismo das Rías Baixas, a implicación das persoas residentes é fundamental.

Incluír as persoas residentes no desenvolvemento turístico non é só unha obriga para o Servizo de Turismo das Rías Baixas xa que é o lugar onde viven, senón que ademais a implicación destas persoas neste desenvolvemento permitirá en cada proceso ofrecer unha mellor experiencia ás persoas visitantes. Son as persoas residentes desde a súa propia conciencia as que custodian o respecto ao medio ambiente e a forma de vida propia do noso territorio. É por tanto fundamental desenvolver estratexias de comunicación multidireccional que permitan transmitir os valores baseados no consumo responsable e de proximidade e que respecten o medio ambiente e os atributos culturais das Rías Baixas. É importante tamén transmitir a forma de vida e traballo que fan das Rías Baixas un lugar

único e que conforman a identidade social do noso territorio.

As principais accións que se desenvolverán dentro deste plano de traballo serán campañas de sensibilización cara aos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable ou ODS (igualdade, traballo decente, apoderamento da muller, etc.). Así mesmo, realizaranse informes sobre a satisfacción dos residentes respecto á actividade turística e, finalmente, desenvolverase unha guía dixital e unha enquisa de satisfacción das persoas visitantes sobre a sustentabilidade do destino.

Dentro da estratexia de sustentabilidade que implantou a Deputación de Pontevedra é importante destacar o papel que vai xogar a economía circular durante os próximos anos e que vai permitir asentar as bases dun modelo turístico baseado no respecto do medio ambiente e concienciado no respecto do legado ás novas xeracións. **É importante destacar o aliñamento das accións en materia de sustentabilidade coa recentemente aprobada Estratexia Española de Economía Circular “España 2030” (EEEC) que senta as bases para impulsar un novo modelo de produción e consumo no que o valor de produtos, materiais e recursos se manteñan na economía durante o maior tempo posible e na que se reduzan ao mínimo a xeración de residuos e se aproveiten co maior alcance posible os que non se poden evitar.**

5.4.5 Accesibilidade

A accesibilidade universal dun territorio intelixente pasa **por desenvolver un turismo que permita o acceso, uso e goce a todas as persoas, sen exclusións, garantindo o dereito á igualdade de oportunidades a gozar dos lugares, bens, servizos, produtos, tecnoloxías, etc. da forma máis segura, cómoda, autónoma e natural posible.** A aplicación da accesibilidade universal presupón a aplicación da estratexia de “deseño universal ou deseño para todas as persoas” e enténdese sen prexuízo dos axustes razoables que deban adoptarse. Doutra banda, ademais de dar resposta a un dereito fundamental das persoas, **a accesibilidade universal constitúe un elemento básico na percepción da calidade da oferta dun destino, representa unha oportunidade de negocio para todo o sector, favorece a desestacionalización e mellora a imaxe do destino, ao se situar como socialmente responsable.**



As Rías Baixas no seu obxectivo de ser certificado como territorio intelixente deben ter a accesibilidade universal como un requisito imprescindible que posibilite o acceso a todo tipo de produtos, servizos e propostas culturais, de natureza ou de lecer, independentemente das características, capacidades ou condicións do potencial visitante. Para iso, **deseñouse un plan de accesibilidade turística que abordou o diagnóstico dos elementos de xestión e de normativa en materia turística e a súa aplicabilidade nos diferentes espazos, infraestruturas e na tecnoloxía que se utiliza de cara ao turista.**

O obxectivo deste plan de accesibilidade, que serve como folia de ruta das accións que o Servizo de Turismo vai levar a cabo dentro deste Plan Estratégico de Turismo 2021-2023, é facer, primeiramente, do propio Servizo de Turismo **un servizo máis accesible tanto no exterior como no seu funcionamento interno.** Para iso, o plan de accesibilidade prevé desenvolver unha serie de accións, por exemplo, establecer ferramentas prácticas e concretas para incorporar de forma transversal os conceptos de accesibilidade a todas as actividades relacionadas co turismo dentro das súas competencias e as amplas áreas que cobre e así mesmo dá conta da importancia que ten sensibilizar o persoal do organismo colaborador e a rede de oficinas TOURISTINFO, as empresas fornecedoras de servizos turísticos, os tour operadores e a totalidade da poboación sobre a importancia do deseño universal como instrumento para poder exercer o dereito ao turismo de todas as persoas en igualdade de condicións.

O actual plan de accesibilidade turística fixa tres grandes planos de actuación para desenvolver no eixo de accesibilidade dentro das competencias que ten o Servizo de Turismo de Rías Baixas. En primeiro lugar, **mellorar as instalacións en materia de accesibilidade das oficinas de turismo TOURISTINFO** a través dun estudo de mellora das oficinas. En segundo lugar, traballar en toda a documentación relacionada co deseño universal da experiencia turística no territorio e, en terceiro lugar, a mellora dos servizos asociados co fin de que, por exemplo, as oficinas dispoñan dun servizo virtual de interpretación en lingua de signos ou documentación en braille.

O segundo gran plano é a **mellora da accesibilidade nos recursos turísticos cuxa xestión recae no Servizo de Turismo das Rías Baixas. Neste sentido, é especialmente relevante que a Deputación quere facer máis accesible o Castelo de Soutomaior e o Palacio de Mendoza.**

O terceiro ámbito de traballo que se inclúe no plan de accesibilidade é todo o referente con recursos **humanos en materia de formación, comunicación de calidade, campañas de sensibilización e promoción de recursos turísticos accesibles.** É importante destacar que as accións que o Servizo de Turismo das Rías Baixas vai levar a cabo en materia de formación e comunicación realizaranse tanto a nivel do persoal interno de Deputación, como aos diferentes actores do ecosistema turístico da provincia de Pontevedra.



06.

Da estratexia á implementación.

Unha vez analizadas as liñas estratéxicas formuladas, que compoñen o corpus do presente plan estratéxico, preséntanse as correspondentes accións operativas que se traballarán en cada unha das liñas.



Cada acción preséntase en formato de ficha de traballo onde se resumen os seguintes campos:

Nome da actuación

Eixo estratéxico ao que corresponde

Dimensións ás que afecta a acción

Descrición xeral co enfoque que se persegue

As diferentes accións que compoñen a acción

Escenario temporal no que se realiza a acción ao longo dos tres anos de execución do Plan Estratégico de Turismo

Responsable da acción

Indicadores para o seguimento da acción

Orzamento asignado

Impacto da acción nos ODS

Aliñamento da acción co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Goberno de España



**A modo xeral, o presente Plan
estratéxico está composto por
46 planos de traballo e 278 ac-
cións operativas, contando cun
investimento superior aos 17
millóns no período 2021-2023.**



6.1 FICHAS DE IMPACTO

EIXE 1 PROMOCIÓN E COMUNICACIÓN

Ficha Nº1	Accións de reforzo da marca Rías Baixas
Ficha Nº2	Promoción e marketing Rías Baixas
Ficha Nº3	Programa Rías Baixas Fest
Ficha Nº4	Accións de comunicación institucional Rías Baixas Sostible
Ficha Nº5	Programa de sensibilización ao sector privado sobre sostenibilidade
Ficha Nº6	Programa de sensibilización ao sector privado sobre a importancia da igualdade de xénero e empoderamento das mulleres
Ficha Nº7	Programa de sensibilización sobre accesibilidade turística e campaña anual sobre senderismo adaptado

EIXE 2 OFERTA TURÍSTICA

Ficha Nº8	Camiños de Santiago Ano Santo 2021 - 2022
Ficha Nº9	Fortaleza Soutomaior
Ficha Nº10	Fortaleza de Sobroso
Ficha Nº11	Ruta dos Fenicios
Ficha Nº12	Trazas de Pontevedra
Ficha Nº13	Ruta dos Xardíns da Camelia
Ficha Nº14	Programa de potenciación de produto ligado ao patrimonio material
Ficha Nº15	Programa de potenciación de produto ligado ao patrimonio inmaterial
Ficha Nº16	Turismo Patrimonio Industrial
Ficha Nº17	Creación de produto turístico sostible
Ficha Nº18	Turismo de natureza e ecoturismo
Ficha Nº19	Turismo científico
Ficha Nº20	Programa Starlight e actividades nocturnas
Ficha Nº21	Turismo de litoral
Ficha Nº22	Turismo de interior
Ficha Nº23	Turismo saudable
Ficha Nº24	Turismo deportivo
Ficha Nº25	Enogastronomía

EIXE 3 COMPETITIVIDADE E REACTIVACIÓN

Ficha Nº26	SICTED
Ficha Nº27	Programa de axudas e subvencións Servicio de Turismo Rías Baixas
Ficha Nº28	Programa de Reactivación COVID-19
Ficha Nº29	Q de Calidade
Ficha Nº30	Programa de adhesión á Red INFO RIASBAIXAS
Ficha Nº31	Dixitalización da Red de oficinas de turismo INFO RIASBAIXAS
Ficha Nº32	Smartpeme
Ficha Nº33	Servizo de asesoramento técnico a concellos e particulares
Ficha Nº34	Turismo MICE, ferias virtuais e workshops
Ficha Nº35	Xestión de programas de sostenibilidade turística (MINETUR)
Ficha Nº36	Programa de Fondos Europeos e Marco de Recuperación e Resiliencia (MRR-Next Generation)

EIXE 4 DESTINO TURÍSTICO INTELIXENTE

Ficha Nº37	Gobernanza e ente xestor DTI
Ficha Nº38	Tourist Inside Rías Baixas
Ficha Nº39	Formación e capacitación eixes DTI
Ficha Nº40	Plan de eficiencia enerxética e hídrica en edificios
Ficha Nº41	Plan de residuos en edificios e concienciación medioambiental
Ficha Nº42	Programa de Vixilancia Competitiva e Intelixencia Turística
Ficha Nº43	Programa de mellora da calidade do emprego
Ficha Nº44	Mellora da mobilidade turística
Ficha Nº45	Fortalecemento da Axenda 2030 e os ODS en turismo
Ficha Nº46	Compromiso de Sostenibilidade

ACCIÓNS DE REFORZO DA MARCA RÍAS BAIXAS



EIXO ESTRATÉXICO

Promoción e comunicación



DIMENSIÓNS QUE ABORDA DENTRO DO EIXO

Comunicación, márketing, gobernanza

A marca turística Rías Baixas ten unha serie de atributos que lle confiren un bo posicionamento dentro da industria e recoñecemento a nivel internacional. Con todo, é imperativo seguir reforzando esta posición da marca nas diferentes canles de comunicación, tanto online como offline. Coa posta en marcha desta liña de acción perséguese fundamentalmente dous obxectivos. En primeiro lugar, conectar coas persoas que son potenciais visitantes permitíndolles descubrir os recursos turísticos da provincia en función dos seus gustos e preferencias, de tal forma que o atractivo da marca non se dilúa na infinidade de canles que existe hoxe en día. E, en segundo lugar, desde o Servizo de Turismo das Rías Baixas seguirase traballando con ferramentas innovadoras para reforzar a presenza da marca turística Rías Baixas na mente de consumidores e consumidoras co obxectivo de seguir conectando cos diferentes segmentos estratéxicos identificados e que vexan no destino un territorio seguro, amable e que convida a ser visitado.



ACCIÓNS OPERATIVAS

01 Xestión da marca mediante o desenvolvemento dun mapa de tendencias para identificar cales son os atributos que mellor sitúan a marca Rías Baixas e tamén aqueles máis relevantes para as persoas usuarias á hora de seleccionar un destino. Así mesmo, implementaranse unha serie de obxectivos de execución e de resultados para seguir reforzando a marca turística ao longo da vida deste plan estratéxico.

04 Potenciación da **presenza en eventos e feiras** para reforzar o posicionamento do territorio. A pandemia afectou especialmente este tipo de iniciativas. Porén, seguiremos traballando co fin de xerar presenza institucional e apoiar o sector privado neste tipo de actos, ben sexa en formato presencial, online ou híbrido.

02 Elaboración dun documento que cimente a visión a longo prazo da marca. Nun momento no que a incerteza xerada pola pandemia golpea de maneira virulenta ao sector turístico, é importante traballar a **visión e misión da marca Rías Baixas** para asentar as bases que permitan volver a unha senda de crecemento unha vez se normalice a situación sanitaria.

05 **Articulación dun storytelling** que vincule a marca turística con historias que emocionen e apeleen aos sentimentos. Un bo relato ten cada vez máis peso nas novas canles de comunicación e boa mostra diso é o impacto de influencers nas diferentes campañas de promoción dos destinos turísticos. Traballarase no posicionamento mediante ferramentas que asocien a marca cun storytelling atractivo.

03 **Análise estratéxica dos principais atributos da marca** que permita seleccionar aqueles que mellor a representen no novo contexto creado pola covid-19 e de cara ao deseño de futuras campañas de promoción. Atributos como seguridade, saúde, natureza e benestar son algúns dos máis demandados polas persoas que viaxan nos meses actuais.



ESCENARIO TEMPORAL

	1.	2.	3.	4.	5.
2021	X	X	X	X	X
2022	X			X	X
2023	X			X	X



DEPARTAMENTO RESPONSABLE NA DEPUTACIÓN

.Persoa responsable: Técnica de turismo en comunicación.

Entidade colaboradora: Servizo de comunicación da Deputación.



ORZAMENTO

107.000 €



IMPACTO NOS ODS



INDICADORES DE EXECUCIÓN/CONTROL

A continuación, establécense unha serie de indicadores para o seguimento das diferentes accións operativas que se desenvolven dentro desta ficha de acción:

Nº de atributos contemplados

Nº de indicadores/obxectivos de execución

Informe de marca

Nº de eventos/feiras con presenza do Servizo de Turismo das Rías Baixas



ENCAIXE COAS ORIENTACIÓNS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Neste apartado vaise proceder á aliñación coa proposta de “Regulamento sobre o mecanismo de recuperación e resiliencia” elaborada polo Goberno de España. O obxectivo é traballar en coordinación cunha visión que permita medir e impactar nos ámbitos emblemáticos definidos pola Comisión Europea, así como contribuír aos obxectivos do regulamento proposto e ás prioridades para o Semestre Europeo.

FLAGSHIPS DE RECUPERACIÓN DE EUROPA

Ámbitos emblemáticos definidos pola CE

Uso de enerxías renovables	
Eficiencia enerxética dos edificios	
Transporte sustentable e eficiente	
Despregamento de banda larga	
Modernización das AAPP	
Datos e uso da cloud	
Formación e capacitación	X

OBXECTIVOS XERAIS DOS PLANS DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

En relación cos obxectivos xerais que persegue o Goberno de España dentro do Mecanismo de Resiliencia, analízase a contribución desta acción que vai desenvolver o Servizo de Turismo das Rías Baixas:

Obxectivo do PRR

Promoción da cohesión económica, social e territorial da UE	X
Fortalecemento da resiliencia económica e social	X
Mitigación do impacto social e económico da crise	X
Transición dixital	X
Transición ecolóxica	
Equidade (igualdade de oportunidades, protección social, sanidade, educación)	X

ENCAIXE COS EIXOS TRANSVERSAIS

Así mesmo, o Plan de Recuperación do Goberno de España establece 4 eixos transversais nos que traballar. Neste apartado vemos a aliñación desta acción coa visión nacional:

Eixo transversal	Comentario
Transición ecolóxica	
Transformación dixital	X
Igualdade de xénero	X
Cohesión social e territorial	X

ENCAIXE COAS POLÍTICAS DE EFECTO PANCA E LIÑAS DE ACCIÓN

Finalmente, vemos en que políticas de efecto panca encaixa esta acción dentro das 10 que hai establecidas. Estas políticas foron definidas pola súa alta capacidade de arrastre sobre a actividade e o emprego para a modernización da economía e sociedade. A acción que aquí se propón ten o seguinte encaixe:

Obxectivo do PRR

Axenda urbana e despoboamento	X
Infraestruturas e ecosistemas resilientes	
Transición enerxética	
AAPP do século XXI	X
Modernización das pemes e do tecido industrial	
Pacto pola ciencia e a innovación	
Educación, coñecemento e formación	X
Nova economía e emprego	X
Cultura e deporte	
Modernización do sistema fiscal	

PROMOCIÓN E MÁRKETING RÍAS BAIXAS



EIXO ESTRATÉXICO

Promoción e comunicación



DIMENSIÓNS QUE ABORDA DENTRO DO EIXO

Comunicación, promoción, márketing, gobernanza

O presente plan de actuación está centrado en canalizar as diferentes accións que realiza o Servizo de Turismo das Rías Baixas dentro das súas competencias en materia de comunicación e promoción. Aínda que é certo que a covid-19 obriga a reformular moitas das accións do Plan Estratégico, esta liña de traballo é de vital importancia para situar as Rías Baixas como un dos destinos elixidos polos turistas á hora de seleccionar as súas futuras viaxes. As diferentes accións están dirixidas a reforzar os atributos inherentes á marca en materia de seguridade, natureza, patrimonio, cultura, gastronomía e destino de proximidade, dado que estes son os principais motivos que impulsan as persoas a viaxaren na actualidade.



ACCIÓNs OPERATIVAS

01 Identificación e **actualización de segmentos clave** de potenciais turistas e visitantes, dado que a covid-19 está a modificar os patróns e motivacións de viaxe. Turismo das Rías Baixas ten a experiencia, as ferramentas e os recursos turísticos para satisfacer as necesidades de diferentes tipoloxías de viaxeiros e viaxeiras en tempos nos que os destinos de proximidade serán os beneficiados das diferentes limitacións á hora de viaxar.

04 **Planificación das diferentes viaxes de familiarización** (famtrips, presstrips e blogtrips) que se organizarán no próximo trienio. A covid-19 non debe paralizar a axenda de eventos con poder de atracción de prescritores do destino, aínda que indubidablemente é preciso adaptar as condicións á nova situación sanitaria. Conceptualizárase e aprobarase toda a calendarización antes de finalizar o terceiro trimestre do 2021.

02 Organización dun **concurso de creatividade e ideas para desenvolver unha nova imaxe** e deseño de novos folletos e material gráfico para a rede de oficinas de turismo.

05 **Definición da estratexia de promoción e posicionamento** do destino nos diferentes medios offline e online, co obxectivo de que as Rías Baixas siga sendo un destino moi ben valorado tanto polas persoas que viaxan como por todo o ecosistema turístico a nivel local, provincial, nacional e internacional.

03 **Impresión do material promocional** que gañase o concurso de ideas mencionado no punto anterior. Tamén se contratará o **merchandising** do Servizo de Turismo das Rías Baixas e o material necesario para a rede de oficinas de turismo.



ESCENARIO TEMPORAL


	1.	2.	3.	4.	5.
2021	X	X			X
2022	X		X	X	X
2023	X		X	X	X



DEPARTAMENTO RESPONSABLE NA DIPUTACIÓN

Persoa responsable: xefa de servizo

Entidade colaboradora



ORZAMENTO

550.000€



IMPACTO NOS ODS



INDICADORES DE EXECUCIÓN/CONTROL

A continuación, establécense unha serie de indicadores para o seguimento das diferentes accións operativas que se desenvolven dentro desta ficha de acción:

Nº de segmentos identificados

Nº de participantes no concurso

Nº de publicacións

Nº de elementos de merchandising

Nº de famtrips

Nº de presstrips

Nº de blogtrips

Plan de medios



ENCAIXE COAS ORIENTACIÓNS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Neste apartado vaise proceder á aliñación coa proposta de “Regulamento sobre o mecanismo de recuperación e resiliencia” elaborada polo Goberno de España. O obxectivo é traballar en coordinación cunha visión que permita medir e impactar nos ámbitos emblemáticos definidos pola Comisión Europea, así como contribuír aos obxectivos do regulamento proposto e ás prioridades para o Semestre Europeo.

FLAGSHIPS DE RECUPERACIÓN DE EUROPA

Ámbitos emblemáticos definidos pola CE

Uso de enerxías renovables	
Eficiencia enerxética dos edificios	
Transporte sustentable e eficiente	
Despregamento de banda larga	
Modernización das AAPP	
Datos e uso da cloud	
Formación e capacitación	X

OBXECTIVOS XERAIS DOS PLANS DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

En relación cos obxectivos xerais que persegue o Goberno de España dentro do Mecanismo de Resiliencia, analízase a contribución desta acción que vai desenvolver o Servizo de Turismo das Rías Baixas:

Obxectivo do PRR

Promoción da cohesión económica, social e territorial da UE	X
Fortalecemento da resiliencia económica e social	X
Mitigación do impacto social e económico da crise	X
Transición dixital	X
Transición ecolóxica	
Equidade (igualdade de oportunidades, protección social, sanidade, educación)	X

ENCAIXE COS EIXOS TRANSVERSAIS

Así mesmo, o Plan de Recuperación do Goberno de España establece 4 eixos transversais nos que traballar. Neste apartado vemos a aliñación desta acción coa visión nacional:

Eixo transversal	Comentario
Transición ecolóxica	
Transformación dixital	X
Igualdade de xénero	X
Cohesión social e territorial	X

ENCAIXE COAS POLÍTICAS DE EFECTO PANCA E LIÑAS DE ACCIÓN

Finalmente, vemos en que políticas de efecto panca encaixa esta acción dentro das 10 que hai establecidas. Estas políticas foron definidas pola súa alta capacidade de arrastre sobre a actividade e o emprego para a modernización da economía e sociedade. A acción que aquí se propón ten o seguinte encaixe:

Obxectivo do PRR

Axenda urbana e despoboamento	X
Infraestruturas e ecosistemas resilientes	
Transición enerxética	
AAPP do século XXI	X
Modernización das pemes e do tecido industrial	
Pacto pola ciencia e a innovación	
Educación, coñecemento e formación	X
Nova economía e emprego	X
Cultura e deporte	
Modernización do sistema fiscal	

PROGRAMA RÍAS BAIXAS FEST



EIXO ESTRATÉXICO

Promoción e comunicación



DIMENSIÓNS QUE ABORDA DENTRO DO EIXO

Comunicación, produto turístico, eventos

Os festivais das Rías Baixas foron nos últimos anos un gran apoio para a consolidación da marca Rías Baixas como destino cultural, así como para poder activar procesos de desenvolvemento local. A provincia de Pontevedra é un territorio con gran tradición musical e cunha ampla bagaxe en festivais. Co paso dos anos consolidáronse eventos como PortAmérica, Vive Nigrán, Atlantic Fest, Sinsal, Sorrías Baixas, O Marisquiño e Revenidas, creando así o RíasBaixasFest, cunha personalidade propia e localizacións únicas no destino. Tendo en conta este gran peso estratéxico, creouse un Plan de Xestión de Turismo de Festivais para que, a partir dunha análise e diagnóstico da situación, fose posible implantar unha metodoloxía de traballo que permita optimizar a toma de decisións.



ACCIÓN OPERATIVAS

01 Impulso dun **modelo de xestión e administración do turismo de festivais**.

04 1Fomento da **creación de produtos turístico-musicais** dirixidos a persoas cuxa principal motivación de desprazamento sexa a asistencia a un festival. Os paquetes incluírán toda a loxística da viaxe, incluíndo a xestión das entradas, e complementaranse con experiencias ou actividades que permitirán coñecer o destino, a súa gastronomía, o seu patrimonio e/ou os seus recursos naturais. O desenvolvemento desta acción poderá apoiarse na celebración de obradoiros con axencias de receptivo.

02 Definición de accións de **promoción e comunicación de Rías Baixas Fest** co obxectivo de incrementar a visibilidade e notoriedade da marca entre o público e para aproveitar o potencial de fidelización dos festivais. Farase un especial fincapé no posicionamento online e definiranse estratexias de segmentación que contemplen actuacións dirixidas a segmentos profesionais e ao público en xeral.

05 Fomento da **economía circular** no desenvolvemento dos festivais, así como de calquera outra medida que implique unha redución da pegada de carbono.

03 1Elaboración da **Guía de Festivais de Música** da provincia de Pontevedra.



ESCENARIO TEMPORAL


	1.	2.	3.	4.	5.
2021	X				X
2022		X	X	X	X
2023		X	X	X	X



DEPARTAMENTO RESPONSABLE NA DIPUTACIÓN

Persoa responsable: xefa de servizo

Entidade colaboradora:



ORZAMENTO

676.600€



IMPACTO NOS ODS



INDICADORES DE EXECUCIÓN/CONTROL

A continuación, establécense unha serie de indicadores para o seguimento das diferentes accións operativas que se desenvolven dentro desta ficha de acción:

Nº de festivais pertencentes á marca Rías Baixas Fest

Nº de accións de networking

Nº de axentes identificados na industria musical da provincia

Nº de accións de comunicación

Nº de publicacións

Nº de paquetes turísticos creados

Nº de informes de impacto



ENCAIXE COAS ORIENTACIÓNS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Neste apartado vaise proceder á aliñación coa proposta de “Regulamento sobre o mecanismo de recuperación e resiliencia” elaborada polo Goberno de España. O obxectivo é traballar en coordinación cunha visión que permita medir e impactar nos ámbitos emblemáticos definidos pola Comisión Europea, así como contribuír aos obxectivos do regulamento proposto e ás prioridades para o Semestre Europeo.

FLAGSHIPS DE RECUPERACIÓN DE EUROPA

Ámbitos emblemáticos definidos pola CE

Uso de enerxías renovables

Eficiencia enerxética dos edificios

Transporte sustentable e eficiente

Despregamento de banda larga

Modernización das AAPP

Datos e uso da cloud

Formación e capacitación

OBXECTIVOS XERAIS DOS PLANS DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

En relación cos obxectivos xerais que persegue o Goberno de España dentro do Mecanismo de Resiliencia, analízase a contribución desta acción que vai desenvolver o Servizo de Turismo das Rías Baixas:

Obxectivo do PRR

Promoción da cohesión económica, social e territorial da UE	X
Fortalecemento da resiliencia económica e social	X
Mitigación do impacto social e económico da crise	X
Transición dixital	
Transición ecolóxica	
Equidade (igualdade de oportunidades, protección social, sanidade, educación)	X

ENCAIXE COS EIXOS TRANSVERSAIS

Así mesmo, o Plan de Recuperación do Goberno de España establece 4 eixos transversais nos que traballar. Neste apartado vemos a aliñación desta acción coa visión nacional:

Eixo transversal	Comentario
Transición ecolóxica	
Transformación dixital	
Igualdade de xénero	X
Cohesión social e territorial	X

ENCAIXE COAS POLÍTICAS PANCA E LIÑAS DE ACCIÓN

Finalmente, vemos en que políticas de efecto panca encaixa esta acción dentro das 10 que hai establecidas. Estas políticas foron definidas pola súa alta capacidade de arrastre sobre a actividade e o emprego para a modernización da economía e sociedade. A acción que aquí se propón ten o seguinte encaixe:

Obxectivo do PRR

Axenda urbana e despoboamento	
Infraestruturas e ecosistemas resilientes	
Transición enerxética	
AAPP do século XXI	
Modernización das pemes e do tecido industrial	
Pacto pola ciencia e a innovación	
Educación, coñecemento e formación	
Nova economía e emprego	X
Cultura e deporte	X
Modernización do sistema fiscal	

ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL RÍAS BAIXAS SUSTENTA-



EIXO ESTRATÉXICO

Promoción e comunicación



DIMENSIÓNS QUE ABORDA DENTRO DO EIXO

Comunicación, promoción, marketing, gobernanza, sustentabilidade

A Deputación de Pontevedra ten o compromiso de impulsar a evolución do modelo turístico das Rías Baixas cara a un modelo máis sustentable. Para alcanzar esta meta, ademais de ter unhas liñas de acción operativa ben definidas, é necesario que todo o sector público nos diferentes niveis da administración traballe de maneira conxunta e coa mesma visión. Por iso, esta liña de traballo vai encamiñada a realizarmos unha serie de accións de comunicación no plano da administración pública que permita compartir visións e enfoques en materia de sustentabilidade para que todos os axentes públicos da provincia traballen para aliñarnos coa Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS).



ACCIÓNS OPERATIVAS

01 Incremento da colaboración e **comunicación entre administracións** a través de novos e estables acordos de cooperación entre Deputación, concellos, Xunta e goberno central a prol do turismo na provincia.

02 Realización de **xornadas de sensibilización** en diferentes concellos da provincia para difundir boas prácticas ambientais e impulsar labores de inventariado das zonas verdes co obxectivo de visibilizalas e ao mesmo tempo minorar o impacto da actividade turística nos ecosistemas naturais como montañas, mares, ríos e/ou encoros.

03 Impulso de accións **a favor do turismo sustentável** no marco de traballo das redes de municipios impulsadas por diferentes institucións a nivel provincial, autonómico e estatal.

04 Divulgación da **axenda de acción local a favor dos ODS** con entes supramunicipais, especialmente mancomunidades, para xerar sinerxías entre municipios lindeiros. Realizaranse presentacións para dar a coñecer esta axenda ao equipo xestor do destino e ao conxunto de áreas de cada concello.

05 Difusión entre funcionariado e demais persoas traballadoras da administración pública das diferentes opcións existentes de formación **online relacionada cos ODS e a Axenda 2030**.

06 Fomento da incorporación de criterios **de sustentabilidade na contratación pública** na área de turismo.



ESCENARIO TEMPORAL

	1.	2.	3.	4.	5.	6.
2021	X	X	X	X	X	
2022	X	X	X	X	X	X
2023	X	X	X	X	X	



DEPARTAMENTO RESPONSABLE NA DEPUTACIÓN

Persoa responsable: técnica de turismo en comunicación

Entidade colaboradora: outras administracións



ORZAMENTO 45.000€



IMPACTO NOS ODS



INDICADORES DE EXECUCIÓN/CONTROL

Finalmente, vemos en que políticas de efecto panca encaixa esta acción dentro das 10 que hai establecidas. Estas políticas foron definidas pola súa alta capacidade de arrastre sobre a actividade e o emprego para a modernización da economía e sociedade. A acción que aquí se propón ten o seguinte encaixe:

Obxectivo do PRR

Axenda urbana e despoboamento	
Infraestruturas e ecosistemas resilientes	
Transición enerxética	
AAPP do século XXI	X
Modernización das pemes e do tecido industrial	
Pacto pola ciencia e a innovación	
Educación, coñecemento e formación	X
Nova economía e emprego	X
Cultura e deporte	
Modernización do sistema fiscal	

EIXO 3 · COMPETITIVIDADE E REACTIVACIÓN

FICHA Nº32

SMARTPEME



EIXO ESTRATÉXICO

Competitividade e reactivación



DIMENSIÓNS QUE ABORDA DENTRO DO EIXO

Pemes, Innovación, Tecnoloxía

Un destino turístico intelixente debe forxar un carácter innovador que permita ás súas pemes adoptar novas ferramentas tecnolóxicas e gañar en competitividade. A Deputación de Pontevedra é consciente desta necesidade e por iso SmartPeme leva anos traballando en termos de innovación con toda a cadea de valor turística do destino, especialmente mediante o apoio a persoas emprendedoras e ás pemes. Esta actuación pretende dar continuidade ao servizo de asesoramento no uso das TIC orientado ao tecido empresarial turístico, co obxectivo de axudar as empresas da provincia a impulsaren novos servizos e a seren máis competitivas.



ACCIÓNS OPERATIVAS

01 Impulso de TurisTIC, programa de carácter tecnolóxico específico para o sector turístico, para favorecer o uso das novas tecnoloxías e a adaptación dixital das pemes turísticas, dotándoas de ferramentas para mellorar a súa competitividade e eficiencia.

1.1. Aceleradora de Turismo. O programa ten como principal obxectivo servir de apoio e guía para a mellora das empresas do sector turístico, ou doutros sectores relacionados, mediante a incorporación de novas tecnoloxías vinculadas ás actividades clave de cada negocio. Para iso, desenvólvense distintas actividades de capacitación tecnolóxica nas sete oficinas da rede SmartPeme e préstase asesoramento personalizado a demanda, ademais doutras actividades, como este programa de aceleración de empresas do sector.

1.2. Xornada Turistic. Xornada coa presenza de profesionais do sector turístico e das novas tecnoloxías. Analízanse as oportunidades e desafíos para o sector turístico, a transformación dixital no sector, retos ante a nova era covid-19, turismo sustentable, etc.

1.3. Showroom da Aceleradora de Turismo. As empresas que completaron a súa transformación dixital na Aceleradora de TurisTIC participan no showroom onde dan a coñecer os seus produtos.

1.4. Reto relativo ao desenvolvemento de solucións innovadoras. Accións multisectoriais que contan con solucións para o sector turístico.

02 Difusión entre o tecido empresarial turístico de servizos **transversais de asesoramento baseados no uso das TIC no ámbito empresarial.** Contémplase mentorización e acompañamento en materias como presenza 2.0, imaxe, software de xestión e/ou ferramentas ofimáticas.

03 Aproveitamento de SmartPeme Impulsa para capacitar empresas do sector a asumiren procesos de mellora da competitividade global do negocio. Abordaranse temáticas relacionadas co crecemento empresarial, a innovación e a internacionalización.

04 Apoio no Centro Provincial de Economía Dixital para identificar novas solucións tecnolóxicas singulares para o sector e para a organización de accións demostradoras en materias como Big Data, Intelixencia artificial, realidade aumentada ou realidade virtual, impresión 3D, robótica e ciberseguridade.



ESCENARIO TEMPORAL


	1	2	3	4
2021	X	X	X	X
2022	X	X	X	X
2023				



DEPARTAMENTO RESPONSABLE EN DIPUTACIÓN

Persoa responsable: Técnica de turismo en competitividade

Entidade colaboradora: Servizo de novas tecnoloxías Deputación



ORZAMENTO

1.266.870€



IMPACTO NOS ODS



INDICADORES DE EXECUCIÓN/CONTROL

A continuación, establécense unha serie de indicadores para o seguimento das diferentes accións operativas que se desenvolven dentro desta ficha de acción:

Nº de empresas beneficiarias de TurisTIC

Nº de empresas beneficiarias de SmartPeme Impulsa

Nº de accións de demostración organizadas

Nº de asistentes ás accións de demostración



ENCAIXE COAS ORIENTACIÓN DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Neste apartado vaise proceder á aliñación coa proposta de “Regulamento sobre o mecanismo de recuperación e resiliencia” elaborada polo Goberno de España. O obxectivo é traballar en coordinación cunha visión que permita medir e impactar nos ámbitos emblemáticos definidos pola Comisión Europea, así como contribuír aos obxectivos do regulamento proposto e ás prioridades para o Semestre Europeo.

FLAGSHIPS DE RECUPERACIÓN DE EUROPA

Ámbitos emblemáticos definidos pola CE

Uso de enerxías renovables	
Eficiencia enerxética dos edificios	
Transporte sustentable e eficiente	
Despregamento de banda larga	
Modernización das AAPP	
Datos e uso da cloud	X
Formación e capacitación	X

OBXECTIVOS XERAIS DOS PLANS DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

En relación cos obxectivos xerais que persecue o Goberno de España dentro do Mecanismo de Resiliencia, analízase a contribución desta acción que vai desenvolver o Servizo de Turismo das Rías Baixas:

Obxectivo do PRR

Promoción da cohesión económica, social e territorial da UE	X
Fortalecemento da resiliencia económica e social	X
Mitigación do impacto social e económico da crise	X
Transición dixital	X
Transición ecolóxica	
Equidade (igualdade de oportunidades, protección social, sanidade, educación)	X

ENCAIXE COS EIXOS TRANSVERSAIS

Así mesmo, o Plan de Recuperación do Goberno de España establece 4 eixos transversais nos que traballar. Neste apartado vemos a aliñación desta acción coa visión nacional:

Eixo transversal	Comentario
Transición ecolóxica	
Transformación dixital	X
Igualdade de xénero	X
Cohesión social e territorial	X

ENCAIXE COAS POLÍTICAS DE EFECTO PANCA E LIÑAS DE ACCIÓN

Finalmente, vemos en que políticas de efecto panca encaixa esta acción dentro das 10 que hai establecidas. Estas políticas foron definidas pola súa alta capacidade de arrastre sobre a actividade e o emprego para a modernización da economía e sociedade. A acción que aquí se propón ten o seguinte encaixe:

Obxectivo do PRR

Axenda urbana e despoboamento	
Infraestruturas e ecosistemas resilientes	
Transición enerxética	
AAPP do século XXI	X
Modernización das pemes e do tecido industrial	X
Pacto pola ciencia e a innovación	X
Educación, coñecemento e formación	X
Nova economía e emprego	X
Cultura e deporte	
Modernización do sistema fiscal	

SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO A CONCELLOS E PARTICULARES



EIXO ESTRATÉXICO

Competitividade e reactivación



DIMENSIÓNS QUE ABORDA DENTRO DO EIXO

Comunidade Local, gobernanza

Unha óptima gobernanza é un elemento clave para a transformación intelixente do destino. Neste sentido, o Servizo de Turismo das Rías Baixas presta servizos de asesoramento técnico personalizado ás entidades locais e a entidades do sector turístico, coa finalidade de dar soporte técnico na xestión e desenvolvemento das súas competencias. A Deputación de Pontevedra é consciente de que unha maior fortaleza do todo o ecosistema turístico das Rías Baixas redundará nun maior valor engadido achegado ás persoas que visitan o destino e, por extensión, nunha maior competitividade de toda a cadea de valor. Nesta actuación enmarcaranse tamén actividades formativas en colaboración con centros de formación en turismo, para facilitar a realización de prácticas titorizadas de alumnado.



ACCIÓN OPERATIVAS

01 Prestación dun **servizo de asesoramento técnico a entidades locais** (municipios, mancomunidades) en materia de xestión e promoción do destino. O asesoramento irá enfocado a homoxeneizar as estratexias de diferentes niveis da administración e aliñar os seus obxectivos. Contémplase apoio nas seguintes materias:

- 1.1. Asesoramento legal en competencias turísticas
- 1.2. Asistencia técnica en programas
- 1.3. Asistencia e colaboración en tribunais de selección de persoal
- 1.4. Formación de persoas que realizan tarefas de información turística
- 1.5. Asistencia técnica en xestión de estatísticas

02 **Colaboración con centros educativos** que ofertan formación en turismo para a posta en marcha de programas de prácticas que faciliten a inserción laboral das persoas recentemente tituladas. Prestarase asesoramento técnico aos centros e guiarase e titorizará o alumnado beneficiario.

03 **Asesoramento técnico a particulares e empresas** do sector turístico, principalmente enfocado a lles facilitar acceso á información para a toma de decisións nos seus negocios. Inclúese neste servizo o fornecemento de información sobre o destino e a asistencia técnica na interpretación de estatísticas.



ESCENARIO TEMPORAL

	1.	2.	3.
2021	X	X	X
2022	X	X	X
2023	X	X	X



DEPARTAMENTO RESPONSABLE EN DIPUTACIÓN

Persoa responsable: Xefa de servizo

Entidade colaboradora:



ORZAMENTO



IMPACTO NOS ODS



INDICADORES DE EXECUCIÓN/CONTROL

A continuación, establécense unha serie de indicadores para o seguimento das diferentes accións operativas que se desenvolven dentro desta ficha de acción:

Nº de asistencia técnicas a concellos.

Nº de asistencia a tribunais

Nº de informadores/as turísticos formados

Nº de informes de estadísticas exportados

Nº de convenios con centros formativos

Nº de alumnos/as titorizados/as

Nº de servizos a particulares e/ou empresas



ENCAIXE COAS ORIENTACIÓN DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Neste apartado vaise proceder á aliñación coa proposta de “Regulamento sobre o mecanismo de recuperación e resiliencia” elaborada polo Goberno de España. O obxectivo é traballar en coordinación cunha visión que permita medir e impactar nos ámbitos emblemáticos definidos pola Comisión Europea, así como contribuír aos obxectivos do regulamento proposto e ás prioridades para o Semestre Europeo.

FLAGSHIPS DE RECUPERACIÓN DE EUROPA

Ámbitos emblemáticos definidos pola CE

Uso de enerxías renovables	
Eficiencia enerxética dos edificios	
Transporte sustentable e eficiente	
Despregamento de banda larga	
Modernización das AAPP	X
Datos e uso da cloud	
Formación e capacitación	X

OBXECTIVOS XERAIS DOS PLANS DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

En relación cos obxectivos xerais que persecue o Goberno de España dentro do Mecanismo de Resiliencia, analízase a contribución desta acción que vai desenvolver o Servizo de Turismo das Rías Baixas:

Obxectivo do PRR

Promoción da cohesión económica, social e territorial da UE	X
Fortalecemento da resiliencia económica e social	X
Mitigación do impacto social e económico da crise	X
Transición dixital	
Transición ecolóxica	
Equidade (igualdade de oportunidades, protección social, sanidade, educación)	X

ENCAIXE COS EIXOS TRANSVERSAIS

Así mesmo, o Plan de Recuperación do Goberno de España establece 4 eixos transversais nos que traballar. Neste apartado vemos a aliñación desta acción coa visión nacional:

Eixo transversal	Comentario
Transición ecolóxica	
Transformación dixital	
Igualdade de xénero	X
Cohesión social e territorial	X

ENCAIXE COAS POLÍTICAS DE EFECTO PANCA E LIÑAS DE ACCIÓN

Finalmente, vemos en que políticas de efecto panca encaixa esta acción dentro das 10 que hai establecidas. Estas políticas foron definidas pola súa alta capacidade de arrastre sobre a actividade e o emprego para a modernización da economía e sociedade. A acción que aquí se propón ten o seguinte encaixe:

Obxectivo do PRR

Axenda urbana e despoboamento	
Infraestruturas e ecosistemas resilientes	
Transición enerxética	
AAPP do século XXI	X
Modernización das pemes e do tecido industrial	X
Pacto pola ciencia e a innovación	
Educación, coñecemento e formación	X
Nova economía e emprego	X
Cultura e deporte	
Modernización do sistema fiscal	

TURISMO MICE, FEIRAS VIRTUAIS E OBRADOIROS



EIXO ESTRATÉXICO

Competitividade e reactivación



DIMENSIÓNS QUE ABORDA DENTRO DO EIXO

Comunicación, gobernanza, produto turístico

O MICE foi un dos segmentos que máis sufriu a virulencia da crise ocasionada pola covid-19, afectando especialmente a destinos urbanos. En todo caso, en opinión de boa parte das persoas expertas consultadas durante o proceso participativo de diagnóstico, a pesar da tendencia para implementar ferramentas online para reunións e eventos de traballo, co consecuente aforro en custos e axilización en tempos, espérase que unha vez normalizada a situación se compatibilice co formato presencial, posto que o contacto persoal segue sendo necesario e desexable para establecer unha rede de contactos. Desde Turismo das Rías Baixas apostarase por unha estratexia mixta de accións virtuais e presenciais no curto e medio prazo, co obxectivo de recuperar a demanda para a provincia nun segmento clave polo seu gran potencial desestacionalizador e a súa capacidade de atracción de visitantes cunha capacidade de gasto elevada.



ACCIÓN OPERATIVAS

01 Redefinición da estratexia de feiras para adaptala ao novo contexto ocasionado pola pandemia. Actualizarase a priorización de mercados, cunha aposta forte polo turismo de proximidade no curto prazo e seleccionando cuidadosamente aqueles eventos de carácter internacional nos que Turismo das Rías Baixas terá presenza.

04 Organización de obradoiros, tanto presenciais como virtuais, con empresas de diferentes cidades de España que son mercado obxectivo para o destino. Estudarse a implantación de solucións tecnolóxicas que permitan un formato 100% virtual ou mixto. Así mesmo, contarase con material promocional de soporte para formatos físicos e telemáticos.

02 Impulso da Travel Book Experience, bolsa de contratación turística á que terá acceso o sector privado da provincia e na que poderán establecer contactos comerciais con operadores nacionais e internacionais. Consideraranse formatos virtuais e/ou presenciais.

05 Elaboración de plans de continxencia para aqueles eventos organizados polo Servizo de Turismo das Rías Baixas nos que se opte polo formato presencial, de tal maneira que se definan protocolos de seguridade, hixiénicos e sanitarios, así como medidas de protección para o público asistente e o persoal da organización.

03 Colaboración con conventions bureaux, palacios de congresos e recintos feirais da provincia para a definición conxunta dunha **estratexia de turismo MICE**. O obxectivo é minimizar o impacto da crise no turismo de negocios das Rías Baixas, así como manter os principais eventos recorrentes e captar novas iniciativas.



ESCENARIO TEMPORAL

	1.	2.	3.	4.	5.
2021	X			X	X
2022	X	X	X	X	X
2023	X	X	X	X	X



DEPARTAMENTO RESPONSABLE EN DIPUTACIÓN

Persoa responsable: Xefa de sección

Entidade colaboradora:



ORZAMENTO

350.800€



IMPACTO NOS ODS



INDICADORES DE EXECUCIÓN/CONTROL

A continuación, establécense unha serie de indicadores para o seguimento das diferentes accións operativas que se desenvolven dentro desta ficha de acción:

Nº de feiras

Nº de obradoiros

Nº de famtrips

Nº de edicións da Travel Book Experience

Nº de empresas locais participantes na Travel Book Experience

Nº de operadores nacionais participantes na Travel Book Experience

Nº de operadores internacionais participantes na Travel Book Experience

Nº de axentes turísticos do sector MICE identificados

Nº de accións da estratexia de turismo MICE

Nº de plans de continxencia redactados



ENCAIXE COAS ORIENTACIÓN DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Neste apartado vaise proceder á aliñación coa proposta de “Regulamento sobre o mecanismo de recuperación e resiliencia” elaborada polo Goberno de España. O obxectivo é traballar en coordinación cunha visión que permita medir e impactar nos ámbitos emblemáticos definidos pola Comisión Europea, así como contribuír aos obxectivos do regulamento proposto e ás prioridades para o Semestre Europeo.

FLAGSHIPS DE RECUPERACIÓN DE EUROPA

Ámbitos emblemáticos definidos pola CE

Uso de enerxías renovables	
Eficiencia enerxética dos edificios	
Transporte sustentable e eficiente	
Despregamento de banda larga	
Modernización das AAPP	
Datos e uso da cloud	
Formación e capacitación	X

OBXECTIVOS XERAIS DOS PLANS DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

En relación cos obxectivos xerais que persegue o Goberno de España dentro do Mecanismo de Resiliencia, analízase a contribución desta acción que vai desenvolver o Servizo de Turismo das Rías Baixas:

Obxectivo do PRR

Promoción da cohesión económica, social e territorial da UE	X
Fortalecemento da resiliencia económica e social	X
Mitigación do impacto social e económico da crise	X
Transición dixital	X
Transición ecolóxica	
Equidade (igualdade de oportunidades, protección social, sanidade, educación)	X

ENCAIXE COS EIXOS TRANSVERSAIS

Así mesmo, o Plan de Recuperación do Goberno de España establece 4 eixos transversais nos que traballar. Neste apartado vemos a aliñación desta acción coa visión nacional:

Eixo transversal	Comentario
Transición ecolóxica	
Transformación dixital	X
Igualdade de xénero	X
Cohesión social e territorial	X

ENCAIXE COAS POLÍTICAS DE EFECTO PANCA E LIÑAS DE ACCIÓN

Finalmente, vemos en que políticas de efecto panca encaixa esta acción dentro das 10 que hai establecidas. Estas políticas foron definidas pola súa alta capacidade de arrastre sobre a actividade e o emprego para a modernización da economía e sociedade. A acción que aquí se propón ten o seguinte encaixe:

Obxectivo do PRR

Axenda urbana e despoboamento	X
Infraestruturas e ecosistemas resilientes	X
Transición enerxética	
AAPP do século XXI	
Modernización das pemes e do tecido industrial	X
Pacto pola ciencia e a innovación	
Educación, coñecemento e formación	X
Nova economía e emprego	X
Cultura e deporte	
Modernización do sistema fiscal	

XESTIÓN DE PROGRAMAS DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA (MINETUR)



EIXO ESTRATÉXICO

Competitividade e reactivación



DIMENSIÓNS QUE ABORDA DENTRO DO EIXO

Sustentabilidade, gobernanza, competitividade, intelixencia, mobilidade, produto turístico, infraestruturas, tecnoloxía.

O Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos xestionado pola Secretaría de Estado de Turismo do Goberno de España representa o principal instrumento de intervención da administración turística española no proceso de transformación do sector. O obxectivo deste programa é avanzar na evolución dos destinos turísticos cara a un modelo baseado na sustentabilidade e, por iso, a Deputación de Pontevedra considera estratéxico traballar nesta liña para poder presentar proxecto ás convocatorias que lance o Goberno. No curto prazo, este plan de actuación inclúe a presentación de dúas candidaturas de proxectos á convocatoria ordinaria do ano 2021 (Comarcas do Deza, Tabeirós-Terra de Montes e comarcas do Condado e da Paradanta). A medio prazo contéplase o deseño de plans e proxectos adicionais que poidan ser presentados en futuras convocatorias, ordinarias ou extraordinarias, e que permitan ás Rías Baixas seguir avanzando na visión de ser un destino sustentable e aliñado cos ODS da Axenda 2030 de Nacións Unidas, así como reforzar accións que garantan que o territorio ofrezca un turismo seguro en tempos posteriores á Covid-19.



ACCIÓNS OPERATIVAS

01 **Presentación do Plan de Sustentabilidade Turística das comarcas do Deza, Tabeirós-Terra de Montes**

á convocatoria ordinaria do ano 2021. O proxecto consta de 5 eixos de actuación: 1) Planificación, gobernanza e xestión do destino turístico sustentable; 2) Estruturação da oferta turística e creación de produtos turísticos sustentables; 3) Promoción e comercialización do destino turístico sustentable; 4) Crecemento sustentable e transición ecolóxica do sector turístico; 5) Formación e transformación competitiva.

Farase especial énfase no turismo de natureza, ecoturismo, turismo activo, turismo cultural, turismo gastronómico, turismo científico, turismo cinematográfico e turismo asociado a eventos deportivos.

04 **Execución daqueles plans presentados que sexan aprobados pola Secretaría de Estado.**

Ademais de implementar as diferentes medidas estipuladas no proxecto, o Servizo de Turismo das Rías Baixas encargárase de elaborar a documentación de xustificación necesaria e requirida. Para iso, procederáase a incorporar no equipo do Servizo de Turismo das Rías Baixas un perfil técnico que axude na xestión do desenvolvemento dos devanditos plans.

02 **Presentación do Plan de Sustentabilidade Turística das comarcas do Condado e da Paradanta**

á convocatoria ordinaria do ano 2021. O proxecto consta de 4 eixos de actuación: 1) Planificación, gobernanza e xestión do destino turístico sustentable; 2) Formación e sensibilización en turismo sustentable e transición ecolóxica; 3) Mellora da oferta turística e creación de produtos turísticos sustentables; 4) Promoción e comercialización do destino turístico sustentable.

Farase un especial énfase no turismo de natureza, ecoturismo, turismo activo, turismo de saúde e benestar, turismo cultural e turismo gastronómico.

03 **Identificación de oportunidades e elaboración de memorias que se presentarán en futuras convocatorias do programa.**

Os alcances dos plans que se puidesen presentar permitirán unha ampla tipoloxía de actuacións como, por exemplo: embelecemento e restauración ambiental, mellora da mobilidade turística, certificacións de sustentabilidade, adaptación ao cambio climático, intelixencia de mercados turísticos, desconxestionamento de zonas de alta afluencia, sinalización, creación de novos produtos turísticos, etc.



ESCENARIO TEMPORAL

	1.	2.	3.	4.
2021	X	X	X	X
2022				X
2023				X



DEPARTAMENTO RESPONSABLE EN DIPUTACIÓN

Persoa responsable: Xefa de servizo

Entidade colaboradora: Servizo de recursos humanos Diputación



ORZAMENTO 7.000.000€

Cómpre sinalar neste apartado que o orzamento destinado a esta actuación é flexible e servirá para incrementar o impacto inicial do plan, a través das achegas necesarias para o cofinanciamento dos diferentes proxectos.



IMPACTO NOS ODS



INDICADORES DE EXECUCIÓN/CONTROL

A continuación, establécense unha serie de indicadores para o seguimento das diferentes accións operativas que se desenvolven dentro desta ficha de acción:

Nº de proxectos presentados

Nº de proxectos aprobados

Financiamento conseguido

Cofinanciamento achegado



ENCAIXE COAS ORIENTACIÓNS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Neste apartado vaise proceder á aliñación coa proposta de “Regulamento sobre o mecanismo de recuperación e resiliencia” elaborada polo Goberno de España. O obxectivo é traballar en coordinación cunha visión que permita medir e impactar nos ámbitos emblemáticos definidos pola Comisión Europea, así como contribuír aos obxectivos do regulamento proposto e ás prioridades para o Semestre Europeo.

FLAGSHIPS DE RECUPERACIÓN DE EUROPA

Ámbitos emblemáticos definidos pola CE

Uso de enerxías renovables	
Eficiencia enerxética dos edificios	
Transporte sustentable e eficiente	X
Despregamento de banda larga	
Modernización das AAPP	X
Datos e uso da cloud	
Formación e capacitación	X

OBXECTIVOS XERAIS DOS PLANS DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

En relación cos obxectivos xerais que persecue o Goberno de España dentro do Mecanismo de Resiliencia, analízase a contribución desta acción que vai desenvolver o Servizo de Turismo das Rías Baixas:

Obxectivo do PRR

Promoción da cohesión económica, social e territorial da UE	X
Fortalecemento da resiliencia económica e social	X
Mitigación do impacto social e económico da crise	X
Transición dixital	X
Transición ecolóxica	X
Equidade (igualdade de oportunidades, protección social, sanidade, educación)	X

ENCAIXE COS EIXOS TRANSVERSAIS

Así mesmo, o Plan de Recuperación do Goberno de España establece 4 eixos transversais nos que traballar. Neste apartado vemos a aliñación desta acción coa visión nacional:

Eixo transversal	Comentario
Transición ecolóxica	X
Transformación dixital	X
Igualdade de xénero	X
Cohesión social e territorial	X

ENCAIXE COAS POLÍTICAS DE EFECTO PANCA E LIÑAS DE ACCIÓN

Finalmente, vemos en que políticas de efecto panca encaixa esta acción dentro das 10 que hai establecidas. Estas políticas foron definidas pola súa alta capacidade de arrastre sobre a actividade e o emprego para a modernización da economía e sociedade. A acción que aquí se propón ten o seguinte encaixe:

Obxectivo do PRR

Axenda urbana e despoboamento	X
Infraestruturas e ecosistemas resilientes	X
Transición enerxética	
AAPP do século XXI	X
Modernización das pemes e do tecido industrial	
Pacto pola ciencia e a innovación	
Educación, coñecemento e formación	
Nova economía e emprego	X
Cultura e deporte	
Modernización do sistema fiscal	

PROGRAMA DE FONDOS EUROPEOS E MARCO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA (MRR-NEXT GENERATION)



EIXO ESTRATÉXICO

Competitividade e reactivación



DIMENSIÓNS QUE ABORDA DENTRO DO EIXO

Sustentabilidade, gobernanza, competitividade, intelixencia, mobilidade, produto turístico, infraestruturas, cambio climático

A necesaria recuperación do sector turístico a nivel global ten un apoio estratéxico na aplicación dos fondos europeos, en especial no plan de recuperación e resiliencia, tamén denominado coas palabras inglesas “Next Generation”. Tradicionalmente, os fondos europeos axudaron a desenvolver proxectos turísticos estratéxicos na provincia, como o Interreg “Visit Rio Minho” ou o proxecto de DTI “Tourist Inside”, que constitúen dúas mostras de como a captación de fondos europeos é decisiva para poder desenvolver o destino. No marco do marco de recuperación e resiliencia, o turismo é o único sector cun compoñente propio no conxunto de investimentos (Compoñente 14: Plan de modernización e competitividade do sector turístico). Os fondos “Next Generation” serán un instrumento clave para a transformación das Rías Baixas nun destino sustentable e dixital, no desenvolvemento económico e social da provincia e vector de reequilibrio rural-interior.



ACCIÓN OPERATIVAS

01 Plans de Sustentabilidade Turística: a través das diferentes convocatorias ordinarias e extraordinarias, presentaranse diferentes proxectos a nivel comarcal que permitan unha ampla tipoloxía de actuacións como, por exemplo: embelecemento e restauración ambiental, mellora da mobilidade turística, certificacións de sustentabilidade, adaptación ao cambio climático, intelixencia de mercados turísticos, desconxestionamento de zonas de alta afluencia, sinalización, creación de novos produtos turísticos, etc.

04 Accións para o **fomento da economía circular** no destino, tanto no sector público como nas empresas, para a implementación de proxectos de redución, reutilización e reciclado de recursos.

02 Cooperación territorial, a través do novo programa Interreg para o período 2021-2027, que permitirá profundar nos proxectos iniciados con “Visit Río Minho”, e a través da cooperación das diferentes eurociudades da fronteira.

03 Actividades para o **desenvolvemento de clubs de produto turístico**, contemplados no marco de recuperación e resiliencia, que poderían pivotar sobre produtos actuais como os roteiros do viño e a camelia ou novos produtos como o do turismo industrial, mais nos que será clave a articulación do sector público e privado.



ESCENARIO TEMPORAL

	1.	2.	3.	4.	5.	6.	7.	8.
2021	X	X	X	X	X	X	X	X
2022	X	X	X	X	X	X	X	X
2023	X	X	X	X	X	X	X	X



DEPARTAMENTO RESPONSABLE EN DIPUTACIÓN

Persoa responsable: Xefa de servizo

Entidade colaboradora:



ORZAMENTO



IMPACTO NOS ODS



INDICADORES DE EXECUCIÓN/CONTROL

Dada a diversidade de proxectos e tipoloxías que poden presentarse nos próximos anos, é imposible establecer unha batería completa de indicadores, aínda que e como mínimo, propóñense os seguintes indicadores de control e seguimento:

Nº proxectos presentados/aprobados

Financiamento conseguido

Cofinanciamento achegado



ENCAIXE COAS ORIENTACIÓNS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Neste apartado vaise proceder á aliñación coa proposta de “Regulamento sobre o mecanismo de recuperación e resiliencia” elaborada polo Goberno de España. O obxectivo é traballar en coordinación cunha visión que permita medir e impactar nos ámbitos emblemáticos definidos pola Comisión Europea, así como contribuír aos obxectivos do regulamento proposto e ás prioridades para o Semestre Europeo.

FLAGSHIPS DE RECUPERACIÓN DE EUROPA

Ámbitos emblemáticos definidos pola CE

Uso de enerxías renovables	
Eficiencia enerxética dos edificios	
Transporte sustentable e eficiente	X
Despregamento de banda larga	
Modernización das AAPP	X
Datos e uso da cloud	
Formación e capacitación	X

OBXECTIVOS XERAIS DOS PLANS DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

En relación cos obxectivos xerais que persegue o Goberno de España dentro do Mecanismo de Resiliencia, analízase a contribución desta acción que vai desenvolver o Servizo de Turismo das Rías Baixas:

Obxectivo do PRR

Promoción da cohesión económica, social e territorial da UE	X
Fortalecemento da resiliencia económica e social	X
Mitigación do impacto social e económico da crise	X
Transición dixital	X
Transición ecolóxica	X
Equidade (igualdade de oportunidades, protección social, sanidade, educación)	X

ENCAIXE COS EIXOS TRANSVERSAIS

Así mesmo, o Plan de Recuperación do Goberno de España establece 4 eixos transversais nos que traballar. Neste apartado vemos a aliñación desta acción coa visión nacional:

Eixo transversal	Comentario
Transición ecolóxica	X
Transformación dixital	X
Igualdade de xénero	X
Cohesión social e territorial	X

ENCAIXE COAS POLÍTICAS DE EFECTO PANCA E LIÑAS DE ACCIÓN

Finalmente, vemos en que políticas de efecto panca encaixa esta acción dentro das 10 que hai establecidas. Estas políticas foron definidas pola súa alta capacidade de arrastre sobre a actividade e o emprego para a modernización da economía e sociedade. A acción que aquí se propón ten o seguinte encaixe:

Obxectivo do PRR

Axenda urbana e despoboamento	X
Infraestruturas e ecosistemas resilientes	X
Transición enerxética	
AAPP do século XXI	
Modernización das pemes e do tecido industrial	X
Pacto pola ciencia e a innovación	
Educación, coñecemento e formación	
Nova economía e emprego	
Cultura e deporte	
Modernización do sistema fiscal	

GOBERNANZA E ENTE XESTOR DTI



EIXO ESTRATÉGICO

Destino Turístico Intelixente



DIMENSIÓNS QUE ABORDA DENTRO DO EIXO

Comunicación, Gobernanza, Alianzas

Un dos obxectivos principais do presente plan estratéxico para o período 2021-2023 é que o destino Rías Baixas poida ser certificado como o primeiro territorio supramunicipal intelixente baixo a norma UNE 178501, Sistema de xestión dos destinos turísticos intelixentes. Un de eixos principais dun DTI é o de gobernanza, sen a cal é imposible a coordinación e avance de todas as institucións e persoas implicadas na transformación intelixente dun destino turístico. O Servizo de Turismo das Rías Baixas conta coa delegación de competencias turísticas da Deputación de Pontevedra e o seu obxectivo é motivar, dirixir e coordinar a actividade turística da provincia, co fin de proporcionar respostas e oportunidades, baixo un marco de referencia práctico, aos axentes turísticos do destino. Por iso, o Servizo de Turismo das Rías Baixas eríxese como ente xestor do Destino Turístico Intelixente (DTI) Rías Baixas coa responsabilidade, liderado e autoridade suficientes para establecer, implementar, manter e mellorar o sistema de xestión do DTI.



ACCIÓN OPERATIVAS

01 Implementación de medidas que permitan velar pola **mellora continua do sistema de xestión do Destino Turístico Intelixente das Rías Baixas**, mediante a promoción da accesibilidade universal, o uso da innovación e a tecnoloxía para o desenvolvemento dun turismo sustentable a nivel económico, social e ambiental, e para a mellora da experiencia das persoas turistas e a cidadanía.

04 Impulso dunha xestión aberta e participativa para o desenvolvemento turístico, mediante medidas de sensibilización social que fomenten a **interacción entre a cidadanía local o ente xestor es as persoas turistas**.

07 **Garantía de que o Plan Estratégico se implementa acorde aos eixos do DTI**, os cales se constitúen como referencia e guía do modelo de xestión, que dá cumprimento aos obxectivos establecidos.

02 **Liderado dos procesos de gobernanza** do DTI Rías Baixas, acordado en todo momento coa Presidencia da Deputación de Pontevedra e coa Mesa de Turismo.

05 Desenvolvemento dunha comunicación activa mediante a **difusión periódica de plans e obxectivos do DTI**, información institucional, organizativa e presentación de indicadores.

03 Execución de actividades enfocadas a integrar o **tecido turístico local nas accións de desenvolvemento do destino Rías Baixas**, coordinado de forma eficaz con outras políticas e/ou servizos da Deputación de Pontevedra e/ou outras entidades públicas. Establecerase así unha xestión transversal e coherente.

06 **Control, mellora e seguimento das accións**, fomentando a eficacia con respecto á política e obxectivos fixados na eficiencia e optimización de recursos.



ESCENARIO TEMPORAL

	1.	2.	3.	4.	5.	6.	7.
2021	X	X	X	X	X	X	X
2022	X	X	X	X	X	X	X
2023	X	X	X	X	X	X	X



DEPARTAMENTO RESPONSABLE EN DIPUTACIÓN

Persoa responsable: Xefa de servizo

Entidade colaboradora:

1. Servizo de presidencia Deputación
2. Mesa de Turismo



ORZAMENTO

350.800€



IMPACTO NOS ODS



INDICADORES DE EXECUCIÓN/CONTROL

A continuación, establécense unha serie de indicadores para o seguimento das diferentes accións operativas que se desenvolven dentro desta ficha de acción:

Contexto do DTI

Competencia do DTI

Nº de reunións da Mesa de Turismo

Nº de informes / actas

Organigrama do ente xestor

Plan director

Participación cidadá

Nº de contratos publicados na web

Transparencia na xestión

Satisfacción das persoas visitantes

Satisfacción das persoas residentes



ENCAIXE COAS ORIENTACIÓNS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Neste apartado vaise proceder á aliñación coa proposta de “Regulamento sobre o mecanismo de recuperación e resiliencia” elaborada polo Goberno de España. O obxectivo é traballar en coordinación cunha visión que permita medir e impactar nos ámbitos emblemáticos definidos pola Comisión Europea, así como contribuír aos obxectivos do regulamento proposto e ás prioridades para o Semestre Europeo.

FLAGSHIPS DE RECUPERACIÓN DE EUROPA

Ámbitos emblemáticos definidos pola CE

Uso de enerxías renovables

Eficiencia enerxética dos edificios

Transporte sustentable e eficiente

Despregamento de banda larga

Modernización das AAPP

X

Datos e uso da cloud

Formación e capacitación

OBXECTIVOS XERAIS DOS PLANS DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

En relación cos obxectivos xerais que persecue o Goberno de España dentro do Mecanismo de Resiliencia, analízase a contribución desta acción que vai desenvolver o Servizo de Turismo das Rías Baixas:

Obxectivo do PRR

Promoción da cohesión económica, social e territorial da UE

X

Fortalecemento da resiliencia económica e social

X

Mitigación do impacto social e económico da crise

Transición dixital

Transición ecolóxica

Equidade (igualdade de oportunidades, protección social, sanidade, educación)

X

ENCAIXE COS EIXOS TRANSVERSAIS

Así mesmo, o Plan de Recuperación do Goberno de España establece 4 eixos transversais nos que traballar. Neste apartado vemos a aliñación desta acción coa visión nacional:

Eixo transversal	Comentario
Transición ecolóxica	
Transformación dixital	
Igualdade de xénero	X
Cohesión social e territorial	X

ENCAIXE COAS POLÍTICAS DE EFECTO PANCA E LIÑAS DE ACCIÓN

Finalmente, vemos en que políticas de efecto panca encaixa esta acción dentro das 10 que hai establecidas. Estas políticas foron definidas pola súa alta capacidade de arrastre sobre a actividade e o emprego para a modernización da economía e sociedade. A acción que aquí se propón ten o seguinte encaixe:

Obxectivo do PRR

Axenda urbana e despoboamento

Infraestruturas e ecosistemas resilientes

X

Transición enerxética

AAPP do século XXI

X

Modernización das pemes e do tecido industrial

Pacto pola ciencia e a innovación

Educación, coñecemento e formación

X

Nova economía e emprego

Cultura e deporte

Modernización do sistema fiscal

TOURIST INSIDE RÍAS BAIXAS



EIXO ESTRATÉXICO

Destino Turístico Intelixente



DIMENSIÓNS QUE ABORDA DENTRO DO EIXO

Gobernanza, tecnoloxía, innovación, accesibilidade, sustentabilidade

Desde o ano 2015, a Deputación de Pontevedra traballa na aplicación de ferramentas tecnolóxicas que permitan situar as Rías Baixas como un destino innovador, mediante o despregamento de solucións TIC que faciliten a toma de decisións ás empresas e que melloren a experiencia turística das persoas que visitan o destino, á vez que se xestionan de maneira máis eficiente os recursos turísticos da provincia. Tourist Inside é un proxecto que ten como principal obxectivo avanzar na transformación da provincia de Pontevedra como Destino Turístico Intelixente mediante a dotación de hardware e software para a implantación dos compoñentes que permitirán elevar a capacidade competitiva do destino e reforzar a gobernanza do mesmo.



ACCIÓNS OPERATIVAS

- 01** Implantación dunha **Plataforma DTI**, que dotará o destino de intelixencia mellorando a experiencia turística, impulsando a convivencia entre residentes e visitantes, e ofrecendo ao Servizo de Turismo das Rías Baixas como ente xestor unha visión integral do destino que facilitará a toma de decisións e a identificación de oportunidades de negocio orientadas a incrementar a eficiencia, sustentabilidade e calidade dos servizos.
- 02** Procura da excelencia na promoción e comunicación turística na Oficina de Turismo das Rías Baixas e os puntos de información adheridos á Rede INFO RÍASBAIXAS, mediante a **dixitalización** dos mesmos e implantación de servizos interactivos para o impulso da actividade turística.
- 03** Produción dun **xestor de contidos** incorporando a evolución de sistemas actuais (Portal web e SXRT) con novas funcionalidades, de tal forma que sirva tamén como repositorio dos diferentes contidos turísticos, tanto do portal web como da app turística, ou outras canles existentes ou futuras.
- 04** Instalación no territorio de **tótems interactivos** interiores (11) e exteriores (19), que ofrezan información sobre recursos do destino, así como a dotación de **tablets** para recollida de enquisas de satisfacción en puntos de información, que permitirán crear un novo modelo de relación coa cidadanía e as persoas que visitan as Rías Baixas.
- 05** Subministración e instalación dun **mapa interactivo** que ofrecerá información sobre os principais atractivos turísticos da provincia, que será accesible para todos os públicos co obxectivo de favorecer a interacción co visitante en diferentes canles tecnolóxicas de Turismo das Rías Baixas.
- 06** Xeración de **novos contidos dixitais** (realidade en inmersión, visitas virtuais, audio-guías e vídeo-guías) relacionados con recursos turísticos, que faciliten ás persoas usuarias información de interese dunha forma dinámica, atractiva e adaptada ao perfil da persoa visitante do século XXI.
- 07** Deseño e desenvolvemento dunha **aplicación móbil turística** que facilite información ou actividades a realizar no territorio das Rías Baixas.
- 08** Desenvolvemento dun **piloto de Smart Beach** en praia América (Nigrán) para implementar melloras na súa xestión, mediante a incorporación de dispositivos para detección de enchido de papeleiras, controis de afluencia e cámara panorámica, caudalímetros e estación meteorolóxica, tendo como obxectivo reducir a contaminación e ofrecer unha contorna respectuosa co medio ambiente.
- 09** Implementación dunha ferramenta de Customer **Relationship Management (CRM)** para o almacenamento e tratamento de información completa de residentes, visitantes e organizacións, pondo especial énfase na interacción e o coñecemento dos seus intereses relacionados co sector do turismo.
- 10** Despregamento dunha rede de 350 balizas de radio de baixo consumo (**beacons**) ao longo do territorio das Rías Baixas que mellorarán a experiencia das persoas que sexan usuarias da app turística.
- 11** Implantación de **ferramentas de escoita activa** para a análise do comportamento turístico e a satisfacción dos visitantes a través de datos obtidos nas redes sociais e webs vinculadas ás opinións da demanda, que permitan obter información da imaxe de marca de Rías Baixas.
- 12** Creación do equipo **TOURISTIC** para a supervisión e seguimento do despregamento das ferramentas tecnolóxicas que certifiquen a Rías Baixas como un DTI, así como para o control dunha das áreas fundamentais do mesmo, o eixo de tecnoloxía.
- 13** **Capacitación de usuarios e técnicos de operación** para conseguir a independencia no uso das solucións implantadas.



ESCENARIO TEMPORAL

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13
2021		X		X				X		X		X	
2022		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	
2023	X											X	X



DEPARTAMENTO RESPONSABLE EN DIPUTACIÓN

Persoa responsable: Técnica de turismo en intelixencia turística

Entidade colaboradora:

1. Servizo de novas tecnoloxías Deputación
2. Concellos adheridos á Rede INFO RÍAS BAIXAS
3. Red.es



ORZAMENTO 1.944.300€



IMPACTO NOS ODS



INDICADORES DE EXECUCIÓN/CONTROL

A continuación, establécense unha serie de indicadores para o seguimento das diferentes accións operativas que se desenvolven dentro desta ficha de acción:

Capacidade do DTI para o despregamento de sensores: porcentaxe de instalacións turísticas (públicas e privadas) que dispoñen de redes de alta capacidade para o despregamento de sensores IoT e ou tecnoloxías similares

Nº de sesións formativas e/ou capacitación a diferentes perfiles/roles para a xestión da plataforma DTI

Cadros de mando de indicadores

Número de canles de interacción coa persoa turista

Analíticas de medios sociais:

- a. Porcentaxe de seguidores en función das canles
- b. Porcentaxe de visualizacións en función das canles
- c. Nº de comentarios recibidos
- d. Nº de respostas aos comentarios recibidos

Grao de satisfacción das persoas residentes do DTI

Grao de satisfacción dos visitantes ao DTI

Analítica de datos:

- a. Nº de visitantes únicos no portal web
- b. Identificación do dispositivo de acceso
- c. Nº de páxinas vistas por visita no portal web
- d. Duración media da visita
- e. Mapas de calor de clics
- f. Localización das persoas visitantes

Seguimento da unidade de xestión da innovación TOURISTIC:

- a. Nº de reunións mantidas
- b. Nº de informes

Seguimento e control de accións de innovación

a. Porcentaxe do número de accións de innovación en curso respecto ao número total de accións de innovación do DTI

b. Porcentaxe do número de accións de innovación terminadas respecto ao número total de accións de innovación do DTI



ENCAIXE COAS ORIENTACIÓNS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Neste apartado vaise proceder á aliñación coa proposta de “Regulamento sobre o mecanismo de recuperación e resiliencia” elaborada polo Goberno de España. O obxectivo é traballar en coordinación cunha visión que permita medir e impactar nos ámbitos emblemáticos definidos pola Comisión Europea, así como contribuír aos obxectivos do regulamento proposto e ás prioridades para o Semestre Europeo.

FLAGSHIPS DE RECUPERACIÓN DE EUROPA

Ámbitos emblemáticos definidos pola CE

Uso de enerxías renovables

Eficiencia enerxética dos edificios X

Transporte sustentable e eficiente

Despregamento de banda larga X

Modernización das AAPP X

Datos e uso da cloud X

Formación e capacitación X

OBXECTIVOS XERAIS DOS PLANS DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

En relación cos obxectivos xerais que persecue o Goberno de España dentro do Mecanismo de Resiliencia, analízase a contribución desta acción que vai desenvolver o Servizo de Turismo das Rías Baixas:

Obxectivo do PRR

Promoción da cohesión económica, social e territorial da UE X

Fortalecemento da resiliencia económica e social X

Mitigación do impacto social e económico da crise X

Transición dixital X

Transición ecolóxica X

Equidade (igualdade de oportunidades, protección social, sanidade, educación) X

ENCAIXE COS EIXOS TRANSVERSAIS

Así mesmo, o Plan de Recuperación do Goberno de España establece 4 eixos transversais nos que traballar. Neste apartado vemos a aliñación desta acción coa visión nacional:

Eixo transversal	Comentario
Transición ecolóxica	X
Transformación dixital	X
Igualdade de xénero	X
Cohesión social e territorial	X

ENCAIXE COAS POLÍTICAS DE EFECTO PANCA E LIÑAS DE ACCIÓN

Finalmente, vemos en que políticas de efecto panca encaixa esta acción dentro das 10 que hai establecidas. Estas políticas foron definidas pola súa alta capacidade de arrastre sobre a actividade e o emprego para a modernización da economía e sociedade. A acción que aquí se propón ten o seguinte encaixe:

Obxectivo do PRR

Axenda urbana e despoboamento

Infraestruturas e ecosistemas resilientes X

Transición enerxética

AAPP do século XXI X

Modernización das pemes e do tecido industrial X

Pacto pola ciencia e a innovación X

Educación, coñecemento e formación X

Nova economía e emprego X

Cultura e deporte

Modernización do sistema fiscal

FORMACIÓN E CAPACITACIÓN SOBRE OS EIXOS DTI



EIXO ESTRATÉXICO

Destino Turístico Intelixente



DIMENSIÓNS QUE ABORDA DENTRO DO EIXO

Gobernanza, tecnoloxía, innovación, formación, accesibilidade, sustentabilidade, pemes, administración pública

O turismo é un sector en que a dixitalización cambiou a realidade. Aspectos como a comercialización, a selección do destino, as recomendacións ou mesmo a propia experiencia da viaxe transformáronse grazas á tecnoloxía e á innovación, de aí a importancia de que todo o ecosistema turístico estea preparado para abordar os cambios continuos nos que está inmersa a sociedade. Existe unha necesidade de corrixir as deficiencias formativas e de capacitación dos equipos humanos tanto dentro da administración pública como nas pemes debido á escasa dixitalización do sector. O obxecto deste plan de actuación é fomentar a transformación dixital do sector turístico na provincia de Pontevedra mediante unha programación de xornadas, charlas e eventos orientados aos diferentes grupos de interese da cadea de valor sobre temáticas relacionadas cos piares que sosteñen un DTI: innovación, tecnoloxía, accesibilidade e sustentabilidade. A formación terá un enfoque empresarial para a súa posible inclusión na xestión das súas organizacións.



ACCIÓNS OPERATIVAS

01 Posta en marcha dun **ciclo de foros, conferencias e xornadas formativas** cuxos contidos viren ao redor dos diferentes eixos dun DTI, con especial atención ás novas tecnoloxías que permitan optimizar a xestión da empresa (maiores reservas, recoñecemento da marca, creación dunha comunidade vinculada ao establecemento, mellora na relación coa clientela, etc.)

04 Definición dun **plan de comunicación** específico para garantir a difusión de todas as accións divulgativas e formativas, dirixidas tanto ao sector público como ao privado, co obxectivo de acelerar o compromiso de todos os grupos de interese coa evolución de Rías Baixas cara a un DTI. Preténdese chegar ao maior número de empresas e profesionais.

02 Establecemento de mecanismos de **colaboración con entidades organizadoras de accións formativas** transversais que poidan ser de interese para o sector turístico (como as relativas a márketing dixital, comercialización electrónica, sistemas de xestión con soporte dixital, etc.)

05 Capacitación e **accións formativas relacionadas coas ferramentas incluídas no programa Tourist Inside** para o bo uso e funcionamento das mesmas.

03 Identificación de recursos formativos (artigos, vídeos, webinars, etc.) e ferramentas tecnolóxicas que poidan ser de interese para as empresas do sector turístico, coa finalidade de crear **un repositorio**.



ESCENARIO TEMPORAL


	1.	2.	3.	4.	5.
2021	X	X	X	X	
2022	X	X	X	X	
2023	X	X	X	X	X



DEPARTAMENTO RESPONSABLE EN DIPUTACIÓN

Persoa responsable: Xefa de servizo

Entidade colaboradora:



ORZAMENTO

12.000€



IMPACTO NOS ODS



INDICADORES DE EXECUCIÓN/CONTROL

A continuación, establécense unha serie de indicadores para o seguimento das diferentes accións operativas que se desenvolven dentro desta ficha de acción:

Nº de xornadas formativas

Nº de relatores/formadores

Nº de asistentes

Nº de acordos de colaboración con centros formativos

Nº de recursos incluídos no repositorio

Nº de accións de comunicación



ENCAIXE COAS ORIENTACIÓNS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Neste apartado vaise proceder á aliñación coa proposta de “Regulamento sobre o mecanismo de recuperación e resiliencia” elaborada polo Goberno de España. O obxectivo é traballar en coordinación cunha visión que permita medir e impactar nos ámbitos emblemáticos definidos pola Comisión Europea, así como contribuír aos obxectivos do regulamento proposto e ás prioridades para o Semestre Europeo.

FLAGSHIPS DE RECUPERACIÓN DE EUROPA

Ámbitos emblemáticos definidos pola CE

Uso de enerxías renovables	
Eficiencia enerxética dos edificios	
Transporte sustentable e eficiente	
Despregamento de banda larga	
Modernización das AAPP	
Datos e uso da cloud	
Formación e capacitación	X

OBXECTIVOS XERAIS DOS PLANS DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

En relación cos obxectivos xerais que persecue o Goberno de España dentro do Mecanismo de Resiliencia, analízase a contribución desta acción que vai desenvolver o Servizo de Turismo das Rías Baixas:

Obxectivo do PRR

Promoción da cohesión económica, social e territorial da UE	X
Fortalecemento da resiliencia económica e social	X
Mitigación do impacto social e económico da crise	
Transición dixital	
Transición ecolóxica	
Equidade (igualdade de oportunidades, protección social, sanidade, educación)	X

ENCAIXE COS EIXOS TRANSVERSAIS

Así mesmo, o Plan de Recuperación do Goberno de España establece 4 eixos transversais nos que traballar. Neste apartado vemos a aliñación desta acción coa visión nacional:

